Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 27/06/2023 12:33:18
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 121

Sesión plenaria
12 de abril de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación.)

Punto 4. Interpelacións

4.1 50867 (11/INT-002436)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

4.2 51614 (11/INT-002473)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre a contratación publica do Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 21.03.2023

4.3 51738 (11/INT-002480)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o transporte público por estrada
Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 52389 (11/POPX-000101)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas de apoio que está a adoptar o Goberno galego en relación coa defensa dos maiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.2 52392 (11/POPX-000102)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas previstas para evitar o espolio eléctrico de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 51887 (11/POP-008024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre o aproveitamento lúdico das augas termais en Ourense, nomeadamente das Burgas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 52376 (11/PUP-000324)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co funcionamento da Comisión Galega da Competencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

6.3 47488 (11/POP-007292)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e dous deputados/as máis
Sobre a denegación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da solicitude de subvención do Concello de Melide na actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

6.4 51304 (11/POP-007939)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da normativa medioambiental vixente e os dereitos da veciñanza da zona da fábrica Tableros Hispanos S.L.U., en Nadela, Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

6.5 45495 (11/POP-006708)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre a posición da Xunta de Galicia diante da nova proba da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, dos criterios de avaliación, do calendario de implantación e da proba de madurez
Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.6 51425 (11/POP-007953)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis
Sobre a postura do Goberno galego en relación coas declaracións da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade a un medio radiofónico respecto do Goberno do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

6.7 52363 (11/PUP-000322)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre os acordos acadados na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organización sindicais e a Consellería de Sanidade sobre o ámbito da Atención Primaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.8 52373 (11/PUP-000323)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a cobertura das prazas de pediatría no centro de saúde do concello de Bueu
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de apoio que está a adoptar o Goberno galego en relación coa defensa dos maiores. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez(S).* (Páx. 9.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 10.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas para evitar o espolio eléctrico de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Internacional do Pobo Xitano, que se aproba por asentimento. (Páx. 22.)

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 23.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López).* (Páx. 26.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 30.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López).* (Páx. 32.)

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación publica do Servizo Galego de Saúde. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 35.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 38.)
Réplica da autora *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 41.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 43.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o transporte público por estrada. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 45.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 48.)
Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 51.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 52.)

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o aproveitamento lúdico das augas termais en Ourense, nomeadamente das Burgas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 54.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 55.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 56.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 57.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co funcionamento da Comisión Galega da Competencia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 58.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 59.)
Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 60.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 60.)

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a denegación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da solicitude de subvención do Concello de Melide na actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Seco García (S).* (Páx. 61.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 63.)

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 64.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 65.)

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da normativa medioambiental vixente e os dereitos da veciñanza da zona da fábrica Tableros Hispanos S.L.U., en Nadela, Lugo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 66.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 67.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 68.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 69.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a posición da Xunta de Galicia diante da nova proba da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, dos criterios de avaliación, do calendario de implantación e da proba de madurez. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 70.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 70.)
Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 72.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 72.)

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura do Goberno galego en relación coas declaracións da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade a un medio radiofónico respecto do Goberno do Estado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 73.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 74.)
Réplica da autora *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 76.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 77.)

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os acordos acadados na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organización sindicais e a Consellería de Sanidade sobre o ámbito da atención primaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 78.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 79.)

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 81.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 81.)

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para a cobertura das prazas de pediatría no centro de saúde do concello de Bueu. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 83.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 84.)
Réplica dos autores: *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 85.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. .86)

Remata a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión co punto 5º da orde do día, que son as preguntas para resposta oral do presidente da Xunta. Pero antes imos saudar os alumnos do ciclo superior de Administración e Finanzas do Centro Rodolfo Ucha Piñeiro, de Ferrol. Benvidos ao Parlamento e tamén todas as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna; os nosos invitados.

Comezamos, polo tanto, coas preguntas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de apoio que está a adoptar o Goberno galego en relación coa defensa dos maiores

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia e tamén ao alumnado do Ucha Piñeiro, de Ferrol, ao profesorado que o acompaña e demais persoas que nos visitan.

Señor presidente da Xunta de Galicia, falamos hoxe de persoas maiores, unha realidade que asociamos a dúas características fundamentais. En primeiro lugar, á dependencia, unha situación que se dá con maior intensidade canta máis idade teñen e, polo tanto, cunha necesidade decidida de políticas públicas de protección. Pero tamén, en segundo lugar, ás pensións; logo dunha vida de traballo, moi xustas en moitos casos. Cando digo moi xustas non me refiro a que son xustas por ser de xustiza —que o son—, senón porque son moi xustas para vivir dignamente.

Evidentemente, neste debate podemos introducir elementos adicionais. Podemos falar de mocións, podemos falar de recoñecemento, podemos falar de acompañamento, pero tamén é necesario dicir que podemos falar de anuncios repetidos, de marabillas que nunca chegan, de elementos imaxinarios e imaxinados polo Partido Popular e polo Goberno da Xunta de Galicia e que só habitan nas súas mentes. Case podería parecer que se trata dun metaverso de asistencia social.

Temos que comezar a mudar esa realidade. Para mudar a realidade, en primeiro lugar, é preciso fuxir da autocompracencia e de pensar que somos pioneiros en todo. E, en segundo lugar, é preciso recoñecer a crúa realidade das cifras para ver que cousas non se están a facer de forma correcta. Imos poñer de manifesto algunhas cifras; pouquiñas, porque ademais xa sei o que vai pasar con elas. Van dicir que son falsas, que son inventadas polo gabinete do Partido Socialista, que, que, que... ¡Pero son certas!

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, en Galicia no ano 2009 había 14.466 prazas residenciais. É dicir, non empezaron vostedes de cero; non apareceron aí por xeración espontánea. E nos sucesivos gobernos, tanto do señor Feijóo como de vostede, creáronse menos de cen prazas públicas ao ano e, por certo, non todas creadas pola Xunta de Galicia. A realidade é que hoxe de cada dez prazas residenciais que temos en Galicia, oito son privadas. E non fai falta ser un mago das finanzas, non fan falta profundos estudos, para darse conta de que o custo dunha residencia privada supón o dobre da pensión media dun pensionista galego ou o triplo dunha pensión dunha viúva.

Este, señor Rueda, é o milagre do PP, que neste caso significa poucas prazas ou, se quere, prestacións precarias. Porque con todo o que deixaron de investir ao longo destes anos puideron facer vostedes non esas sete residencias que anunciaron sistematicamente, senón catorce. *(O señor Álvarez Martínez amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Mire, o día 23 de febreiro do ano 2007 Feijóo avanza a construción de sete residencias públicas con máis de novecentas prazas para dependentes: «As sete cidades galegas terán unha nova residencia para maiores antes do ano 2022». Señor Rueda, non estamos a falar da construción do Escorial; estamos a falar de residencias, non estamos a falar de algo que leva vinte e un anos construír. ¿E vostedes é con isto co que se presentan ante a cidadanía galega para as próximas eleccións municipais? ¿Con esa falla de compromiso cos nosos maiores e coas cidades galegas?

Falan vostedes sistematicamente de simplificación de procedementos. *(O señor Álvarez Martínez amósalles un documento aos membros da Cámara.)* No ano 2021: «*Política Social reduce los trámites para dependencia a solo tres documentos*». Ano e medio despois, xa con vostede de presidente *(O señor Álvarez Martínez amósalles un documento aos membros da Cámara.)*: «Rueda destaca que a Xunta avala o novo decreto de dependencia que facilitará e simplificará o acceso aos servizos e axudas». Se eu —tendo en conta que hai alumnos dun instituto— retomase a miña profesión de profesor de matemáticas, diría que tanta simplificación acaba dando cero, que é o que vostedes fan con estas estratexias de anuncios permanentes. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Rueda, eu o que lle pregunto é: ¿Que explicación lles van dar ás persoas maiores desta comunidade autónoma? ¿Por que non as atenden como deben? ¿Por que seguimos tendo un déficit histórico de máis de catorce mil prazas en centros residenciais? ¿Por que os servizos de axuda no fogar que prestan os concellos non teñen o financiamento adecuado por parte da Xunta de Galicia? E, sobre todo, señor Rueda, ¿por que se opoñen vostedes á subida das pensións dos pensionistas galegos?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Saúdo tamén os alumnos que hoxe están aquí e o resto do público que hoxe está enchendo a tribuna.

Se me permite, señor Álvarez, voulle dar as grazas; a pregunta está ben. Realmente creo que é bo falar dos maiores galegos e das necesidades que teñen e do que se fai por eles. Se me permite unha cousa, quería dicirlle que non fale dos «nosos» maiores. Vostedes falan dos «nosos» maiores e os maiores non son de ninguén; nin nosos nin de ninguén, son deles mesmos. Dígoo porque... *(Murmurios.)* Vostede rise, pero isto é algo que recomendan os especialistas e probablemente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): A vostedes dálles a risa. Isto dino os expertos. Probablemente, con iso explícase moito do tratamento e do que dixo o señor Álvarez.

Di que a simplificación de trámites para que os maiores poidan acceder antes ás prestacións dá como suma cero. Non, o que dá son beneficios. Deberían probar algunha vez a simplificar trámites burocráticos para facerlle a vida á xente máis fácil nos lugares onde vostedes gobernan. Non o intentan e, polo tanto, o que fan é descualificalo.

Xa lle digo que eu vou falar dos maiores e sabendo, ademais, de que estamos falando. Hai que coñecer e respectar o seu pasado, hai que garantirlles o presente e tamén darlles estabilidade e benestar para o futuro que teñen por diante. E iso hai que facelo sen demagoxias. Sempre que vostede dá unha cifra pon a venda antes que a ferida, probablemente porque non está moi seguro de que esa cifra sexa así. Di que había quince mil prazas de residencia antes de chegar nós. Non... dicía catorce mil e pico; eu teño quince mil. Alégrome de que vostede o corrixa á baixa. É certo que logo subiron moitísimo, ata setenta e cinco mil. Son as que hai agora. Esa progresión creo que está bastante ben, tendo en conta que partiamos dunha cifra —eu non sei se baixa ou alta, pero era a que había— que agora está multiplicada por moito.

Dicía que nos opoñemos ás pensións. Non, señor Álvarez, ao que nos opoñemos é a hipotecar o futuro. Eu creo que ningún avó quere vivir mellor agora á custa de lastrar os seus netos, nin sequera os seus fillos. Os organismos independentes están dicindo que é unha realidade. Vostedes deseñaron un sistema con tintes electoralistas que non é viable nin vai ser sostible e, polo tanto, que vai prexudicar inmediatamente as xeracións que veñen detrás. Eu estou seguro de que ningún pensionista en Galicia quere iso. Non se dan conta de que o que realmente funciona é crear postos de traballo sostibles que garantan as pensións do futuro. Iso é o que debería funcionar e vostedes non están niso.

Polo tanto, señor Álvarez, sen paternalismo, sen idadismos que están agora tan de moda —iso de «os nosos maiores» que vostede di—. O que hai que facer é traballar, e traballar con rigor, que creo que é o que estamos facendo.

Mire, executamos practicamente o cen por cento do orzamento dedicado aos maiores en Galicia. Este ano, ademais, medrou un seis por cento; catrocentos sesenta millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aumentamos, efectivamente, das quince mil —sendo xenerosos— que nos deixaron vostedes a setenta mil no ano 2023. Estou falando de dependentes atendidos; a gran maioría son maiores, como vostede dicía. As prazas públicas en residencias, efectivamente, tamén se multiplicaron por tres dende o ano 2009 ao ano 2023. Centros de día; triplicados dende o ano 2009. Servizos novos; vostedes non os tiñan. Coidados porta a porta, teleasistencia... Atendemos máis de corenta e cinco mil maiores.

En definitiva, señor Álvarez, estamos atendendo a quen o merece, realmente como o merece. Iso é —eu creo— o que temos que facer; atender os que traballaron para que agora a sociedade galega poida seguir medrando. Iso si, sen pensar que son de ninguén, sen falsear as cifras e tomándoos moi en serio; os de agora e os que veñen detrás.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, véxoo un pouco desanimado hoxe. *(Risos.) (Murmurios.)* Mire, eu cando falo dos nosos maiores non o fago nun sentido patrimonialista. Evidentemente, non son de ningún grupo parlamentario. En todo caso, creo que da súa afirmación debería tomar nota a señora conselleira de Política Social cando fala reiteradamente nas súas intervencións dos «nosos maiores». *(Risos.) (Aplausos.)*

Pero mire, máis alá de todo isto do sentido patrimonialista ou non, é certo que dei un dato incorrecto. Ten vostede, por unha vez, razón. Son 15.466 prazas as que había no ano 2009. Admito o meu erro. Pero ese incremento que vostede di, ata 75.000, é de prazas privadas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Rueda, ¡é que vostedes fixeron 1.200 prazas públicas! Non vostedes, senón que foi parte da Administración local a que contribuíu a ese incremento de prazas. E repítolle o que lle dixen antes. Supoño que todos os que estamos aquí coñecemos algún caso, cando non o temos directamente na familia, do custo que ten unha residencia privada para un pensionista. E esa, señor Rueda, é a realidade.

Pero mire, para alegrar a campaña electoral das municipais, vostedes o ano pasado ingresáronlles no final de ano o pago ás pensións non contributivas e este ano —¡oh, milagre!, ¡oh, eficiencia!— ingrésanllelas antes. E iso está ben; estaría ben se o fixesen vostedes sempre, non se o fan vostedes coincidindo cunha campaña electoral.

Por certo, esa paga para as pensións non contributivas, que lles supón un incremento dun cinco por cento, queda na terceira parte do incremento das pensións non contributivas da subida do Estado. ¿Por que non aplicaron vostedes tamén o quince por cento?

Con respecto ás pensións, son un sistema que, pese a estar avalado pola Unión Europea, vostedes no Partido Popular cuestionan, co señor Núñez Feijóo á cabeza, que parece que prefería o modelo francés, porque lle debe gustar ver París moito máis iluminado do que está habitualmente con fogueiras... *(Risos.)* Ese é o modelo que vostedes queren para España, ¿a que si? Ese é o modelo de paz social e de concerto que vostedes defenden.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero o certo é que a un de cada catro galegos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...que son pensionistas, vostedes estanlles impedindo que recuperen o poder adquisitivo pola suba das pensións, que vexan incrementada en mil trescentos euros a súa pensión ao ano. E terán vostedes que explicarlles a eses pensionistas por que votaron que non —por certo, tamén os señores do BNG— a esa suba das pensións para todos eles.

E dicíame vostede que executaron o cen por cento dos fondos. Non é iso o que din as cifras que acaban de presentar de execución orzamentaria do ano 2022. Supoño que as coñece vostede. Deixaron sen executar vinte e tres millóns de euros no programa de atención a persoas maiores e dependentes.

Polo tanto, señor Rueda, pense vostede cantas residencias desas sete que anunciou o noso señor Feijóo —¡aleluia!—, como dicíndolle ao pobo galego «non temades, que aquí estou eu para resolver as vosas deficiencias», puideron facer. Poderían vostedes plantexarlle á cidadanía galega —aínda que sexa só como un acto de contrición e de campaña para as próximas municipais— que van, efectivamente, vostedes construír esas sete residencias, esas novecentas prazas ¡pero xa!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non busquen —remato, señor presidente— sistematicamente un inimigo externo.

Aquí hai dous modelos, e sábeo ben. Hai o modelo que defenden as deputacións provinciais gobernadas polo Partido Socialista de crear residencias asumindo competencias impropias —que a vostedes non lles gusta nada, porque vostedes non as fan— *(Murmurios.)* e o modelo que defende o Partido Popular, que é precarizar e privatizar o modelo de atención ás persoas maiores.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señor Rueda, aproveite...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...esta oportunidade para dicirlle á xente —unha vez máis, pero esta vez, si, cun prazo certo— cando van construír vostedes as residencias suficientes.

Nada máis, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, alégrome de que normalmente me vexa animado. ¡Moitísimas grazas! Hoxe estou especialmente animado. Voullo demostrar cunhas cifras que lle van encantar.

A metade da súa pregunta é acusando a Xunta de que lle gusta a privatización. ¿Sabe vostede que todas as residencias que promove a Deputación socialista de Lugo se están xestionando de xeito privado? ¿Pero de que me está falando vostede? *(O señor Álvarez Martínez fai xestos de negación.)* ¿Como que non, señor Álvarez? ¿Como que non? ¡Todas! ¡Absolutamente todas!

Pero doulle máis datos. ¿Sabe que porcentaxe de concellos gobernados polo PP ten o sistema de asistencia domiciliaria —o SAF— xestionado de xeito privado? O trinta por cento. ¿Sabe que porcentaxe dos concellos gobernados polo PSOE o xestionan de xeito privado? O cincuenta por cento. Pero, ¿de que me está falando, señor Álvarez? ¿De que me está falando? Mire un pouco para dentro antes de criticar o que, por outra banda, non ten por que ser criticable. Supoño que o Bloque estará de acordo, porque o corenta e seis por cento dos concellos do Bloque xestionan o SAF de xeito privado tamén.

Polo tanto, vostedes sempre demonizan, fan slogans e non falan en serio. Eu intentei falar en serio nesta pregunta e darlles datos obxectivos. Vostedes fan o de sempre: política da mala.

Sempre que se acercan unhas eleccións acórdanse dos maiores. Agora acórdanse dos maiores e vólvense acordar despois, ¿saben para que? Para descualificalos, para faltarlles ao respecto, porque din que os maiores votan o PP, como se iso fose unha eiva. *(Murmurios.) (Protestas.)* Vostedes iso dixérono moitas veces despois dunhas eleccións. Ao mellor votan o PP porque se fían de nós; porque cren que facemos as cousas ben, salvo que vostede crea que son parvos, que esa é outra posibilidade. Eu desde logo non o creo. ¡Home!, cando os escoitamos falar descualificándoos polo sentido do seu voto ás veces é o que dan a entender. E nada máis lonxe, señor Álvarez. ¡Nada máis lonxe!

Mire, a súa preocupación é tanta que cando pactaron no Goberno central a división de áreas os maiores encasquetáronllos inmediatamente a Podemos e despois tamén Podemos dixo que non se facía responsable. ¡Iso é así! ¡Vostedes non querían esa área, señor Álvarez! É que hai que contar as verdades e téñense que saber e recordalas ás veces, cando vostedes queren que se esquezan.

A súa preocupación é tan grande que se a día de hoxe o noventa e sete por cento dos galegos con dereito a unha prestación por dependencia están cobrando dende logo non será pola súa aportación. Vostedes racanéanlle non á Xunta de Galicia, racanéanlles aos maiores os cartos que debía dar o Goberno central: 518 millóns de euros dedicados a prestacións á dependencia. Tiña que ser o cincuenta por cento. ¿Sabe canto está poñendo a Xunta de Galicia para que toda esa xente poida cobrar? O setenta por cento. Nos últimos cinco anos Pedro Sánchez adebédalles aos maiores galegos —por suposto, a Xunta de Galicia tamén, pero é para eles directamente— 500 millóns de euros. ¿Que lle parece? ¿Esa é a súa preocupación, realmente? Porque estas prestacións por dependencia a maioría son para persoas maiores.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, aínda así nós imos seguir traballando, señor Álvarez. Vostede di que temos plans e que o que nos gusta é dicir que somos pioneiros en moitas cousas. Efectivamente, porque o somos. Temos unha estratexia de idadismo; unha estratexia para loitar contra a soidade non desexada. Vostede iso nin o mencionou; debe pensar que non é un problema da xente maior. Temos a iniciativa Canle +65 para darlle preferencia á xente maior para que acceda aos trámites na Administración. Seguiremos reducindo prazos na atención á dependencia, si, porque se pode facer. A vostede dálle a risa e di que dá suma cero. Non, o que fai é beneficiar moitísima xente.

Seguiremos desenvolvendo o novo modelo de residencias; pódense aplicar novas tecnoloxías para que os maiores vivan mellor nelas. Seguiremos desenvolvendo a estratexia da Organización Mundial da Saúde, que di que hai que desinstitucionalizar a tendencia a que os maiores teñan que ir a unha residencia. Non, teñen que envellecer e pasar o seu tempo onde prefiran, e se pode ser no seu contorno habitual moitísimo mellor. Nós imos intentar facer iso. Iso si, seguiremos construíndo residencias. Tres por cento de aumento en prazas públicas; a media estatal está no dous por cento, probablemente porque moitas comunidades socialistas están por debaixo dese dous por cento. Polo tanto, estas son as cifras e son cifras reais, señor Álvarez. E por aquí hai que seguir traballando.

Sinceramente, hai que tomar este tema moito máis en serio. Vostede supoño que quería facer esta pregunta para ao final falar das pensións. Vólvolle dicir o mesmo: non hai ningún avó en Galicia que queira vivir mellor á custa de que vivan peor os seus netos nin os seus fillos. Polo tanto, deberiamos facer un sistema de pensións sostible. Todos os organismos independentes están dicindo que o sistema non é sostible e nós queremos que sexa sostible; que sexa sostible para os maiores de hoxe, por suposto, e para os galegos que seremos maiores, cada un no tempo en que lle toque.

Polo tanto, imos seguir traballando así: sen demagoxias, sen populismos, sen falsear as cifras. Despois, a xente se nos segue apoiando será porque imos polo bo camiño. E, dende logo, se non o fai non lle imos faltar ao respecto como fan vostedes despois de cada elección.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, presidente.

Imos agora coa pregunta da portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Pontón Mondelo.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas para evitar o espolio eléctrico de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas e moi especialmente ao alumnado de Ferrol.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Rueda, o Partido Popular leva catorce anos gobernando para as eléctricas. Comezaron abrazados con entusiasmo ao presidente de Iberdrola. A continuación, cargáronse con mentiras o plan eólico que lle permitía a Galiza ter o catorce por cento dos beneficios de todos os parques. Seguiron co veto á tarifa eléctrica galega para que teñamos unha tarifa máis barata neste país. E, a continuación, agasalláronlles mil seiscentos millóns de euros ás eléctricas; incluída Greenalia, esa empresa na que se recolocou, a través das portas xiratorias, a exconselleira do Partido Popular, Beatriz Mato.

Seguen traballando para as eléctricas, aprobando dunha tacada setenta e sete parques eólicos para que unha presa de multinacionais se forren á custa da riqueza deste país. Soportamos o espolio eólico nos nosos montes e agora o Partido Popular e Partido Socialista impoñen o espolio eólico no mar, cargándose o modo de vida de sesenta e catro mil galegos e galegas.

Para disimular este roubo o que fan é o de sempre: anúnciannos miles de postos de traballo. Pero, ¿cal é a realidade? A realidade é que, en pleno boom eólico, temos as poucas empresas do sector pechando. Pechou Gamesa en Narón; douscentos empregos. Pechou Vestas en Viveiro; cento cincuenta empregos. E neste momento están en risco douscentos empregos en Ganomagoga, no concello de Ponteareas, e outros trescentos en GRI Towers, no Carballiño. A realidade, señor Rueda, é que co Goberno do Partido Popular Galiza está perdendo emprego industrial; perdemos 27.700 empregos. E ¿saben como lle foi a Madrid con cero eólicos? ¡Gañou 13.600 novos empregos na industria! Esta é a realidade e non os seus contos chinos, señor Rueda. *(Aplausos.)*

No BNG estamos a favor das renovables; estamos a favor da transición enerxética. *(Murmurios.)* Si, pero é que ten que ser... Non sei, señor presidente, se é posible facer unha pregunta na que as señorías do Partido Popular non interrompan, porque...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Porque despois veñen as outras respostas e xa saben o que pasa.

¡Silencio!

Non interrompan, porque despois pode suceder ao contrario. Isto vai e vén. Polo tanto, tranquilidade a todos, porque isto vai e vén.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu xa sei que as verdades doen, pero é así. *(Aplausos.)*

O BNG está a favor das renovables; estamos a favor dunha transición enerxética. Pero unha transición enerxética xusta e democrática, non un timo para que se forren as eléctricas; que é o que están facendo literalmente, forrarse. Si, si. ¿Cales foron os beneficios das tres principais eléctricas do Estado español? Oito mil trescentos cincuenta millóns de euros no ano 2022, un trinta e un por cento máis que o ano anterior.

Estamos vendo como o que debería ser unha grande oportunidade para Galiza vostedes estano convertendo nunha grande estafa; nunha estafa ao medio rural, nunha estafa á conservación do medio ambiente e da biodiversidade e nunha grande estafa á maioría social.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, señor Rueda, pregúntolle se vai seguir gobernando para as eléctricas ou vai facer algo para frear este espolio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, o que hai que oír... Cando a señora Ayuso se entere de que o modelo industrial do Bloque Nacionalista Galego é a Comunidade de Madrid, vaise poñer moi contenta. ¡Vaise poñer moi contenta! *(Aplausos.)*

Mire, leva vostede —seguro que isto que lle vou dicir a vai molestar, con esa pel fina que ten ás veces, pero eu téñollo que dicir— unha racha mala co tema enerxético bastante importante no último mes. Cando anunciamos ese proxecto de lei que queremos facer para aproveitar recursos naturais de Galicia vostede descualificouno xa aos dez minutos de dicilo eu, sen coñecelo de nada. Simplemente porque o facía o PP. Despois cónstame que xa a avisaron algúns compañeiros seus do BNG: «¡Oia! Se é que o estabamos pedindo nós. Non exactamente; isto está máis elaborado, é máis realista e está máis planificado». E vostede descualificouno, como sempre fai, sen saber exactamente de que estabamos falando.

Despois continuou, púxose a discutir cos seus socios de bancada, co Partido Socialista, sobre vitrocerámica, sobre lareiras —todo moi bonito e moi práctico— e acabou no día de onte opoñéndose radicalmente —e quedando soa— a que Galicia siga tendo oportunidades de desenvolvemento.

Como sempre, para explicalo fixo e fará o que fan sempre: tiran de soberbia e din que estamos equivocados todos os demais. Porque como non somos nacionalistas e o nacionalismo o resolve todo e ten todas as verdades absolutas, os demais non temos nada que facer. Para vostede se sobe a cesta da compra, a receita é máis nacionalismo. Se sobe a gasolina ou soben as hipotecas, máis nacionalismo. Se hai paro e se hai problemas na Sanidade, máis nacionalismo. Por suposto, se soben os prezos enerxéticos e sobe o prezo da electricidade, máis nacionalismo. Para vostedes o nacionalismo resólveo todo. Pero o problema é que o nacionalismo —e cada vez máis, señora Pontón— non resolve absolutamente nada. E vostedes seguen tirando desa receita; seguen defendendo esas receitas nacionalistas. Eu, dende logo, e o meu Goberno ao que nos imos dedicar é a defender Galicia, os intereses de Galicia. Se lle preocupase un pouco máis non diría as cousas que está dicindo.

Sabe vostede que Galicia segue sendo dependente de recursos enerxéticos exteriores nun sesenta e tres por cento. E vostede quere parar aquí o desenvolvemento das enerxéticas renovables. ¡Quéreo parar! Despois de opoñerse a todo o que supón desenvolvemento di que está a favor —como sempre, con slogans, con fases vacías e sen solucións— do mesmo que acaba de dicir que quere eliminar. Señora Pontón, un pouco de seriedade.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se lle preocupase todo isto sabería que somos a quinta comunidade autónoma en consumo enerxético industrial. Polo tanto, necesitamos novas vías enerxéticas. Se lle preocupase un pouco máis todo isto sabería que está falando de máis de cinco mil postos de traballo que dependen directamente da industria das renovables. Por certo, infórmese un pouco máis. Gamesa non está en Narón; está nas Somozas. Esa fábrica que pechou volveu abrir precisamente para seguir facendo renovables. Entérese un pouco máis destas cousas, que son cousas moi serias. *(Aplausos.)*

Debería saber, señora Pontón, que estamos falando do cinco por cento do noso PIB. Hai que coidalo, hai que mimalo e hai que aproveitar as oportunidades; non valen as consignas e non vale o nacionalismo en vea, que non leva a ningunha parte.

Se todo isto lle preocupase sabería que estamos falando de postos de traballo, de desenvolvemento e de futuro. Pero a vostedes, como sempre, preocúpaos a ideoloxía e preocúpaos o BNG por enriba de todo. Non me estraña que cada día estean máis sós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, vexo que non lle gusta que falemos de enerxía e que non lle gusta asumir a súa responsabilidade.

Efectivamente, en Narón a empresa que pechou foi Poligal, outra que o seu Goberno foi incapaz de salvar *(Aplausos.)* Efectivamente, outra máis que pecha neste país e vostede fai un chiste coas empresas que pechan. *(Interrupcións.) (Protestas.)* ¡É que é incrible o nivel, señor Rueda! Vimos aquí falar de algo tan importante como poñer a enerxía de Galiza ao servizo de Galiza e vemos o señor Rueda *en el Club de la Comedia*. Lamentable e todo un síntoma de que, efectivamente, señor Rueda, para vostedes este país é un chiste. *(Aplausos.)*

O que é evidente é que estamos ante dous modelos. Hai un modelo que é o que defende o PP, que é barra libre para as eléctricas. *(Interrupcións.)* ¡Si, si! Ese puñado de multinacionais —por certo, algunha pública que o seu partido privatizou a prezo de saldo— que se están forrando á custa dos recursos deste país mentres en Galiza o que nos deixan son migallas e todos os custos ambientais e sociais. *(Aplausos.)*

E si, o BNG ten un modelo para darlle a este país un futuro onde a enerxía se poña ao servizo dos galegos e das galegas. Non ao servizo de Endesa, de Iberdrola nin de Naturgy; ¡ao servizo das familias, ao servizo das pequenas e medianas empresas e ao servizo dos autónomos e das autónomas! *(Aplausos.)*

Vostede ten que vir aquí co pensamento simplista e cos bulos: «o BNG está en contra da enerxía eólica». Non, é que nós defendemos unha cuestión de sentido común: poñer a enerxía eléctrica, a riqueza eléctrica ao servizo de Galiza. *(Murmurios.)*

Voulle facer algunhas propostas nas que levamos tempo traballando e traendo a este Parlamento mentres votan en contra. A primeira é que hai que parar este boom eólico para poñer en marcha un proxecto de país; un proxecto no que a enerxía se poña ao servizo dos galegos

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e das galegas e non do *lobby* eléctrico. En segundo lugar, declaremos o vento como un ben público, porque as concesións non poden ser infinitas. Terceiro, tarifa eléctrica galega. E, en cuarto lugar, unha compañía de enerxía cen por cento pública. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estas son, señor Rueda, as propostas que defendería unha presidenta do BNG, pero o que temos é un presidente do PP que actúa como un comercial das eléctricas. *(Aplausos.)*

E, claro, vénnos aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se o conselleiro de Educación... *(Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Prosiga, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben. E claro, señor Rueda, como cada vez hai máis oposición e é máis escandaloso que vostedes son cómplices do espolio eólico porque traballan para as eléctricas, agora —despois de aprobar setenta e sete parques eólicos e despois de votar en contra neste Parlamento— veñen e din que van crear unha compañía de enerxía. Pero é que está tan ben estudada, con tanto rigor e con tanta seriedade, que o señor Rueda non é capaz nin de explicar cal vai ser a participación pública desa empresa. Ese é o rigor e a seriedade coa que vostede toma unha das principais oportunidades que ten este pais. Primeiro, cunha man regálalles os parques ás empresas e logo di que xa se verá cando se cree unha compañía que non sabe nin como é. Todo moito rigor, señor Rueda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Rigor, seriedade e as cousas ben estudadas.

Iso si, o señor Rueda dixo algo moi importante. Vostedes non queren que haxa vencedores nin vencidos. Pois nós queremos que haxa vencedores. Queremos que, por unha vez, os galegos e as galegas venzan as eléctricas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Así que, señor Rueda, este é un tema moi serio. Se vostede quere vir aquí facer outra vez de oposición da oposición, perfecto; vai practicando para o futuro. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero o que non pode facer... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é deixar que este país se venda ás eléctricas; que vendan Galiza a cachos. Porque a riqueza eléctrica hai que poñela...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PONTÓN MONDELO: ...ao servizo da sociedade. Non queremos máis portas xiratorias como as de Beatriz Mato; queremos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

(Aplausos prolongados.)

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede pon unha empresa como único exemplo de todo o que quere dicir —nin sequera sabe de que empresa está falando—, equivócase e a culpa é miña. ¿Dáse conta do que é a soberbia do Bloque? ¿Dáse conta de como son as cousas?

Por certo, falando de familias, familias son as 5.500 que dependen directamente do que vostede se quere cargar por ideoloxía. *(Murmurios.)* Familias son as 5.000 familias que dependen de Ence, que vostedes querían pechar. *(Murmurios.)* Esas son familias. ¿O que pasa é que son familias que pensa que non a apoian a vostede e, polo tanto, son familias de segunda? *(Murmurios.)* ¡Familias son todas, señora Pontón! *(Aplausos.)* Cando fale de persoas, fale de todo o mundo. *(Aplausos.)*

E eu ¿con que Ana Pontón e con que Bloque me teño que quedar? ¿Téñome que quedar co Bloque e coa Ana Pontón do 2007 que querían triplicar a potencia eólica que estaba programada, 4.500 megawatts? ¿Ou quedo co Bloque e coa Ana Pontón de agora que cando se fixo con rigor a terceira parte do que vostedes querían instalar se alporiza toda e di que é un espolio eólico e que hai que parar todo iso? ¿Cal é o Bloque que está contando a verdade? ¿O do 2007, o de agora ou máis ben ningún dos dous, porque dependen da ideoloxía en cada momento e da conveniencia electoral e dos slogans vacíos que non levan a ningunha parte?

Vostedes sempre din o que non queren; o que nunca din é o que queren nin como o van facer, máis alá de slogans e máis alá de proclamas nacionalistas, o santo remedio que non soluciona nada, Señora Pontón. Isto é o que hai. Isto vai de rigor; isto vai de intentar facer as cousas ben.

¡Pero se case o trinta e sete por cento das propostas que tiñamos para instalar parques eólicos foron rexeitadas! Porque, claro, nós non utilizamos a ideoloxía como marco normativo; utilizamos as leis. Por iso, o que se pode facer, faise e o que non, non. ¿Que sería dos montes galegos se lles deixásemos a vostedes instalar o triplo da potencia que está instalada agora mesmo, Señora Pontón? Pero isto é o que hai; isto é o que hai que contar, sinceramente. Aquí hai que traballar con eficacia e sen populismos enerxéticos —que o nacionalismo tamén ten o seu populismo enerxético—, analizando cada proxecto con rigor.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A vostedes non lles vale nin a enerxía eólica terrestre, nin a enerxía eólica mariña, nin a térmica, nin a hidráulica... Non lles vale nada; válenlles os slogans e as proclamas. Pero as proclamas non dan traballo nin garanten o futuro. Polo tanto, haberá que intentar facelo doutra maneira.

Que pena que esta bravura para rexeitalo todo en Galicia —aquí non se pode facer nada— se converta unha vez máis en mansedume cando teñen que mirar para Madrid. ¡Vostedes son cómplices do Goberno! Dinnos que nós somos amigos das eléctricas, pero vostedes apoian o Goberno que está provocando unha hipoteca eléctrica de 24.000 millóns de euros en forma de déficit de tarifa que estamos pagando mes a mes. ¡Vostedes apoian o Goberno que provocou iso! Apoian o Goberno que lles perdoou ás eléctricas 3.000 millóns de euros en custos de transacción da competencia. Isto foi o Goberno socialista que vostedes apoian, si. Apoian o Goberno que triplicou en cinco anos o prezo final da enerxía. Vostedes estano apoiando; aquí son moi mansos cando teñen que apoiar. ¡Non se pode facer aquí nada! Dá igual, porque xa sabemos que cando lles ofrezan formar goberno, se poden, onde están gobernando van volvelo facer sen ningunha dúbida.

E todo iso que dixeron onte de que o Partido Socialista quere acabar co sector pesqueiro apoiando a eólica *offshore* e de que é un espoliador igual que o PP xa sabemos en que vai quedar: en canto comecen a falar de cargos todo iso vaise acabar outra vez. Xa quixera Pedro Sánchez ter nalgunhas comunidades autónomas un PSOE que o defenda tanto como o defende o Bloque en Galicia, contra os intereses de Galicia. ¡Xa quixera Pedro Sánchez, señora Pontón! *(Aplausos.)* A ver se somos nacionalistas de verdade. *(Aplausos.)*

Mire, o señor Álvarez —que ás veces, xa llo dixen algunha vez, di cousas que teñen razón— dicía nunha entrevista referíndose a vostedes que xa está ben de vivir aferrados a tradicións que están trasnoitadas, que hai que estar cos novos paradigmas. E os novos paradigmas son que Galicia siga progresando, señora Pontón. Nós imos seguir loitando con rigor por aproveitar as oportunidades que ten Galicia diante. Hai que facelo dun xeito proporcional e dun xeito ordenado, estou totalmente de acordo. Temos un inmenso potencial enerxético e eu, desde logo, vou traballar para que o aproveitemos.

Queremos ser protagonistas de todo isto; non nos queremos ocultar. Non queremos que outras comunidades autónomas aproveiten o que Galicia deixaría pasar estando en mellores condicións. Imos traballar para que o desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia sexa unha realidade, para aproveitar as oportunidades. E ademais ímolo facer ao noso xeito: con rigor, preservando o medio ambiente e sen ideoloxía, a pesar do Bloque e a pesar do nacionalismo.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos prolongados.)

Vou ler unha declaración institucional. Eu pregaríalles, se poden, que quedasen escoitar unha declaración institucional, un acordo ao que chegaron todos os grupos, porque é unha declaración bastante importante.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por favor. *(Murmurios.)* Vale. Grazas.

Vou ler unha declaración institucional. Antes quería saudar os membros da Fundación do Secretariado Gitano que hoxe nos acompañan.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: A declaración institucional coa que os tres grupos chegaron a un acordo di o seguinte:

«O 8 de abril volvemos conmemorar a celebración, a celebrar o Día Internacional do Pobo Xitano. Unha data que conmemora o I Congreso Mundial Xitano celebrado en Londres en 1971, no que se adoptaron os símbolos propios do pobo xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella e o himno, *Gelem, Gelem*. En España foi en 2018, a pedimento do Congreso dos Deputados, cando tivo lugar o recoñecemento do 8 de abril como o do Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e himnos xitanos.

O 8 de abril, Día internacional do Pobo Xitano, é un día para recoñecermos a contribución que os xitanos e as xitanas fixeron á nosa sociedade durante máis de seis séculos de historia compartida. É dar un paso adiante na loita pola igualdade de oportunidades e de dereitos das persoas xitanas.

Coa instauración da democracia no noso país o pobo xitano foi acadando cotas de igualdade e transformando as súas condicións de vida. Con todo, son moitos aínda os retos pendentes en eidos como a educación, o emprego ou un acceso a unha vivenda digna.

Un motivo especial de celebración deste 8 de abril é a aprobación en xuño de 2022 da Lei integral para a igualdade de trato e non discriminación, que ademais incorpora o antixitanismo como delito de odio no Código penal. Esta modificación supón un fito histórico para os xitanos e as xitanas, que por fin ven recoñecidos séculos de discriminación e rexeitamento social.

Outro recente fito foi a aprobación do Informe da Subcomisión para acadar un pacto de Estado contra o antixitanismo e a inclusión do pobo xitano na Comisión de Dereitos Sociais do Congreso dos Deputados a principios deste ano. Son dous momentos moi relevantes para a historia do pobo xitano, que non serían posibles sen o impulso dos deputados e deputadas xitanos que ocupan un escano no Congreso.

Este 2023 será un ano marcado polo calendario electoral e, por iso, unha oportunidade para que as persoas xitanas continúen a avanzar e a ocupar un espazo diferente desde dentro das institucións.

Con motivo desta conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano tamén queremos lembrar os graves casos de antixitanismo que sufriron algunhas familias xitanas de Peal de Becerro (en Xaén) e Íllora (en Granada) o pasado verán, nos que tras o acoso e a persecución da veciñanza familias enteiras se viron obrigadas a deixaren as súas casas. Unha práctica con

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

visos de se converter en recorrente, á vista do acaecido en localidades como Estepa, Castellar ou Martos. Este tipo de situacións son un claro síntoma de que, a pesar da recente aprobación da Lei integral de igualdade de trato, o antixitanismo segue enquistado na nosa sociedade.

O pobo xitano continúa a vivir nun contexto de dificultades, pero isto non pode supoñer un paso atrás nos avances que se deron na garantía de dereitos e oportunidades para os xitanos e xitanas en España e en Europa. Por iso, non só é necesario recoñecer e conmemorar un día como este 8 de abril, senón tamén continuar a traballar en medidas concretas para reducir a desigualdade, loitar contra a discriminación e o antixitanismo e avanzar en dereitos e cidadanía do pobo xitano.» (*Apróbase por asentimento*.)

Esta é a declaración.

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

Grazas ao público. Perdoen que os fixera volver, pero parecíame que era unha declaración que tiña a súa importancia.

Agora continuamos coa orde do día.

Pasamos xa ao punto 4, interpelacións.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputados.

Saúdo tamén as persoas que nos acompañan, aínda que xa sei que están de saída.

Bo día tamén e grazas, señor Corgos, por vir hoxe aquí a esta interpelación.

O presidente do Goberno de España, o señor Pedro Sánchez, xunto con outros mandatarios de países gravemente afectados pola Covid-19, como pode ser Italia e Francia, liderou a defensa da necesidade de adoptar un paquete de medidas fiscais a niveis comunitarios capaz de asentar a recuperación económica e social sen deixar ninguén atrás.

Así, en xullo de 2020 o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU, dotado con 750.000 millóns de euros para o conxunto dos estados membros, garantindo unha resposta europea coordinada para facer

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia. Estes fondos podían empregarse para conceder préstamos reembolsables por un volume de ata 360.000 millóns de euros e transferencias non reembolsables por unha cantidade de 390.000 millóns de euros.

Os dous instrumentos de maior volume destes Next Generation serían o Mecanismo para a recuperación e a resiliencia e o Fondo REACT-EU. O primeiro é o núcleo fundamental do Fondo de Recuperación, dotado con 672.500 millóns de euros coa finalidade de apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, ao tempo que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. O outro é o Fondo REACT-EU, dotado con 47.500 millóns de euros que operan como fondos estruturais, pero con maior flexibilidade e axilidade na súa execución para promover a recuperación ecolóxica, dixital e resiliente da economía. Aínda que tamén se achegan fondos adicionais a outros programas ou fondos europeos, como o Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural e o Fondo de Transición Xusta.

A propia Xunta de Galicia, nalgunhas respostas que nos dan a través do artigo 9, manifesta literalmente que «o Parlamento e o Consello da Unión Europea aprobaron o Regulamento 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a través do que proporciona axuda aos estados membros para cometer reformas sostibles e investimentos públicos que aceleren a recuperación e afiancen o crecemento a longo prazo».

O Mecanismo de recuperación e resiliencia artéllase a través dos plans nacionais de recuperación e resiliencia, que deben ser avaliados pola Comisión Europea e aprobados polo Consello. O Reino de España conta con 140.000 millóns de euros de fondos do Mecanismo que se materializarán a través das transferencias e créditos no período 2021-2026. O dito financiamento canalízase a través dunha axenda de investimentos e reformas estruturais deseñadas polo Goberno central. Esa axenda de investimentos denomínase Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Señor conselleiro, seguro que vostede está un pouco sorprendido, pero quixen empregar literalmente a resposta que vostedes dan a través do artigo 9. *(A señora Rodríguez Rumbo amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Neste caso é unha resposta que facilitaron o 27 de marzo de 2023, que despois lle podo deixar ao presidente da Cámara non só para que lla facilite a vostede, senón tamén ao voceiro do Partido Popular que hoxe non está. Porque onte produciuse un debate a verdade é que un tanto acalorado, no que o voceiro do Partido Popular, imitando as peores formas do Partido Popular no Estado, mostrou unha confrontación virulenta, chegando a chamarme directamente mentireira.

É unha cuestión que me molesta bastante. Eu podo equivocarme —evidentemente non son infalible nin o pretendo—, pero realmente procuro facer bastante rigoroso o meu traballo e sempre o teño avalado con datos. E, polo tanto, quería mostrar isto para desmentir esa afirmación que foi feita no día de onte polo propio voceiro do Partido Popular. Se algunha destas afirmacións é mentira, como me dixo, espero que vostede o explique aquí e diga en que está mentindo esta deputada do Partido Socialista para poder facer a miña argumentación.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, señor conselleiro, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia é o instrumento polo que se canalizan os fondos Next Generation. ¿É así, verdade, señor conselleiro? E sen este instrumento estes fondos non chegarían. Polo tanto, o Partido Popular votou en contra dese real decreto no que se aprobaba o dito plan. E, polo tanto, volvo afirmar que se polo Partido Popular fose e polo Partido Popular de Galicia fose, estes fondos, esta vacina económica e esta oportunidade extraordinaria que supón xa 160.000 millóns de euros para España, nunca terían chegado a España. E, polo tanto, tampouco terían chegado 2.835 millóns de euros a Galicia.

Nesa mesma liña, señor conselleiro, hai un mes —quero dicir, facendo o mesmo espectáculo— o propio expresidente Feijóo, o que hai un ano se sentaba aquí, acudiu a Bruxelas, ao mesmo puro estilo señor Casado, para sementar dúbidas sobre a execución dos fondos europeos e para cuestionar a reforma das pensións no noso país.

Vostedes, señor conselleiro, representan un partido, o Partido Popular, que foi o único partido da oposición que foi á Unión Europea para que estes fondos non chegasen a España. ¡Para que non chegasen a España! E tamén foi o único partido que foi a Europa criticar a xestión dos fondos europeos en España.

Polo tanto, vostedes, ao mesmo tempo que recoñecen que estes fondos son unha oportunidade extraordinaria, histórica e unha vacina económica, votan en contra desa oportunidade e desa vacina. Fundamentalmente porque vostedes non están gobernando en España e queren seguir facendo ese enfrontamento virulento no que levan durante estes tres anos en contra do lexítimo presidente do goberno, o señor Pedro Sánchez.

Vostedes fan seguidismo desa lideresa do seu partido, que é a señora Ayuso, e seguen con ese enfrontamento político. A verdade é que entre iso e botarlle a culpa ao Estado e botarlle a culpa aos concellos teñen unha perfecta cortina de fume para agochar a súa escasa e raquítica xestión e a súa escasa e raquítica execución dos fondos que foron achegados. Ademais, vostedes nos momentos máis duros, en vez de poñerse do lado do resto das institucións para traballar todos xuntos, para axudar toda a cidadanía e saír todos ao mesmo tempo o máis axiña e o menos desigualmente posible, optaron por ese enfrontamento día si e día tamén en contra do Goberno do Estado.

Vostede sabe tamén perfectamente que tivo que ser a propia presidenta da Comisión Europea, a señora Ursula von der Leyen —que ademais é a que está á fronte dos Populares Europeos, é dicir, á fronte do seu mesmo partido en Europa—, a que tivo que aplaudir unha e outra vez a xestión de España dos fondos europeos. E tamén sabe que, debido probablemente a toda esta situación de confrontación en que o Partido Popular só se adica a visitar Europa —Bruxelas, neste caso— para criticar a xestión dos fondos en España, pode ser que esta presidenta da Comisión adiase, sen data determinada, esa visita que tiña prevista o señor presidente da Xunta de Galicia. Como lle dicía antes e volvo repetir agora, entendo que tiña cousas máis produtivas que facer que atender un representante que só ía falar mal da xestión do seu país.

De todas as formas tamén é verdade que, á parte de ir falar mal do país e da xestión dos fondos europeos, tamén foron falar mal e evitar esta lei de ampliación dos dereitos dos pensio-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nistas. Xa o manifestaba hai un momento o noso voceiro e eu creo que, señor conselleiro, vostedes —os representantes do Partido Popular, tamén nesta Cámara— van ter que explicar moi claramente e con moitos argumentos por que vostedes votaron en contra desta lei para a ampliación dos dereitos dos pensionistas.

É unha reforma que garante o nivel adquisitivo dos 700.000 galegos e galegas, que conta cun amplo consenso político, económico e social e ten o aval da Comisión Europea. Unha reforma necesaria —que o sabe vostede perfectamente— para que España puidese recibir ese terceiro pagamento de 6.000 millóns de euros e que ademais supón un incremento dun 8,5 por cento das pensións dos pensionistas e das pensionistas galegas. Supón que a pensión media suba en 100 euros ao mes ou, o que é o mesmo, en 1.400 euros nun ano. É dicir, como se tivesen unha paga extra a maiores. Tamén quero recordar que, dende a chegada de Pedro Sánchez, un xubilado medio cobra hoxe 233 euros máis cada mes.

Pois ben, señor conselleiro, como lle dicía antes España ten asignado xa arredor de cento sesenta mil millóns de euros e, tal e como recoñece a presidenta da Comisión Europea, España está liderando a xestión e a execución dos fondos. Grazas ao forte ritmo de cumprimento dos fitos e dos obxectivos, España xa recibiu tres pagamentos que ascenden a máis de trinta e sete mil millóns...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de euros. O cincuenta e tres por cento das subvencións previstas no Plan europeo de recuperación. E este terceiro dos pagamentos do que falaba antes foi avaliado positivamente no mes de febreiro e ingresado no Goberno de España o 31 de marzo pasado.

Señor conselleiro, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España é un programa sen precedentes de investimentos e reformas, financiado con eses fondos europeos para impulsar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o crecemento máis sostible e xusto —remato xa, señor presidente— e de cuxos fondos ao longo do período plurianual as comunidades autónomas xestionarán ata o cincuenta e catro por cento.

A verdade é que non me deu moito tempo, pero continuarei na miña segunda quenda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, como tiña que meter a cuña das pensións quedoulle longa a exposición. Logo se quere complétaa. Eu, se lle parece ben, falarei do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Pregúntame vostede pola execución dos fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia por parte da Xunta de Galicia. Antes de comezar e de comentar o grao de avance deste mecanismo, gustaríame salientar que na Xunta de Galicia puxemos en marcha os mecanismos precisos para estar preparados dende o comezo para aproveitar a oportunidade que supoñen estes fondos para a nosa economía.

Xa a finais do ano 2020 creamos a Unidade de Proxectos Tractores para colaborar co tecido produtivo e identificar os proxectos que puidesen optar ao Mecanismo de Recuperación. Porque, como vostede acaba de dicir, pronto vimos que este mecanismo extraordinario de financiamento habilitado pola Comisión Europea era unha oportunidade que non podiamos perder.

Puxemos en marcha a Comisión Next Generation Galicia, por acordo do Consello da Xunta, como o órgano colexiado para planificar, impulsar e desenvolver os distintos proxectos susceptibles de obter financiamento do Mecanismo. E dende outono do 2021 aprobamos a Estratexia Next Generation Galicia, que tenta priorizar as cadeas de valor máis importantes para ser incluídas no proceso transformador da estrutura económica de Galicia e financiadas con estes fondos Next Generation. Esta estratexia foi consensuada en diálogo social cos diferentes axentes sociais, como ben sabe.

A Xunta de Galicia viu unha oportunidade neste mecanismo para a transformación económica e social, e esforzouse en desenvolver unha serie de proxectos aliñados cos obxectivos da Unión Europea a través do Polo de transformación de Galicia e a sociedade público-privada Impulsa, para lograr o maior impacto posible.

Pola súa banda, o Goberno central deseñou no ano 2021, como acaba de sinalar, as liñas de investimento dos 69.528 millóns de euros de axudas non reintegrables do Mecanismo de recuperación e resiliencia asignados ao noso país, para todo o país, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. E no mes de xuño aprobou o referido plan, que está a mostrar moitas eivas no seu deseño e implementación, ás que me referirei agora.

En primeiro lugar, este plan deseñouse sen ter en conta as particularidades de cada comunidade autónoma, nin as estratexias rexionais, como a deseñada no caso da nosa comunidade autónoma. Non existiu unha planificación consensuada nin adaptada ás particularidades e realidades socioeconómicas de cada territorio.

O Goberno central considera as comunidades autónomas meros instrumentos de execución, convertendo o que debería ser un plan de país nun plan de goberno que non dá cumprimento ao principio de subsidiariedade. De feito, a Conferencia Sectorial de Coordinación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que supostamente ía coordinar a colaboración coas comunidades autónomas, soamente se reuniu unha vez en todo este tempo de vixencia do Plan, agás a reunión previa para aprobar os seus estatutos de funcionamento. Esa é toda a coordinación que hai.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, esta é a mostra clara, evidente e palmaria do nivel de coordinación que temos entre a Administración xeral do Estado e as diferentes administracións subcentrais. Ademais, non se coordinan os investimentos. E ademais de non coordinarse estes investimentos coas propostas das comunidades autónomas, cando os fondos rematen —o que é especialmente preocupante— teremos que facer fronte aos custos operativos de moitos investimentos que derivan desas actuacións —custos de persoal, mantemento das instalacións ou o gasto enerxético—, que non están financiados en ningures.

En segundo lugar, o plan tampouco prevé un escenario plurianual que nos permita coñecer con antelación os recursos de que imos dispoñer, o cal permitiría mellorar a capacidade de xestión e planificar e axilizar a execución dos fondos. Pola contra, ao non contar cunha senda orzamentaria definida houbo que agardar ata os orzamentos xerais do Estado para saber que recursos do Mecanismo de Recuperación xestionaría a Administración xeral do Estado e cales as comunidades autónomas. Pola súa banda, as comunidades autónomas debemos esperar a cada conferencia sectorial, celebrada ad hoc ao longo do ano, para saber os recursos que nos asignarán.

Ademais deste repartimento, seguen distintos modelos con lóxicas diferentes en función do ministerio que os leve a cabo, e mesmo algúns criterios que atinxen a elixibilidade do gasto non son coincidentes. Por exemplo, algúns ministerios consideran os gastos de funcionamento e implementación do Plan como gasto elixible e outros non; hai algúns ministerios que consideran o IVE das actuacións financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia elixible e outros non.

En terceiro lugar, estas transferencias ás administracións públicas territoriais teñen un carácter excesivamente pechado, sen ter en conta os distintos graos de madurez das actuacións dos distintos territorios. Isto incrementa o risco de que poidan provocarse tensións para a absorción total destes fondos, como está xa a acontecer.

Señoría, este é o xeito en que o Goberno central redactou o Plan de recuperación e resiliencia. Amosa problemas nalgúns investimentos por esta rixidez á que fixen referencia e, en ocasións, mal deseño. Un exemplo é o programa de dixitalización único, no cal o trinta por cento da asignación non ten demanda e un vinte e cinco por cento non ten tempo para ser executado segundo os prazos fixados polo Ministerio. Desta situación xa foi informado o correspondente ministerio por parte de todas as comunidades autónomas.

A falta de demanda tamén sucedeu coas axudas á creación de prazas de educación infantil, onde só se repartiu o seis por cento da convocatoria por falta de solicitudes. É dicir, trinta e dous millóns de euros poden quedar sen executar pola rixidez á hora de fixar o destino destes fondos e pola intensidade do financiamento, xa que so se está a financiar o vinte por cento do custo de cada praza de gardería.

Outro aspecto a ter en conta é o desfase entre o importe vixente da asignación dos fondos e os prezos de referencia para a súa tramitación, debido á alta inflación que estamos a vivir. Isto está a implicar que as transferencias recibidas sexan insuficientes para executar as actuacións vencelladas aos fitos e obxectivos que debemos cumprir.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, polo de agora o Estado asignou ás comunidades autónomas só o 31 por cento dos 69.528 millóns de euros, segundo os seus propios datos, unha porcentaxe que está moi lonxe do 45 por cento que anunciou inicialmente e mais do 51 por cento que acaba de referir vostede mesma. E aínda máis se temos en conta as transferencias adicionais da addenda, que levan o importe do Plan ata os 77.234 millóns de euros, baixando a porcentaxe de participación das comunidades autónomas coa addenda ao 28 por cento do total do plan ampliado.

Na actualidade Galicia ten asignados, segundo os propios datos que manexa a Administración xeral do Estado, 1.283 millóns de euros, que representan aproximadamente o 6 por cento dos 21.742 millóns de euros asignados ás comunidades autónomas, froito dun repartimento discrecional e carente de gobernanza. Este repartimento, por certo, se o analizamos polo miúdo en función do financiamento por habitante poderíamos ver como existe unha correlación inversa entre a asignación a cada comunidade autónoma e o seu PIB per cápita, é dicir, que se está financiando máis as comunidades autónomas cun PIB per cápita superior e menos as comunidades autónomas cun PIB per cápita inferior. Se quixésemos darlle un papel de cohesión a este tipo de fondos o que deberiamos é facer o contrario.

As entidades locais —que inclúen non soamente concellos, senón tamén agrupacións de concellos, mancomunidades e deputacións— son tamén beneficiarias dun dez por cento dos fondos da Administración xeral do Estado e dun catorce por cento dos fondos asignados á comunidade autónoma.

Á mencionada lentitude na asignación por parte do Goberno central hai que engadir que ata finais de setembro do 2021 —con proxectos xa en execución— o Ministerio de Facenda non publicou o sistema de xestión do propio Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no que se falaba dunha ferramenta para o seguimento dos obxectivos marcados. Pois ben, señoría, levamos dende esa data —máis de ano e medio— agardando o acceso para controlar a nosa execución dende a plataforma COFI e incluso algúns subsectores aínda non comezaron a traballar con ela. O Estado levaba ata hai ben pouco traballando con follas de Excel o seguimento e gobernanza dun plan de case 70.000 millóns de euros. Ademais da pouca gobernanza e da falta de rigor á hora de informar sobre a execución, xera confusión, xa que cando se publican os datos nunca o indican ou incluso difuminan cal é a execución directa da AXE.

En canto á execución en termos orzamentarios, existe un amplo consenso nos organismos independentes —Airef, Fedea, Funcas, BBVA Research ou Banco de España— en que houbo unha clara falta de transparencia e unha desagregación da información que fai case imposible dispoñer de datos da totalidade do sector público.

En efecto, a información ao dispor considera as transferencias a outras entidades públicas, como as comunidades autónomas, como a execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia, cando o que se fai é mover os cartos entre administracións, pero non executar os fondos do Mecanismo.

Segundo estudos oficiais da IGAE, no último informe, publicado o 4 de abril, a AXE no ano 2022 publicou un orzamento de 26.900 millóns de euros con cargo ao Mecanismo de Recuperación, dos que se executaron 19.634 millóns de euros. Porén, deses 19.634 millóns de

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros que se di que se executaron, tan só 1.566 millóns de euros foron execución directa dos ministerios e o resto foron transferencias a outras administracións públicas e entes.

Pola nosa banda, dende a Xunta de Galicia estamos a facer un seguimento mensual da execución dos fondos, que levamos ao Consello da Xunta puntualmente cada mes. No último informe enviado ao Consello dabamos conta de que o Goberno galego mobilizara a práctica totalidade dos fondos, de xeito que xa se incluíran no orzamento inicial do 2023 máis de 525 millóns de euros, unidos a outros 583 en orzamentos de servizos anteriores. E xa lle podo avanzar que no consello de mañá analizaremos a execución actualizada dos datos ata finais de marzo.

Podo adiantarlle que o importe total do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia a executar ascende a 1.283 millóns de euros —como xa dixen—, con 1.138 millóns de euros xa ingresados. De feito, no ano 2023 temos xa publicadas convocatorias e licitacións que representan o 61 por cento do orzamento inicial.

Gustaríame deixar claro que, en función da finalidade e do marco temporal das achegas —como tamén sinalou vostede mesma—, estas poden facerse efectivas ao longo de todo o período de vixencia do plan, de modo que se poden executar ata finais do ano 2026. Na réplica dareille máis información sobre en que operación se traduce esta execución.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Intentarei ir máis rápido, a ver se me dá tempo a facer todo o argumentario que lle quería plantexar.

Mire, señor conselleiro, xa se resolveron por parte do Estado convocatorias e licitacións por 23.300 millóns de euros, que financian máis de 190.000 proxectos en todo o territorio. Dos 31.000 millóns de euros recibidos, 20.600 millóns asignáronse ás comunidades autónomas para investimentos en ámbitos das súas competencias, como educación, vivenda, sanidade ou políticas sociais. Por certo, aproveito para dicirlle que preguntaremos sobre a execución de cada unha destas liñas.

Case 5.000 millóns de euros foron asignados a concellos, para a rehabilitación e a eficiencia enerxética de edificios públicos, zonas de baixas emisións en centros urbanos, dixitalización na administración e andares verdes. E Galicia, como vostede ben dixo, é a quinta comunidade autónoma que máis fondos recibiu. Ata marzo de 2023, recibiu 2.427 millóns de euros, máis os 441 millóns de euros dos REACT-EU; é dicir, 2.868 millóns de euros, dos que 1.276 millóns de euros son de xestión directa da Comunidade Autónoma. E Galicia participa en oito dos doce PERTE que foron postos en marcha polo Goberno do Estado.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os criterios de distribución deses fondos foron acordados nesas 139 conferencias sectoriais desenvolvidas, nas que Galicia participou en todas. Ademais, temos constancia de que algúns representantes do Goberno galego manifestaron a súa aprobación, a súa satisfacción co desenvolvemento do plan.

Ben, señor conselleiro, nós hoxe querémoslle preguntar, efectivamente, pola execución de Galicia. Voume remitir ao documento que publican vostedes na páxina web en información aos medios deses informes. Alí anunciaba o presidente da Xunta de Galicia que a Xunta mobilizou o cen por cento dos 1.122 millóns de euros dos fondos europeos recibidos a través do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Advertía tamén de que faltaban 144 millóns de euros, porque, dicía o señor presidente, «asignar non quere dicir recibir». E eu tamén lle digo, señor conselleiro: mobilizar non quere dicir executar. ¡Así que aplíquese o conto!

No mesmo comunicado de información aos medios colgado nesa páxina web apuntaban que de dúas terceiras partes, é dicir, 747 millóns de euros, xa publicaron a súa convocatoria e a metade destes millóns xa chegaron aos seus destinatarios, é dicir, 374 millóns de euros. Polo tanto, só chegou o trinta e tres por cento dos fondos que foron asignados á nosa comunidade autónoma.

Isto o propio presidente da Xunta dicía que se traducía en que a Xunta xa está dando apoios grazas a estes fondos que están perfectamente identificados, concretando que foron dirixidos a 7.000 autónomos, 370 empresas, 12 entidades do sector público, máis de 27.000 persoas físicas e 130 organismos públicos, entre clústers e asociacións. A nosa pregunta, a nosa interpelación ía —e espero que na súa segunda intervención nos dea información— sobre como se materializaron. Como se materializaron todos estes fondos que, segundo vostedes, foron destinados a autónomos, empresas, entidades e demais.

E vostedes tamén falaban de que se destinou aos concellos o noventa e tres por cento dos fondos recibidos. Tamén queremos saber como o materializaron e en que.

Polo tanto, señor conselleiro, vostede falaba das deficiencias no sistemas de seguimento... E, ¡home!, un Excel é moito mellor que nada, que é o que ten a Xunta de Galicia. Mire, España conta cun sistema robusto de control da xestión orzamentaria que rexistra debullada e exhaustivamente toda a información sobre como se executan os fondos. Existe ese sistema integral de seguimento e xestión dos fitos e dos obxectivos. Vostede dicía que ata o de agora era un Excel, pero un Excel ten moitas utilidades, señor conselleiro.

E tamén implantou o novidoso sistema de detección dos conflito de intereses *ex ante* mediante minería de datos. Ademais das auditorías —que non vou debullar porque non me vai dar tempo— e toda a información sobre as convocatorias, subvencións, licitacións, resolucións, novidades e beneficiarios, que é toda pública e está centralizada nunha páxina web do Plan de recuperación. E realmente eu pregúntolle, señor conselleiro: ¿onde está a información da Xunta de Galicia? ¿Onde podemos ver os informes de execución? ¿Onde pode estar toda esa información desa publicación, que é obrigatoria, de cara á cidadanía?

Os galegos e as galegas queremos saber como se están executando os plans en Galicia, a través de que subvencións, a través de que convocatorias ou a través de que programas.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, remato xa, señora presidenta.

Eu espero que na súa segunda intervención nos dea cumprida resposta.

E unha cuestión, señor conselleiro. É verdade que hai uns días nos mandaron a execución orzamentaria do exercicio 2022, e teremos que debater largo e tendido sobre este tema, pero a verdade é que resulta bastante curioso que cun dos orzamentos máis altos da historia —dito por vostede mesmo—, que acadou os 11.627 millóns de euros de gasto non financeiro, vostedes deixen sen executar 1.468 millóns de euros; é dicir, un 13 por cento dese orzamento...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de gasto non financeiro inicialmente executado.

Pola miña banda, como non teño máis tempo, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señoría.

Pois, a ver, son moitos temas. Como penso que xa imos falar da execución orzamentaria dentro de poucos días, mellor falamos cando toque falar dese tema, porque si que dá para moito.

En canto á información e ao rendemento da información, é exactamente o mesmo o que ten a Administración xeral do Estado que o que ten a Comunidade Autónoma. A base nacional de subvencións, o Rexistro de Contratistas e os mecanismos de control son exactamente os mesmos que os que utiliza a Administración xeral do Estado. Por certo, a nosa Comunidade Autónoma dá correcto cumprimento á súa obriga de remitir todos os datos a través da plataforma Coffee á Administración xeral do Estado, que é o órgano de autoridade e xestión do Mecanismo de recuperación e resiliencia, e é a que ten que dar conta da execución dese mecanismo. O que nos gustaría é que nos dese acceso aos nosos propios datos, que non temos; e cando teñamos acceso aos nosos propios datos —para non ter que cargar tres veces a mesma información nunha base de datos—, poderiamos dar cumprida información de xeito moito máis completo. *(Risos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non nos dá acceso á información cargada no aplicativo, non sei se o entende ben ou non. Bueno, parece que non o entende ben. Logo llo explico, á saída.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vostede non está no debate. Creo que é mellor que escoite porque, se non, imos acabar mal a intervención.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Penso que son ben claro. A intención da Comunidade Autónoma é mobilizar estes fondos, executalos do mellor xeito posible, colaborar coa Administración xeral do Estado o máximo posible e acadar o máximo número de recursos para a nosa Comunidade Autónoma. Esa é a nosa única finalidade.

Na miña réplica querería centrarme en tres puntos: primeiro, en que a Xunta pon os medios necesarios para executar ben os fondos; en segundo lugar, en que temos unha execución dilixente deles e moito máis adiantada que a propia Administración xeral do Estado; e, en terceiro lugar, que nos gustaría tamén que se dinamizase a execución dos PERTE e que chegasen aquí os recursos que precisamos para financiar os proxectos transformadores e estratéxicos que temos impulsado dende a nosa Comunidade Autónoma.

Dende a Xunta de Galicia estamos tomando medidas precisas para executar estes recursos de forma eficaz e eficiente, como dicía. En primeiro lugar, aprobamos a Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que xa leva dous anos de aplicación e que permitiu reducir en dezasete días o prazo de emisión de informes, axilizando a resolución dos trámites administrativos. Tamén reforzamos a nosa capacidade administrativa para optimizar os recursos do Mecanismo de recuperación cun plan de reforzo de persoal, e contamos con 423 traballadores na Administración autonómica que realizan tarefas relacionadas coa xestión destes recursos.

Ademais, desenvolvemos unha aplicación propia informática, o Xefres, para centralizar e sistematizar a información dos proxectos públicos que executamos e poder así facer un seguimento rigoroso da súa execución e do cumprimento dos fitos e obxectivos asociados, permitindo unha futura interoperabilidade coa aplicación Coffee —cando teñamos acceso aos datos que cargamos alí—, cando esta entre en funcionamento, como dicía.

Señoría, tamén quero reiterar que puxemos en marcha unha oficina técnica Next Generation para planificar e coordinar a posta en marcha de iniciativas públicas e privadas, así como para dar soporte técnico aos proxectos públicos. E quixera destacar que abrimos recentemente unha liña de apoio dirixida especificamente aos concellos galegos para prestarlles asesoramento para a captación de fondos e promover a participación das entidades locais nas convocatorias dos ministerios e das consellerías.

En canto á execución, cos datos actuais acumulados podemos afirmar que a Xunta está a mobilizar todos os recursos que recibe. Publicáronse convocatorias e licitacións por importe de máis de 660 millóns de euros, mentres que o importe adxudicado de convocatorias e licitacións ascende a 512 millóns de euros.

Centrándonos na información do ano 2022, a nivel orzamentario podemos dicir que o 40 por cento dos recursos totais asignados se recolleu no orzamento inicial; e que ao longo do ano a Xunta adxudicou o 66 por cento destes recursos. En contraposición, a Administración xeral do Estado incluíu no seu orzamento inicial no ano 2022 o 39 por cento do total dos 69.528 millóns de euros, e adxudicou o 25 por cento dos fondos orzados, un 41 por cento menos que a Xunta de Galicia. Isto, segundo os cálculos da IGAE, e deducindo as transferencias entre administracións —que non son execución, evidentemente—.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, o máis importante é que cos últimos datos os fondos de recuperación xestionados pola Xunta de Galicia se están a materializar en máis de 7.000 persoas autónomas que recibiron da Xunta un total de 20 millóns de euros a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e en máis de 1.500 empresas beneficiarias, con 200 millóns de euros adxudicados ata o de agora. As entidades do sector público institucional máis beneficiadas son as tres universidades galegas: para a execución do Programa de comunicación cuántica, 5,2 millóns de euros; e para o de ciencias mariñas, 4,8 millóns de euros. Tamén teñen unha importancia de participación as autoridades portuarias de Vigo —3,5 millóns de euros— e a de Ferrol —3,1 millóns de euros—. En canto ás persoas físicas, preto de 19.500 son beneficiarias na actualidade dos 38 millóns de euros en programas de promoción do emprego, contratación, recualificación e dixitalización en núcleos de menos de 30.000 habitantes. Outras 4.000 persoas beneficiáronse das actuacións no eido...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...da eficiencia enerxética por máis de 9 millóns de euros, destacando o Programa Moves III e os autoconsumos de renovables e térmicas.

Xa remato, señoría.

O resto das persoas recibiron subvencións doutras consellerías, sendo Medio Rural —3,3 millóns de euros— e Política Social —4,5 millóns de euros— as máis significativas.

En canto ás liñas para concellos, 181 millóns de euros, o 45 por cento, son para sustentabilidade turística, o 18 por cento para rehabilitación a nivel de barrio, un 15 por cento para actuacións sociais e un 12 por cento para o tratamento de residuos.

En definitiva, dende a Xunta estamos canalizando os fondos cara aos destinatarios, a pesar da pouca marxe de manobra, que reduce a capacidade de decisión sobre o destino dos fondos, e de que non sempre se poden atender.

Gustaríanos, como dicía...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Bueno. Remato. *(Aplausos.)*

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación publica do Servizo Galego de Saúde

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, por tempo de dez minutos, ten a palabra dona María Montserrat Prado Cores.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Bo día, conselleiro.

O Partido Popular leva catorce anos gobernando para a sanidade privada, catorce anos actuando de comercial das empresas privadas. E lévao facendo, ademais, con escurantismo, sen transparencia, sen luz e taquígrafos; e cada novo dato que coñecemos deixa claro que o Partido Popular na Xunta de Galiza deixa a deterioración da saúde pública para a maioría e negocio duns poucos. Os catorce anos de Partido Popular na Xunta deixan a sanidade pública na UCI —por certo, hoxe é o Día internacional da atención primaria, sería bo que nalgún momento nos dixese que vai facer para solucionar os gravísimos problemas que segue tendo a atención primaria; máis alá de que nos acostumemos a que esa sexa a situación—, mais ás familias e ás empresas amigas con moi boa saúde económica.

E mire, segundo o balance da contratación pública da Xunta correspondente ao ano 2022, feita pública pola Consellería de Facenda —do conselleiro que acaba de comparecer aquí, neste Parlamento—, a Administración galega licitou 2.233 millóns de euros en contratos. Deses millóns, 983 foron contratos a dedo, contratos menores e negociados sen publicidade; é dicir, o 45 por cento dos contratos da licitación pública da Xunta foron pola vía de «a dedo»; é dicir, contratos abertos, que limitan a competitividade entre as empresas; non son procedementos abertos a calquera empresa, senón os que decide a Xunta que lles quere adxudicar, e non hai concorrencia. E segundo esa mesma información, facilitada e colgada na páxina da Xunta, da Consellería de Facenda, o Sergas, deses 2.233 millóns de euros, copou 1.191 millóns —é dicir, o 56,7 por cento dese montante global— e, desa cantidade, 889 foron pola vía de «a dedo», contratos menores negociados sen publicidade. E o 90 por cento das adxudicacións a dedo feitas pola Xunta fainas o seu departamento. Vostede adxudica o 90 por cento dos millóns de euros adxudicados a dedo, sen concorrencia, sen transparencia e con total escurantismo feitos pola Xunta. Ou sexa, que o Sergas acapara o cincuenta e pico por cento da contratación pública, o 75 por cento dos contratos desa licitación pública, e o 90 por cento do orzamento desa licitación pública feita a dedo. É dicir, 9 de cada 10 euros de contratación pública feita a dedo pola Xunta faina vostede, ou sexa, o seu departamento, con vostede á fronte. É dicir, que de cada 10 euros de contratación pública do Sergas 7,5 fanse a dedo, con total escurantismo.

E, mire, este é o queixiño que ten colgada a propia Consellería de Facenda. *(A señora Prado Cores mostra un gráfico.)* Esta é a contratación pública do Sergas, Consellería de Sanidade —fago referencia ao Sergas porque é a inmensa maioría—; todo o de azul é a dedo, *(A señora Prado Cores sinala a parte azul do gráfico.)* e exclusivamente este pouquiño *(A señora Prado Cores sinala a parte branca do gráfico.)* —non é unha exaxeración feita polo BNG, é a propia estatística feita pola Xunta de Galiza—... Bueno, pois todo isto azul son contratos a dedo, 889 millóns de euros, e só esta pequeniña cantidade son por vías de concorrencia, con transparencia, con contratos, con expedientes; estas cousas que deberían ser a norma na contratación pública da Xunta e non a excepción. E o que se está demostrando con estes datos é que a norma na contratación do Sergas son os contratos a dedo e non a publicidade dos expedientes, que debería ser o que debería imperar. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos a falar de contratos a dedo, negociados sen publicidade, usados de forma ordinaria, de contratación de forma directa, sen concorrencia e sen publicidade e igualdade de trato, nos que non existe expediente de contratación e, polo tanto, carécese de pregos que regulen a contratación da oferta ou de contrato que estableza e ordene os dereitos e obrigas das partes. Isto non o estou dicindo eu, isto está no Informe de fiscalización da Conta xeral do Sergas feita polo Consello de Contas do ano 2020, que é o último auditado —literal—.

E, entón, a primeira pregunta, señor conselleiro, é: ¿que pode xustificar tan elevado número de contratos menores e negociados sen publicidade no seu departamento? Nós temos que lamentar que non é unha cuestión puntual; non é algo que pasase excepcionalmente porque non sei que pasou no ano 2022 que deu estes datos, senón que é unha cifra que non fai máis que aumentar, cada ano é máis. Porque no ano 2022 con respecto ao ano 2023 foron 233 millóns de euros máis que no ano 2021, que xa eran moitos. E ano tras ano aumenta o volume de orzamento da Xunta destinado a contratacións a dedo: no ano 2021 foi do 37 por cento; no ano 2022, o 45 por cento; mais o Sergas dobra a aposta do conxunto da Xunta. Resulta que o Sergas no ano 2021 fixo contratos a dedo por un montante do 64 por cento, mais no 2022 xa estamos no 90 por cento do orzamento de licitación do Sergas.

Entón, claro, seguimos preguntando que pode xustificar este tipo de contratos e volume de orzamento por esta vía de tanta excepcionalidade. Supoño que virá dicir que son contratos legais, evidentemente, pensados para cuestións excepcionais, de urxencia e tal, que o seu departamento, como está á cabeza, está convertendo en norma. Entón, hai un movemento continuo e constante do recurso á contratación a dedo que mostra unha vontade clara de agochar «o que» e, sobre todo, «a quen» destinan estes cartos.

E é unha circunstancia que foi denunciada ano tras ano polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización, con recomendacións de que rematasen con esta práctica, e a Xunta de Galiza, o Sergas, fixo ouvidos xordos sistematicamente: unha modificacioncilla aquí, unha cuestión menor no outro lado, pero no montante, como estamos vendo, caso omiso. Denuncia que volveu realizar no último informe de fiscalización do ano 2020 e que foi reiterada polo conselleiro maior do Consello de Contas na súa comparecencia hai un mes neste Parlamento, onde advertiu literalmente que un ano máis continúan pendentes de atender por parte da Xunta as recomendacións de que debe cesar na utilización da figura, por exemplo, da autorización de uso como forma contractual, e de que debe suxeitar ao marco legal os gastos que se veñen detectando pola vía do contrato menor e que non se axustan á regulación.

Podía lerlle cuestións como o que di o Consello de Contas, que hai determinados servizos nos que non se emprega ningunha fórmula contractual, senón que se recorre de forma reiterada ás autorizacións de uso, que son esa cuestión pola que non hai un contrato, pola que teoricamente tería que haber concertos, regulados con contratos, nos que se soubese a quen se adxudica e que deberes teñen as partes, pero que non van por unha autorización de uso onde non hai absolutamente ningún tipo de control.

Hai que engadir que hai un notable incremento no 2020 —cando fiscalicen o do ano 2022 van flipar no Consello de Contas, porque se no 2020 lles parecía que había moito, no 2022 xa non lle quero nin dicir—, onde só se sustentan en documentos ADOK, que son os contra-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tos menores, que obedecerían potencialmente á adquisición de servizos pola vía de contrato menor e que pola súa dimensión económica e reiteración non poderían ter a dita cobertura. Dío o Consello de Contas: non poderían ter a dita cobertura. Trataríase, polo tanto, de gasto orixinado de forma allea ao marco normativo en vigor. Di que da actividade concertada, o 15 por cento fano polos contratos menores, cando teoricamente teñen concertos con entidades hospitalarias e demais; é dicir, contías importantes. Pois fano por vía de contratos menores. Ou tamén din que se utiliza o fraccionamento dos importes para dar cobertura ás prestacións en lugar de tramitar o correspondente procedemento ou modificar, no seu caso, o contrato vixente.

E fai referencia a exemplos como ao do Centro Médico El Carmen, no que dous millóns e pico de euros son pola vía de autorización de uso e contratos menores. É que non estamos falando de comprar un paracetamol porque resulta que quedamos sen el; estamos falando de millóns de euros pola vía dos contratos menores de urxencia sen ningún tipo de fiscalización.

Dende logo, ao BNG non nos parece xustificado este elevado volume de contratos menores, de cesións de uso, de negociados sen publicidade e, sobre todo, que aínda sexan superiores aos feitos durante a pandemia. Durante a pandemia ata podiamos chegar á conclusión de que era unha situación excepcional e de que era imprescindible resolver como se puidese. Pero é que vostedes pasa a pandemia e seguen facendo absolutamente o mesmo. Non, seguen dobrando a aposta. Insisto, de cada 10 euros de contratación pública do Sergas, 7,5 son a dedo. Da contratación a dedo da Xunta, de cada 10 da Xunta, 9 fainas o Sergas.

Entón, ben, parécenos que, dende logo, este elevado volume de contratos non ten ningunha xustificación e gustaríanos que nos explicase que fixo diante das reiteradas advertencias do Consello de Contas de que ten que rematar con esta práctica e de que fixo para que a Administración pública poida dicirse que usa con rigor os cartos públicos dos galegos e das galegas. Porque estamos falando de que vostede adxudica a dedo case novecentos millóns de euros dos cartos dos galegos e das galegas. Non son do seu peto; cos do seu peto pode facer o que lle dea a gana, pode contratar a quen lle dea a gana, pode comprarlle a quen lle dea a gana, pero cos cartos dos galegos e das galegas vostede ten que ser rigoroso, e ser rigoroso significa facer contratación...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...facer transparencia e permitir que todas as empresas poidan concorrer en igualdade de condicións; cousa que vostede non está facendo. Polo tanto, señor Comesaña, agardo —dígolle que con moita impaciencia— as súas explicacións a respecto desta cuestión.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Ben, ¡menuda entrada, señora deputada! ¡Mire que debemos estar facendo mal iso que dixo que levamos catorce anos facendo, que é gobernando para a sanidade privada! ¡Pois mire que digo que o debemos estar facendo mal, porque, curiosamente, Galicia é a comunidade autónoma onde menos seguro privado hai! ¡Será que o facemos francamente mal!

Feita esta introdución, por outra parte esperada, vou dicir que esta é a segunda vez en menos dun ano, concretamente en menos de seis meses, que acudo a esta Cámara a explicar de novo a contratación que emprega o Sergas para o seu funcionamento, en especial a utilización dos contratos menores. Agora vostede, supoño que froito do lío que ten, fala das autorizacións de uso, que non teñen nada que ver cos contratos menores. Pero, ben, supoño que ao ler os documentos que traía non foi capaz de separar. Eu vou centrarme naquelas cousas polas que vostede interpelou, que son os contratos menores.

Intentarei ser o máis claro posible para dar cumprida resposta ás súas preguntas, buscando que entenda o por que do emprego destes contratos e así pechar definitivamente este tema.

Como lle dixen no seu día ao seu compañeiro de oposición, o Sergas é un organismo autónomo, de carácter administrativo, é dicir, unha entidade de dereito público, con personalidade xurídica propia, tesourería, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que desenvolve actividades propias da Administración.

Dentro da propia consellería, e ademais dos servizos centrais e outros entes, o Sergas, como vostede ben di, é o organismo que capitaliza o groso do orzamento sanitario tanto no eido de persoal como no eido das contratacións e nos investimentos. E é preciso lembrar isto porque ten que ser consciente de que a Consellería de Sanidade engloba case o corenta por cento do gasto non financeiro da Xunta de Galicia, sendo o departamento co maior volume nos orzamentos.

Para ser máis concretos, no ano 2023 o orzamento que inviste a Xunta de Galicia en sanidade pública galega, esa que levamos directamente ás empresas privadas, ascende a 4.972 millóns de euros. Cada día 16 millóns de euros dos galegos se destinan, se invisten en sanidade pública, cada día 16 millóns de euros para chegar a eses 5.000 millóns; un 8,4 por cento máis que o que se investía no ano 2022 e que representa, como digo, o 39,4 por cento do orzamento total da Xunta de Galicia.

A principal función do Sergas é a prestación de asistencia sanitaria a través dos centros, servizos e establecementos da Rede galega de atención sanitaria de utilización pública. Para prestar estes servizos asistenciais necesita, ademais dos recursos humanos, que recollen unha porcentaxe altísima dese presuposto —e supoño que ata aí o entenderá—, multitude de recursos materiais que integran o catálogo de produtos sanitarios: por unha banda, máis de 42.000 produtos que manexa o Sergas todos os días —42.000 produtos— e o catálogo de medicamentos, máis de 16.000. En total, estamos a falar de que o Sergas neses recursos ma-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teriais que ten que poñer á disposición dos case 43.000 profesionais que ten, ten que poñer —insisto— un catálogo de 60.000 produtos dun tipo ou doutro. Os 14 centros hospitalarios, máis os 460 centros de atención primaria, dótanse fundamentalmente, como vostede ben sabe, de material sanitario e de material farmacéutico, ben mediante procedemento de licitación ou ben mediante contrato menor, debido ás peculiaridades do mercado de produtos sanitarios, o cal é moi amplo tanto en obxecto como en importe.

Isto xa o sinalara o Consello de Contas, efectivamente, en informes previos, onde apunta que o elevado número de contratos menores do Sergas vén dado pola farmacia hospitalaria e polos consumibles nos diferentes centros de gasto. Xa di o Consello de Contas cal é o motivo: a farmacia e os consumibles.

Hai que ter en conta as circunstancias especiais que habitualmente concorren no mundo farmacéutico, que vostede tamén debería coñecer. Esas circunstancias non facilitan a libre concorrencia e dificultan a autorización dos trámites previstos na normativa reguladora dos contratos do sector público; normativa que, por certo, cambiou no ano 2017.

Neste senso, as particularidades que ten a realización das compras no sector sanitario fai que nos situemos en mercados cativos por mor das corporacións farmacéuticas e dos dereitos de patentes que teñen sobre os produtos. E é neste eido onde o Sergas se ve obrigado a empregar procedementos negociados sen publicidade, posto que establecer un procedemento de libre concorrencia e cun proceso de licitación para un produto exclusivo, protexido por patente, sería totalmente ineficaz e ineficiente debido á existencia —insisto— moitas veces dun único provedor.

Este procedemento por suposto busca reducir as exixencias legais neste tipo de procedementos, axilizando as compras e favorecendo con iso o uso máis eficiente dos fondos públicos. E claro que a axilidade de procedementos redunda na redución de custos e, por ende, nunha maior e mellor eficacia na prestación sanitaria.

Por tanto, é un procedemento de adxudicación totalmente legal e que tamén existe noutros países da Unión Europea, como é o caso de Italia ou Alemaña. O procedemento negociado sen publicidade está recollido na Lei de contratos do sector público —¡faltaría máis!— e contempla as casuísticas que se dan cos medicamentos e tamén en certo equipamento, posto que no seu artigo 168. a). 2, recolle que «as obras, subministracións ou servizos poderán ser encomendadas a unha empresa determinada debido a que non exista competencia por razóns técnicas ou que proceda da protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual ou industrial».

Por suposto, esta tipoloxía de contrato ten os seus procedementos de fiscalización e conta con todas as garantías que recolle a lei, non deixando dúbida ningunha sobre a legalidade do proceso. Aquí a única que sementa dúbidas é vostede, señora deputada.

Polo tanto, señora deputada, nin se evita o control do diñeiro público, como vostede di, nin a libre competencia, basicamente porque determinado ben só pode ser subministrado por un único provedor. ¿Que competencia imos ter cun produto que mercamos, un deses 60.0000, que só ten un único provedor?

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Está ben que cite a Lei de contratos do sector público, referindo os importes dos contratos maiores e menores, pero, para ser xustos, tamén debería ter en conta os diferentes procedementos de contratación dispoñibles segundo as circunstancias que xere o contrato.

Dixo vostede que, segundo os datos facilitados, o 90 por cento dos contratos menores que fai a Xunta de Galicia lle corresponden ao Sergas, e é certo. Pero máis que centrarse no volume de procedementos —pensen, xa menores ou negociados— debería fixarse no volume económico que representan. Esta é unha comparación a ter en conta, xa que, se ben é certo que o número de expedientes de contratos menores é maior que o dos contratos maiores, en termos económicos é á inversa.

Ten que ser consciente de que o número de contratos menores que se realizan e do volume económico que estes supoñen na súa meirande parte é un volume moi reducido. Así pois, coa contratación menor do exercicio de 2022, case o trinta por cento dos contratos dos que vostede fala non acadan o importe de 500 euros. O 30 por cento, menos de 500 euros deses contratos menores que vostede di, e máis do 40 por cento, concretamente o 41,32 por cento, son contratos de menos de 1.000 euros.

Estamos, pois, ante un volume de número de expedientes moi elevado, pero de moi reducida contía. Son visións distintas, pero o importante é facelas, sobre todo cando se intenta deslizar... Ben, eu non diría deslizar, porque directamente acusa vostede de mano negra, de desvío á privada —que foi como empezou— ou de uso fraudulento. Ben, pois cando alguén vai por aí —insisto—, hai que facer esta visión complementaria.

Precisamente unha das características da compra sanitaria é a dificultade da centralización da contratación, derivada en moitos casos, como dixen anteriormente, desas compras correspondentes á farmacia sanitaria, con produtos protexidos por patentes ou cun número escaso de dispensacións, como son, por exemplo, as novidades terapéuticas; esas que, por certo, no Sergas non se evitan nin se lle quitan a ningún paciente nese sistema privatizado que estamos a ter. Non obstante, e seguindo as recomendacións do Consello de Contas, reforzamos o sistema de compras centralizadas para acadar mellores prezos e maior eficacia nas adquisicións.

Se observa os distintos expedientes de compras centralizadas e se fixa no valor por que se licitan, verá que estamos falando de conseguir reducións dun 9 por cento de media, estimando un aforro de máis de 1,4 millóns de euros; ou podendo chegar incluso a unha redución dun 29 por cento de aforro por expediente.

O problema disto é que a maior parte destas compras de farmacia se dan mediante procesos nos que —como dicía e insisto— só concorre unha empresa, a cal ten a patente para a fabricación e a comercialización dese fármaco. Cando se dá esta casuística, xorde o problema de que non hai aforro porque os prezos dos medicamentos, como vostede tamén debe de saber, están intervidos polo Ministerio de Sanidade e, polo tanto, non ten sentido poñer en marcha un procedemento de contratación porque só hai un licitador, un provedor do dito fármaco. Pero é que non o digo eu, é que tamén o di o estudo que presentou a Airef (a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal) no ano 2020. Ese estudo foi a continua-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción do *Spending review*, *Gasto hospitalario do sistema nacional de saúde: farmacia e investimento en bens de equipo*, no que se analiza, revisa e avalía, entre outros extremos, o gasto farmacéutico hospitalario.

Os resultados deixan patente que nos distintos servizos sanitarios os niveis de contratación non normalizada son moi elevados, identificando dificultades na xestión e tramitación de expedientes, como son as limitacións orzamentarias, a heteroxeneidade no control interno e complicacións para conseguir o consenso entre profesionais.

Dende a Consellería de Sanidade apostamos por homoxeneizar esa prestación farmacéutica, por suposto, acordando priorizar os expedientes que supoñan unha mellor porcentaxe de gasto.

Insisto, estamos falando de medicamentos máis caros, neste caso, como a innovación. A Airef e outras comunidades falan de adaptar a Lei de contratos do sector público para que sexa posible a incorporación de fórmulas de contratación que teñan en consecuencia esta resolución administrativa, o que supón a decisión favorable de financiamento da Comisión Interministerial de Prezos de Medicamentos, establecendo teitos máximos de gasto, pagos por resultado e que se use a carga burocrática actualmente que supón a tramitación deses procedementos, que fai, como digo, totalmente inviable traballar doutro xeito.

Estes cambios legais, cando se fagan, van permitir, sen dúbida, fortalecer esa contratación centralizada, que isto, no día de hoxe, como digo, é moi difícil. En todo caso, nós imos seguir traballando nese eido, á vez que continuamos empregando os procedementos máis axeitados para cada produto sanitario, para cada centro hospitalario e para cada centro de atención primaria, tendo como principal obxectivo ofrecer unha atención de calidade a todos os galegos e as galegas.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Saudamos os alumnos e os seus profesores de sexto de primaria do centro de Arteixo. Benvidos ao Parlamento.

Correspóndelle agora a réplica á señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Mire, señor conselleiro, non ofende quen quere, senón quen pode. E vostede, como sempre, logo, supoño que na réplica, en vez de contestar a nada do que eu lle preguntei, procederá ao insulto. Son estas cousas polas que logo se alporiza tanto o Partido Popular, pero é que vostede entusiasticamente cada vez que comparece sobe un pouco a aposta.

Mire, eu dixen que hai contratos menores, negociados sen publicidade —dito pola Consellería de Facenda—, por un montante da súa consellería de 889 millóns de euros; bastante

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis do volume de orzamento que teñen algunhas das consellerías do Sergas —cousa denunciada polo Consello de Contas unha e outra vez—. É que, ademais, tamén denuncia as cesións de uso e tal e tal. Entón, ¿indocumentado? Pois igual, si, pero debería tamén escoitar cun pouquiño de atención antes de descualificar.

E, mire, unha cuestión. Vostede veu aquí dicir que é normal que o seu departamento, a Consellería de Sanidade, pola vía da excepcionalidade, sen transparencia, sen contratos e sen nada, adxudique o 90 por cento do orzamento destinado a esta cuestión. A vostede parécelle que é normal e vén dicir que é unha cuestión derivada da farmacia. Entón, eu voulle dar algún dato, e é que o que está no orzamento da Xunta do ano 2022, destinado a produtos farmacéuticos e materiais sanitarios, son 498 millóns de euros. Estamos falando de que os contratos a dedo son 889. Terían que adxudicar o total destinado a produtos farmacéuticos e materiais con contratos a dedo, e, ademais, aínda faltarían 391 millóns de euros sen xustificar. ¿De que cre vostede que está falando? ¿Está tomándonos por imbéciles ou que? Porque pretende tratarnos de imbéciles.

Entón, resulta que o Partido Popular presumiu por activa e por pasiva de que poñía en marcha unha central de compras do Sergas —privatizada, por certo— para ser máis eficiente, máis eficaz e facer unhas compras centralizadas. E resulta que con esa central de compras —que, por certo, vostede sabe que non fixo máis que empeorar todos os produtos e a calidade dos produtos do Sergas—, nin eficiencia nin eficacia. E dígame vostede como é posible que ano tras ano, en vez de reducir ese tipo de contratos, vostede os aumente. ¿Como é posible, se todo está ben, que o Partido Popular acabe de presentar unha proposta de resolución ao Informe de fiscalización do Consello de Contas pedíndolle e exixindo que antes de que remate esta lexislatura remate con esas prácticas? Gustaríame que mo explicase; gustaríame que me explicase o Partido Popular, se todo está fantástico, por que lle piden que remate con esas prácticas, por que lle piden que regularice a contratación no Sergas, porque é un auténtico escándalo. E volvo repetirlle: de cada 10 euros de adxudicación, de licitación pública do Sergas, 7,5 fano a dedo, sen absolutamente ningún control, sen permitirlles ás empresas que poidan concorrer. Entón, gustaríame que fose capaz —e cun mínimo de seriedade— de dar unha explicación máis alá de que é debido aos produtos farmacéuticos. Vale, hai un volume de contratación menor. Entón, ¿cal é a explicación?

¿Os hospitais galegos son xeralistas, non? Especialidade arriba, especialidade abaixo, máis ou menos todos teñen as mesmas especialidades. ¿Cal é a razón de que esas patentes, ademais, non se poidan comprar centralizadas? ¿Por que as ten que comprar cada hospital? ¿Por que cada xerencia e cada responsable ten que facer esas adxudicacións das empresas que lle dá a gana e para cuestións que non sabemos cales son?

Entón, a cuestión é, señor conselleiro, que, se vostede non ten nada que ocultar, luz e taquígrafos. E o que lle pedimos é que faga unha auditoría externa de todos estes contratos menores para que saibamos a quen se contratou e para que; *(Aplausos.)* ¡a quen e para que! Simplemente iso: a quen e para que.

Presenten un informe, despois de facer esa auditoría, neste Parlamento, onde saibamos todos, destes 889 millóns de euros, que empresas e para que se as contratou. Porque, insisto,

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estamos falando dun volume que nin sequera é superior ao orzamento dalgunhas consellerías. Non estamos falando da calderilla de bolsillo, señor conselleiro, estamos falando dun montante moi importante. Entón, transparencia, luz e taquígrafos; e, se non hai nada que ocultar, transparenten todo o que faga falta.

As advertencias do Consello de Contas non son do ano pasado, nin do anterior, véñenas facendo dende o ano 2013. ¿Sabe que di no último informe de fiscalización o Consello de Contas —no do ano 2020, que é o último—? Entre outras cousas, que non é posible nalgúns casos auditar porque non lle mandan a documentación, señor conselleiro. ¡Non lle mandan a documentación do Sergas ao Consello de Contas para que poida auditar en condicións como usan os cartos públicos! *(Aplausos.)* Entón, estes datos que estaba eu hoxe aquí dando non os saquei da manga, son datos do Consello de Constas, e son datos do balance feito pola Consellería de Facenda a respecto da contratación pública do Sergas, que di que cada ano vostedes dobran a aposta; que se o montante da Xunta de Galiza aumenta cada ano as contratacións a dedo —supoño que nas outras consellerías tamén hai que comprar medicamentos; entón, non poden facer licitacións públicas con transparencia—, o Sergas multiplica. Se sobe o da Xunta un 10 por cento, o Sergas, o 30 por cento, e ademais por encima. Non ten ningunha xustificación máis que que o Partido Popular é na Xunta de Galiza unha máquina de facerlles negocio ás empresas amigas, sen transparencia. *(Aplausos.)* ¡sen transparencia, sen documentación, con contratos *ad hoc*, adxudicados a dedo, onde outras empresas non poden concorrer!

E vostede, póñase como se poña, pero aínda gastando o total do orzamento destinado a farmacia, por contratos a dedo, aínda co total, tiña que xustificar trescentos e pico millóns de euros feitos por esta vía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora deputada, eu intenteille explicar as distintas circunstancias que motivan o emprego de cada procedemento que emprega o Sergas. Falei das circunstancias que concorren en determinados bens e consumibles, da existencia de mercados cautivos e do labor que na Consellería de Sanidade levamos a cabo por centralizar as compras e conseguir aforros.

Vostede contéstame que os produtos sanitarios no Sergas empeoraron dende que temos a compra centralizada. Moitas grazas, moi boa apreciación, moi técnica. Trateille de explicar que todos estes procedementos son legais, porque así o recolle a lei, por suposto, e ademais, se non fose así, a intervención non permitiría o seu emprego. Pero, aínda así, as miñas explicacións non lle valen, porque o seu discurso é claramente outro.

Di vostede que non parece xustificado o elevado número de contratos menores que realizou o Sergas no ano 2022. Bueno, pois eu acabo de explicarlle por que creo que si que é xustificado, e deille os argumentos, o que pasa é que vostede non quere escoitalos.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como lle expliquei na miña intervención, temos xustificación no emprego destas fórmulas, xa que a idiosincrasia do mercado sanitario, farmacia e produtos sanitarios... Vostede fala do presuposto de farmacia. Di que os produtos sanitarios deben ser gratis. É un bono; se compras tanto da farmacia, regálanche o catéter, iso xa non hai que mercalo. E fai as contas só con farmacias. É outro exemplo máis.

Voulle poñer un par de exemplos a nivel global dos contratos menores doutras comunidades autónomas para que tamén se centre un pouquiño, porque, claro, este é o PP en Galicia. Valencia ten unha porcentaxe de contratos menores, sobre o conxunto total do número de contratos, do 87,39; Estremadura, do 97,78 de contratos menores con respecto ao total; e Castela-A Mancha cifra en 86,47. ¿Sabe nese informe cal é o dato de Galicia? Estremadura, o 82; 97; e Galicia, o 82.

Pero, se quere, tamén podemos comparar con outros contornos, por exemplo, co das grandes cidades de Galicia: o número de expedientes de contratación menor en Santiago de Compostela é do 99,86 por cento; en Pontevedra, do 98,74 e na Coruña, do 96,52. Supoño que alí o seu partido, especialmente en Pontevedra, tamén estará traballando moi de cerca cos contratos a dedo e escuros. E todo isto, insisto, sen necesidade de mercar ningún fármaco nestes sitios que acabo de dicir agora.

Respecto da facilidade de buscar a información —porque vostede, claro, fala de transparencia, de escurantismo—, voulle dicir que na Plataforma de contratos de Galicia está toda esa información. Supoño que a vostede iso lle resultará dificultoso, sobre todo se se equivoca e busca autorizacións de uso. Quero pensar que isto xa o sabe, porque vostede xa viu esa información, e que o que trata é de botar información non correcta, por dicilo dun xeito claro.

Voulle falar dunha oficina independente de regulación e supervisión da contratación que, no seu informe anual, neste caso sobre contratación pública, di que en Galicia si que se poden comprobar que contratos están, eses que vostede exixe. Para facilitarlle o traballo e que non diga que esta oficina igual tamén é opaca —que é o que lle gusta dicir—, no módulo 5 do informe do ano 2022, relativo ao cumprimento do principio de publicidade e transparencia, na páxina 49, di: «*En la Plataforma de contratos de Galicia no hay filtro en el buscador general de contratos o buscador específico, como dispone la Plataforma de Contratación del Sector Público, sino que debe acudirse al Perfil del contratante*» —aí é onde está a información desta entidade consultada, neste caso, o Sergas— «*para acceder a las publicaciones de los contratos menores, cuya información cumple con los requisitos de la Ley de contratos del sector público*».

Polo tanto, señora deputada, se non quere ver os contratos e aplicarlles os filtros que estime oportunos é porque non quere, evidentemente, porque están accesibles para todo o mundo, coas facilidades para localizar, como digo, expedientes, para designar por tipos de contratos, por importe..., o que vostede queira.

E, ademais, mire se somos obstrucionistas coa información, que a Lei de transparencia establece que hai que publicalas trimestralmente. ¿Sabe canto tempo se tarda en publicar esta información na Xunta de Galicia? Pois un día. Hoxe pode ver vostede os contratos menores que se adxudicaron no día de onte nesa plataforma do Portal dos contratos. Polo que agora vostede pode consultalos, e con máis información, insisto.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vou rematando. Como dixen anteriormente, todos os procedementos de contratación menor e negociados sen publicidade cumpren con todos os requisitos legais, e son fiscalizados e publicados no Portal de contratos e no Portal de transparencia. Polo tanto, esa idea de escurantismo, de contratos a dedo, cáelle. Aquí ten esta información.

O control financeiro permanente exerce, de xeito continuo, durante o exercicio económico, as revisións sistemáticas da actividade económico-financeira e da execución orzamentaria. Faise un seguimento da facturación dos centros e do control periódico no período medio de pagamento e adicionalmente os servizos de auditoría emiten un informe previo á aprobación polo órgano xestor dos pregos de cláusulas administrativas.

No exercicio do 2020, ademais destas actuacións de carácter recorrente, os servizos de auditoría desenvolveron un plan anual de control correspondente ao ano 21019, e no ano 2022 emitíronse os informes definitivos que tiñan por obxecto avaliar o plan de compras como instrumento de planificación. E todo iso, ademais do control externo, como vostede ben di, do Consello de Contas, realizando un control da situación económica, financeira e contable, en exercicio, por suposto, das súas funcións.

Polo tanto, señora deputada, non ten lugar a realización de ningún tipo de informe ao Parlamento de Galicia onde conten eses expedientes, porque todos os galegos con acceso a internet —vostede tamén— poden consultalos onde queiran e sabendo que contan con todas as garantías.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o transporte público por estrada

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira.

Como vostede ben sabe, non é a primeira vez que o BNG trae esta cuestión aquí, ao Parlamento, tanto en comisión como en pleno, das irregularidades e dos incumprimentos nos contratos do servizo de transporte público, mais a realidade e a actualidade fainos traer esta cuestión outra vez aquí, e ademais sabendo que no que estabamos denunciando nos últimos anos cada vez se nos dá máis a razón. A Xunta nunca o fai, igual que nunca entrega a documentación que se lle require, a información e demais, e todo isto ten que facelo a xustiza, como vimos de ver.

A situación dos incumprimentos e das irregularidades nos contratos de transporte público roza xa o escandaloso. Levamos moito tempo dicíndoo: en duplicidade de matrículas, en

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

idade máxima dos vehículos, en certificados ambientais, en paradas, en horarios, en itinerarios, en estado dos vehículos, en bases operativas... Podería facer aquí realmente unha intervención de media hora ou de 45 minutos, unha comparecencia ou mesmo unhas convivencias para expoñer toda esta cuestión; pero intentarei facelo en dez minutos e mais despois nos cinco de réplica. Creo que o mellor e o máis ilustrativo é ir ao turrón, xa que teño pouco tempo, e que comecemos a falar xa das cousas con documentación.

Como vostede ben sabe, o pasado mes de marzo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza facía pública unha sentenza e fallaba a favor da entidade demandante, declarando a nulidade da non incoación dun expediente sancionador por parte da Comisión Galega da Competencia por iso, por arquivar, sen incoar expedientes sancionadores, as actuacións presentadas sen realizar a comprobación dos feitos denunciados; unha demanda que se interpón —segundo o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza— con razóns bastantes fundadas para entender que tanto Alsa como Monbus tiveron un acordo previo para repartir o mercado, indo en contra dos principios da libre competencia; e, sobre todo —dende a nosa opinión—, tendo como aliada fundamental a Xunta de Galiza e a súa consellería, e, como non —o que é transversal a todo isto, entre a súa consellería, a propia Comisión Galega de Competencia e estas propias empresas—, o Partido Popular. Porque non se pode dicir, señora conselleira, seguindo o manual de estilo do Partido Popular e eludindo calquera tipo de responsabilidade como goberno —como dixo vostede, como dixo o señor presidente Rueda ou como dixo a secretaria xeral do PPdeG—, que esas son cousas entre empresas que nada teñen que ver coa Xunta de Galiza e que o Tribunal Galego da Competencia é un ente completamente independente que nada ten que ver coa Xunta de Galiza nin co Partido Popular; sendo ademais unha comisión escollida polo propio Consello da Xunta, que puxo á fronte un destacado militante do Partido Popular e que no día de hoxe exerce como salvagarda e como parapeto destas empresas para facer o que lle dá absolutamente a gana. Vemos como a Xunta de Galiza non vía nada neste caso, como a Comisión da Competencia non vía nada, como o PP non vía nada; pero o problema é que os sindicatos si que o vían e que o sector si que o vía e, ademais, que a xustiza si que o ve. Son vostedes os únicos ou as únicas cunha cegueira voluntaria e selectiva para facer que estas empresas fagan o que queren cos nosos servizos públicos.

¿E como que non é responsabilidade súa, señora conselleira? Vostede, a súa consellería, é a titular do servizo do que estamos falando, e inviste todos os anos ao redor de cento vinte millóns nestas cuestións. Polo tanto, eu creo que é razoable pensar que vostede, a súa consellería, o Goberno galego ou a Xunta de Galiza ten bastante que dicir, e que non debería dicir —porque isto é lamentable, e ademais é un insulto á intelixencia colectiva do pobo galego— que son cuestións entre empresas e que aí «non nos imos meter». Menos mal que neste caso o Tribunal Superior pon un pouquiño de cordura, lle tira das orellas e lle requirirá á Comisión Galega da Competencia que faga as investigacións pertinentes.

Pero é que imos máis alá, xa non é este caso, isto é a punta do iceberg do que está acontecendo co servizo de transporte público neste país. Vostede ben sabe que xa leva un tempo e que hai algunhas cuestións que concirnen a isto xudicializadas. E é que é moi triste, señora conselleira, que este Parlamento e que a sociedade galega en xeral teña que ter os datos dos seus servizos públicos por requirimento xudicial. *(Aplausos.)* ¡É que é moi triste! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É moi triste que teñamos que esperar a que a xustiza lle requira a información que teñen que dar a este Pleno e que teñen que dar a este Parlamento a que a xustiza o faga. ¡Iso é moi triste!

¿E que vimos cando a Xunta de Galiza se viu obrigada a dar a información que non quería dar sobre as matrículas adscritas e as sancións, os expedientes sancionadores, que puxo nestes últimos tempos no Plan de transporte público de Galiza? Ademais facendo, bueno, un pouquiño de trampas, ou xerando bastante ruído na documentación e incluíndo sancións do ano 2003 ou 2004, cando non era nada do que lles requiría e sabendo que do 2017 ou desde o 2018 para adiante, desde a implantación do Plan de transporte público, era realmente o obxecto da reclamación e das denuncias.

¿En que derivou que vostedes tivesen, por orde xudicial, que dar esta información? Pois derivou na apertura de dilixencias previas por prevaricación administrativa contra o seu director xeral. Non sei se o sabe; supoño que xa lle chegaría a citación. O outro día dicían que aínda non lles chegara e que non sabían nada, pero pódolles ler aquí o documento onde o di. Nos fundamentos do dereito, no primeiro, di que «...os feitos que resultan das anteriores actuacións presentan características que fan presumir a posible existencia de dereito de prevaricación administrativa». E na parte dispositiva do fallo do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela acórdase incoar dilixencias previas por un delito de prevaricación administrativa contra o señor director xeral de Mobilidade. Na propia denuncia que sustenta este fallo falan do que levamos moito tempo falando dende o BNG: do incumprimento sistemático das idades máximas dos vehículos permitidas nos pregos e nas ofertas, da falta de vehículos, da falsidade documental que teñen certas empresas —nomeadamente, o grupo Monbus, por ter ao redor do 80 por cento do mercado— cando van ás adxudicacións, falseando a capacidade da propia empresa, duplicando matrículas que non teñen ningún tipo de compatibilidade ou poñendo vehículos que non cumpren coas especificacións técnicas dos pregos nin das ofertas.

Sabe vostede que a partir do día 1 de setembro do ano 2022 caducaba a moratoria que se lles deu ás empresas para poñer en orde os seus vehículos en canto á idade máxima, en canto a certificados ambientais e demais. E resulta que, bueno, empresas que tiñan que facer ese cambio, esa actualización de vehículos, fixérono, pero outras empresas non puideron facelo e tiveron que abandonar o contrato. ¿Que pasou co grupo Monbus? No día de hoxe seguen tendo vehículos que non cumpren. E segundo, na relación de expedientes sancionadores e na relación de matrículas pedidas pola xustiza e entregadas á forza pola Xunta de Galiza á xustiza vemos que no día 23 de marzo —vai nada— seguían sen cumprir. Na propia denuncia que se fai por prevaricación administrativa ao director xeral estase falando de que o propio director xeral, despois de rexeitar unha nova moratoria porque entendía que non había motivos para facelo, segue dándolle prazo —meses e meses de prazo— para que fagan o que xa tiñan que ter feito o día 1 de setembro, sen ningún tipo de sanción, e ademais sabendo que gran parte destas infraccións son motivo de resolución do contrato. ¿Como queren que non pensemos despois, señora conselleira —e disto aínda hai máis, pero quédame un minuto de tempo—, que existe un trato de favor do Partido Popular, da súa consellería, cara ás empresas amigas, cara ao grupo Monbus? *(Aplausos.)* ¿Como quere que non o pensemos? *(Aplausos.)* Néganse a dar a información cando a xustiza llela require e vemos que iso deriva directamente —e ade-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mais poucos días despois— na apertura de dilixencias previas contra o seu director xeral por prevaricación administrativa. E temos que crelos cando veñen aquí vostede e o seu director xeral, ou as persoas que se encargan de levar estes temas no Grupo Popular, e din que está todo marabilloso e que o BNG inventa unha realidade que non existe. ¿Temos que crelos, señora conselleira? Mentiron en todo, mentiron na guerra de Iraq, mentiron no *Prestige*, mentiron na Gürtel, mentiron no caso Bárcenas, mentiron no financiamento da súa sede estatal... Menten, menten e menten para blindar os privilexios dos seus amigos e das súas amigas. ¿Por que temos que crelos agora? Eu prefiro crer a xustiza, señora conselleira.

E creo que, desgraciadamente e tristemente para este país, temos un goberno galego que vai rematar coa política de chanchullos e coa política de amiguismo pola vía xudicial ou pola vía das urnas, pero non pola vía dunha vontade política de realmente poñer os servizos públicos ao servizo do pobo galego, senón que os teñen ao servizo das súas empresas amigas. Vémolo coas eléctricas, vémolo no caso do transporte e vémolo en moitísimas outras cuestións.

Polo tanto, o que lle pedimos hoxe, señora conselleira, é que rematen coas políticas de amiguismo, que rematen coa política de chanchulleos, que poñan os servizos públicos en mans e ao servizo da cidadanía galega, do pobo galego, e non das empresas amigas.

Señora conselleira, espero que me responda a algo disto e espero que poidamos falar en serio do que é fomentar o transporte público, de ter un servizo público de calidade, porque no día de hoxe non o estamos tendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, o certo é que o BNG é previsible e, coma sempre, ten calquera escusa para a mesma cantinela de sempre: o discurso de pancarta, da canción protesta constantemente. Voulle dar algún dato, datos realistas.

O 94 por cento das expedicións cumpren. E para que teña o dato das expedicións: facemos 50.000 expedicións á semana e o 94 por cento cumpren; os que non cumpren son sancionados. Segundo dato: o incremento do número de usuarios avala que este plan de transporte e que o transporte público funciona. Incrementamos neste ano 2023 —comparado co ano 2022— máis de 120.000 viaxes máis ao mes que realizan os usuarios con respecto ao ano 2022. Polo tanto, o 94 por cento cúmprense e, cando non se cumpren, sanciónase.

Pero eu diríalle que sexan coherentes cos seus discursos e que vexan alí onde gobernan —vólvollelo sacar, aínda que me dirán que son previsible, pero é que é unha cuestión que nunca me discuten—, o Concello de Pontevedra. ¿Por que o Concello de Pontevedra lle entrega á

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta de Galicia e lle pide á Xunta de Galicia que asuma o transporte urbano? Pois díxoo o señor Lores, señoría; ¿ou non sabe o que dixo o señor Lores o outro día? Dixo que a Xunta de Galicia sabe de transporte. O señor Lores —polo tanto, o BNG— sabe que na Xunta de Galicia sabemos de transporte.

Polo tanto, diríalles que sexan coherentes cos seus discursos dentro do propio BNG, que non é capaz de implantar o transporte urbano na súa cidade e asumindo as súas propias competencias, e que a Xunta de Galicia ten que traballar e axudar o Concello de Pontevedra a realizar o transporte urbano.

Dos servizos ferroviarios non lle escoitei nada porque, claro, apoian o Goberno de España. Pero eu podo afirmar aquí claramente que o transporte interurbano da Xunta de Galicia é unha referencia estatal en materia de transporte, e no fondo sábeno. E aí están as enquisas que se realizan aos usuarios e o alto grao de satisfacción, un 8 sobre 10. Non sei se sabe vostede que é un notable alto. Polo tanto, hai satisfacción, con notable alto, dos usuarios, que aprecian o noso servizo de transporte. Día a día traballamos para mellorar o servizo, porque as necesidades mudan. Nese sentido, o plan é vivo e imos adaptando o transporte ás necesidades dos usuarios.

No que vai de ano, nestes meses, na nosa competencia superáronse 2,8 millóns de viaxes mensuais. Polo tanto, vólvolle repetir: preto de 120.000 viaxes máis realizan os usuarios con respecto ao ano 2022. Polo tanto, incrementamos o número de usuarios do transporte público. Iso significa que hai unha alternativa de transporte á mobilidade, que é o transporte público da Xunta de Galicia. É a súa principal alternativa de mobilidade. Con eses datos, superamos os 2,8 millóns de viaxes mensuais neste ano 2023.

Traballamos noutras actuacións. Ademais das paradas máis seguras, estamos estes días adaptándonos ás necesidades que demandan os usuarios, que son cambiantes. En Xinzo incorporamos melloras este martes, reforzamos os servizos de autobús no Carballiño e en Ourense e en Lalín tamén vimos de ampliar unha liña de bus compartido, con novas paradas para a parroquia de Zobra. E mesmo cando son outras administracións as que interrompen e impiden que realicemos o transporte público, como en Caranza (Ferrol), como consecuencia dunhas obras do Ministerio, e este non ten a sensibilidade de repoñer eses servizos que son afectados —nin o Concello de Ferrol, que tamén podería ser sensible aos veciños de Caranza—, pois nin o Ministerio —que avalan vostedes no Goberno en Madrid— nin o Concello de Ferrol é sensible con esas actuacións, e ten que ir a Xunta de Galicia, dada a sensibilidade dos veciños de Caranza, incorporar unha nova liña para ofrecer un servizo dende Caranza á estación de autobuses de Ferrol, afectada como consecuencia dunhas obras do propio Ministerio de Transportes.

Tamén habilitamos unha nova liña na comarca do Morrazo para conectar cos hospitais de Vigo. É, polo tanto, un plan vivo, en permanente seguimento. ¿Non sabe que as necesidades son cambiantes? Polo tanto, adaptámonos ás necesidades e, dende logo, temos disposición para mellorar alí onde hai marxe de mellora.

A obsesión que teñen vostedes cégaos. Os cegos son vostedes. E voulle trasladar con datos que xa lle dei antes o que é a realidade. A realidade é que o número de usuarios do transporte

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Xunta de Galicia se incrementa. A realidade é que hai un alto grao de satisfacción, cun notable alto, na calidade do noso transporte, e que o 94 por cento dos servizos e das expedicións cumpren, que son 50.000 expedicións á semana. ¿E cal é a realidade do BNG? Vostede non debe saber a quen adxudicaron no ano 2016, con dez anos, con prórrogas de cinco anos, en Lugo. Vostedes, que gobernan no BNG, ¿non sabe a quen adxudicaron? ¿A que empresa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Cando lles dan anos e anos para a modificación das liñas! ¿Iso que fixeron vostedes en Lugo non é un chanchullo? ¡Home! Creo que ven palla no ollo alleo e non ven tronco no propio. Polo tanto, un pouco de realidade e de vir á realidade, e non de estar na estratosfera.

¿Cal é a realidade do BNG en Pontevedra? Que a Xunta de Galicia faga o transporte público. O BNG de Pontevedra, Lores, confía á Xunta de Galicia o seu transporte urbano. Entendo que o señor Lores ten criterio e ten experiencia, penso eu. Desmíntame vostede aquí se non é así. O señor Lores di: A Xunta de Galicia sabe de transporte.

E a realidade do BNG no Goberno bipartito é que cando gobernaron tiveron a oportunidade de facer algo e non o fixeron. ¡Pero é que non fixeron nada! Tiveron a oportunidade de facer algo e non fixeron nada. ¿Por que? Porque «que veñan os que viñeron, porque si saben de transporte». Ese é o resumo: que o BNG sabe que na Xunta de Galicia sabemos de transporte.

Sobre a sentenza do Tribunal da Comisión Galega de Competencia, nada di —¡nada!— do transporte público interurbano nin da súa calidade. Nada di. É unha sentenza, pero diga as cousas con proceder e non rice o rizo nin mesture conceptos para ver se cala algo.

O Plan de transporte público é un procedemento escrupuloso e transparente. E o Tacgal, o Tribunal Administrativo de Contratos, desestimou practicamente todos os recursos. De 60 presentados, en 58 deulle a razón á Xunta de Galicia, e é un tribunal independente. Pero voulle máis alá. Dos 40 contenciosos interpostos polo Plan de transporte público de Galicia, o cen por cento saen a favor da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Polo tanto, practicamente os cen recursos ante tribunais foron resoltos a favor da Xunta de Galicia. ¿Non avalan a lexitimidade, polo tanto, do Plan de transporte público? Dende logo que si.

Vén vostede aquí con indicios de meras dilixencias previas por unha decisión xudicial, e a súa visión da democracia deixa vir, condenar e dicir que teñen toda a razón e que son os da razón universal, e veñen xa condenar con mera apertura de dilixencias previas.

Eu voulle insistir: temos o aval xurídico que lexitima totalmente o bo proceder do Plan de transporte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero se o cen por cento dos contenciosos foron a favor da Xunta de Galicia, señoría! ¿Non contan? Soamente conta unha apertura de dilixencias que xa vén vostede aquí condenar.

Polo tanto, non enfanguen. Creo que contextualizar é importante. Vostede non sabe o que pasa en Aragón. Non saben como... *(Murmurios.)* Pero hai que contextualizar, señorías, para aprender, para saber e para falar de transportes, ademais de facerlle caso ao señor Lores, que xa di que a Xunta de Galicia sabe de transportes. Deberían de analizar que acontece en

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aragón, como se presentan as empresas, se van en UTE ou non con Monbus. E tamén no transporte urbano de Lugo, porque está readxudicado a Monbus no ano 2016 por dez anos, e cinco anos de prórroga. Tiñan un ano para o cambio de liñas e tardaron cinco anos. Iso que fan vostedes no transporte urbano de Lugo si que é un chanchullo, e non teño coñecemento de ningún aval xudicial a favor do BNG polo transporte urbano de Lugo. *(Murmurios.) (Risos.)*

Polo tanto, señorías, creo que os datos están aí: incremento de número de usuarios que certifican que apostamos... Os usuarios apostan polo transporte público. Son datos de calidade que o certo é que dan un 8 sobre 10; polo tanto, un notable alto. Entón, é unha valoración de notable alto das liñas de transporte, porque incrementamos os servizos, como digo. Hai 3.700 liñas máis de transporte, implantamos as bonificacións para tarifas máis baratas, o 80 por cento das viaxes realizadas beneficiáronse desa bonificación do 50 por cento e temos a Xente Nova. E vostedes, polo máis mínimo desaxuste, a peor das catástrofes. ¡O 94 por cento de cumprimento! Ao que non cumpre, sanciónaselle. Ven palla no ollo alleo e non ven tronco no propio.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, o que se desprende da súa intervención é que entendo que vostede o que avala é seguir prevaricando e facendo de todo coas empresas, mentres lle dean os números. *(Aplausos.)* Mentres lle dean os números a vostede... Ademais, números que, como vostede ben sabe, nós temos defendido aquí que teñen bastante máis de ficción que de realidade, porque, se vemos a Memoria do Plan de transporte, non hai por onde collela —e xa llo dixen ao director xeral nunha pregunta na Comisión—. Esas enquisas ás que vostedes fan referencia dun 8 sobre 10 de satisfacción aínda non as teño; pedinas, pero aínda non as teño, para ver como se fixeron, con que metodoloxía, con canta mostra, etc. Pero iso non o explican, ¡iso non o explican! E vemos que despois a que si que explican é a da metodoloxía do cliente misterioso, que se fai sen aviso e por parte de profesionais do sector... Recórdeme... —porque non teño aquí a Memoria do Plan de transporte— a nota que sacaron. ¿Sábea? Arredor dun 5,4, ¡arredor dun 5,4! As metodoloxías que *a priori* son menos susceptibles de ser manipuladas, que son as do cliente misterioso, danlle un 5,4. Sálvanse por pouco. Polo tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? ¡Ah!, non, é que, como me preguntou algo, pensei que quería falar máis.

Señora conselleira, o que lle dicía antes, vostede pódeme dar aquí os mesmos datos dos que me fala todos os días e que me da o director xeral tamén., pero eu dígolle: ¿eses supostos bos datos xustifican todo o que está acontecendo a nivel xudicial? ¿Xustifican facerlle adxudicacións de contrato a medida ao grupo empresarial Monbus, que no día de hoxe ten o 80 por cento do mercado? ¿Xustifícao, señora conselleira? ¿Xustifica destrozar un sector do

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

noso país co peche de pequenas e medianas empresas? ¿Xustifícao? ¿A que intereses serven, señora conselleira? Eu teño varias teorías a este respecto. Teño que recoñecerlle tamén que aínda non sei exactamente cal é o punto, cal é o obxectivo concreto. Supoño que será unha mestura de varios. Supoño que estarán agarradas e agarrados por máis dunha vía —eu supoño— e que as presións dun lado e doutro tamén son bastantes. Eu supoño que si. Saíulles mal esta xogada, porque en quen confiaron non cumpre. En quen confiaron, señora conselleira, non cumpre, porque ven os seus beneficios propios. Non cumpren. E agora ten que vir vostede, ten que vir o seu director xeral... Non recordo eu que a Rubén Arroxo... Ao mellor, alguén da miña bancada me pode dicir isto: ¿sabedes se Rubén Arroxo ten aberta algunha dilixencia previa por prevaricación administrativa? *(Murmurios.) (Risos.)* ¿E Miguel Anxo Fernández Lores ten algunha? (*Algúns señores deputados e señoras deputadas*: Non.) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! *(Aplausos.)* O seu director xeral, si. Datos obxectivos, señora conselleira, non estou inventando nada. Son datos completamente obxectivos.

Mire, cos datos que deron pé a esa apertura de dilixencias previas que teñen que ver coa adscrición de matrículas en lotes e demais, como vostede sabe, información que nunca quixeron dar e que se viron obrigados a dar vía xudicial —supoño que iso tamén son as boas prácticas da Xunta de Galiza—, curiosamente días despois chegaron ás nosas mans unhas peticións da Federación de autobuses —que non teño que pormenorizar a quen obedecen na súa maioría e demais—, e unha cuestión moi concreta e ademais moi curiosa é que na súa segunda petición, despois de que se coñeza toda esta historia, piden unha lista única de autobuses adscritos activos. ¿Para que?, ¿para sortear o que estamos vendo agora? ¿Para sortealo?, ¿para que non se mire que a mesma matrícula aparece nunha ruta do Salnés e noutra en Outeiro de Rei, *(Aplausos.)* falseando a capacidade na adxudicación? ¿É para iso, señora conselleira?

Eu fágolle unha pregunta: ¿vai asinar vostede esta petición? ¿Vai facer realidade este desexo? Sería interesante sabelo, porque imos sumando no que se refire a para quen traballa cadaquén. As empresas no servizo público deberían traballar para a Xunta, e non a Xunta para as empresas, señora conselleira. *(Aplausos.)* Debera ser, ¡debera ser!

Pero, bueno, eu remato xa, que xa me acaba o tempo. En todo caso, pídolle por favor que denuncie o señor Arroxo e o señor Lores, porque non pode quedar así, ¡eh! *(Murmurios.) (Risos.)* Non poden ser vostedes os únicos que teñan dilixencias previas abertas por prevaricación. ¡Ata aí podiamos chegar! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, eu volvo insistirlle: practicamente os cen recursos ante os tribunais están resoltos a favor da Xunta de Galicia. Polo tanto, vostede fai a súa realidade paralela. Practicamente os cen recursos presentados ante os tribunais son resoltos a favor da Xunta de Galicia, volvo

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

repetirllo. Polo tanto, o procedemento é escrupuloso, transparente, e seguiremos traballando, dende logo, así.

E creo que o señor Lores si que algunha dilixencia tivo aberta nalgún momento. Polo tanto, vostede vén aquí falar sen ton nin son, rizar o rizo, con esa obsesión que os cega en todo, xa que non ven cando vostedes levan a xestión do transporte en Lugo e cando non a levan, porque non son capaces, en Pontevedra.

E vólvolle insistir nos datos: o noventa e catro por cento cúmprese. É un dato obxectivo, medible, do que facemos seguimento constantemente. Teño que darlle aquí os datos que me pide: o noventa e catro por cento das expedicións cúmprense e, polo tanto, é un dato obxectivo e acreditado. Son cincuenta mil expedicións á semana. ¿Parécenlle poucas? Vostedes, cun concesionario en Lugo, cunha empresa soa, se teñen máis de cento vinte, como temos nós, tolean directamente. Polo tanto, estamos xestionando un gran número de expedicións, porque é así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nos primeiros meses deste ano incrementamos os usuarios; vostedes, no transporte urbano de Lugo, descenden en picado no número de usuarios; polo tanto, non nos veñan dar lecciónS. Fáganlle caso a Lores. Dende a Xunta de Galicia sabemos de transporte urbano.

E volvo insistir, somos un Goberno que escoita, un Goberno cun Plan de transporte vivo que se adapta ás necesidades e que o analizamos, o valoramos e o aplicamos alí onde hai base de mellora e onde se necesitan os servizos que sexan máis útiles. Non confunda, non terxiverse e incluso lle pediría que non minta porque vén aquí rizar o rizo e facer acusacións que, dende logo, son absolutamente infundadas e sábeo. Vén coa súa teima, co seu discurso catastrofista e constante, atacando e dicindo cousas que non son certas. A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non ten que ver nin cuestiona o Plan de transporte. Dende logo, vostede vincula cousas que nada teñen que ver.

Nós, como Goberno galego, dende logo, o que queremos é que se desbloquee ese avance na negociación do convenio colectivo dos traballadores sobre a que nada dixo vostede. Dende logo, apelo a que cheguen a un acordo cos traballadores porque os empregados, os empregos do transporte público, nos importan. Somos sensibles co incremento dos custos para garantir o transporte público; vexo que a vostede lle dá igual. Somos os primeiros en activar diferentes liñas de axuda. Somos sensibles cos veciños de Caranza, xa que, cando unha actuación do Ministerio lles afecta, nin o Ministerio que apoian vostedes nin o Concello de Ferrol se paran a revisar, e, polo tanto, tamén somos sensibles solicitando ao Ministerio esa habilitación legal, para poder revisar este contexto inflacionista que afecta moitísimos contratos e non soamente os de transporte. Polo tanto, a inacción será por parte de outros; nós traballamos por uns servizos públicos útiles e tamén polo transporte público, facendo un seguimento exhaustivo das prestacións. Temos ferramentas que aplicamos, ferramentas administrativas de vixilancia e de sanción, e inspeccións, a través das inspeccións de transporte regular de viaxeiros. Dende o ano 2020 contabilizáronse 1.676 controis; alí onde hai defectos sanciónase, pero hai moitos defectos que poden ser de rótulos, e aí estamos inspeccionando. Coa Garda Civil de Tráfico tamén temos un Plan de inspección especial para o control dese Plan de transporte integrado e o obxectivo neste V Plan son 2.134 expedicións e, polo tanto, temos ferramentas para inspeccionar e para facer seguimento.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Somos os primeiros interesados en que funcione ben o transporte público, en facer chequeo para que se cumpra o transporte público; somos os primeiros interesados en que os usuarios estean contentos e utilicen o transporte público, por iso o noso medra e o seu, en Lugo, baixa no número de usuarios; somos os primeiros interesados, dende logo, en que o transporte funcione. A teima con Monbus téñena vostedes; nós somos transparentes e escrupulosos, seguindo un procedemento avalado, practicamente polo cento por cento dos cen recursos presentados, a favor da Xunta de Galicia.

Ven palla no ollo alleo. A realidade é indiscutible: incrementamos o número de usuarios, cumprimos o noventa e catro por cento das expedicións e a valoración ten un notable alto nas enquisas.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o aproveitamento lúdico das augas termais en Ourense, nomeadamente das Burgas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día, señor Conde.

Onte o presidente da Xunta, o señor Rueda, estivo xantando en Ourense; non sei se o acompañou. Pero, a verdade é que, ás veces, é mellor xantar e comer que dicir segundo que cousas, porque tivo perlas coma esta: *(A señora Presas Bergantiños mostra un recorte de prensa ao resto da Cámara.)* «O termalismo é o novo Xacobeo ao que ninguén vía futuro hai anos». Señor Conde, eu xa non lles vou pedir que se documenten un pouco. Pregúntome se se escoitan. Xa non lle vou dicir que repase as clases de historia, xa que o xacobeo vén de 1993, as peregrinacións do século IX e o uso do termalismo en Ourense dende hai moitos máis anos atrás. O gran problema é que vostedes están cerca de facer o que ninguén conseguiu nunca, que é acabar con algo, acabar cunha tradición milenaria.

Señor Conde, hoxe vimos aquí pedirlle explicacións e que deixen de paralizar o termalismo en Ourense, porque, mire, onte o señor presidente da Xunta tamén tivo a ousadía de falar de que, ademais, viñamos da Semana Santa, de poñer en valor ese recurso económico, turístico e o demais. E mire, ¿Sabe vostede cal foi a realidade do termalismo de Ourense na semana Santa ou hoxe mesmo? Pois é esta, que se resume tamén neste titular: *(A señora Presas Bergantiños mostra outro recorte de prensa ao resto da Cámara.)* «*Ourense inicia la Semana Santa con el cuarenta por ciento de las termas cerradas*». É dicir, señor Conde, hoxe, con vostedes, que foron letais para o termalismo en Ourense, hai menos explotacións termais reais en funcionamento que cando vostedes entraron no Goberno da Xunta. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esa é a realidade. Someteron vostedes o termalismo de Ourense a un bloqueo sen precedentes. En primeiro lugar, porque no ano 2019 aprobaron unha lei da que xa advertimos que ía contra ese modelo e que ía ser un fracaso. Tiña un prazo de aplicación dun ano e, catro anos despois, termas referenciais, como a piscina das Burgas, están hoxe en Ourense pechadas por culpa do fracaso da lei. En segundo lugar, porque vostedes tiveron tamén un plan termal, cuxo documento de renovación aínda non está listo e que non desenvolveron. Hai cuestións como a recuperación da Burga de Canedo; cuestións, como, por exemplo, a obra en ponte Murallón ou a propia cuberta da piscina das Burgas, que vostedes simplemente non fixeron. E en terceiro lugar, porque, por riba, se xuntaron a fame coas ganas de comer. Á inutilidade da Xunta sumóuselle a inutilidade do bigoberno, Partido Popular–Democracia Ourensana, en Ourense; era previsible ao facer alcalde un señor, sobre o que non só dicía o expresidente da Xunta que ía ser letal para Ourense, senón que o propio alcalde de Ourense dicía que o termalismo era un *bluf*. O resultado foi: chega a Semana Santa; o papelón da Xunta xa quedou descrito, pero, por riba, vemos cuestións como que o Centro de Interpretación das Burgas estea pechado e que non haxa nin sequera os propios trens termais.

E para máis inri, vostedes levan dende a investidura do señor Rueda prometendo unha área termal da que non se sabe nin o orzamento, nin a ubicación exacta, nin o persoal, nin as funcións... E, por riba, xa rozan tanto o ridículo que é unha pena que marchase a señora Vázquez, porque o último éxito da Xunta son 117.000 euros para unha fonte que ía ser termal e que ao final nin é termal, nin ten auga potable e nos primeiros días de funcionamento nin sequera tiña auga...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, ¿que van facer para corrixir esta situación? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, sabiamos e coñeciamos perfectamente a turismofobia contra o Xacobeo *(Risos.)* do Bloque Nacionalista Galego, a través desa campaña da organización xuvenil nacionalista de Galiza Nova, que vostedes nunca rectificaron, «Rachemos co Xacobeo». O que lamento é que, coa exposición de motivos da súa iniciativa de hoxe nesta Cámara, nos decatamos de que, ademais, o Bloque Nacionalista Galego tamén padece termalfobia. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Lamento enormemente que vostedes permanentemente intenten confrontar a economía, confrontar o turismo, confrontar o termalismo, confrontar todo aquilo que signifique riqueza. *(A señora Presas Bergantiños nega coa cabeza.)* Por iso, señora Presas, para tradición milenaria, o «non» do Bloque a todo o que signifique progreso e crecemento en Galicia. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Presas, debería coñecer, seguramente máis, o potencial e a capacidade instalada que ten Galicia dende o punto de vista termal. Descoñece seguramente esa realidade porque simplemente fala de oídas e non pon en valor os vinte e un balnearios que temos nin tampouco os once aproveitamentos lúdicos de augas termais, a maioría nese triángulo entre Ourense, O Carballiño e O Ribeiro, que se van sumar a futuro porque xa hai unha nova solicitude, neste caso, das termas de Berán.

A Xunta de Galicia o que fixo en todo momento foi garantir precisamente o desenvolvemento destes aproveitamos lúdicos de augas termais, primeiro, ofrecendo certeza e seguridade xurídica para protexer os nosos recursos termais. Lamento que vostede non poña en valor que, precisamente a través dunha lei, esteamos dando esas certezas e esa seguridade xurídica para que o crecemento do sector sexa ordenado e sexa, señora Presas, sostible e seguro para todos os usuarios das termas. O segundo que fixemos foi establecer unhas liñas de axudas, precisamente para facilitar o acondicionamento ou a mellora dos espazos; fixémolo no ano 2022 con 800.000 euros e no ano 2023 con 1.700.000 euros. Creamos esa área propia precisamente dedicada ao termalismo e imos seguir traballando e fomentando o termalismo a través dese Plan territorial que vai permitir desenvolver iniciativas por máis de 20 millóns de euros. O que non podemos facer, señora Presas —e teña un pouco de rigor na súa intervención—, é que a Xunta de Galicia teña a responsabilidade de xestionar as termas. Se non coñece a normativa, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dificilmente pode vostede establecer un debate co mínimo rigor para defender os intereses de Ourense e de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Conde, o problema é a Ourensofobia que teñen vostedes. *(Aplausos.)* Eu non sei que lle fixemos; eu non sei que lle fixemos para merecer isto.

Mire, señor Conde, falta de rigor teñen vostedes. Sabe vostede perfectamente que Ourense é a segunda cidade europea, só por detrás de Budapest, en potencial termal e, grazas a vostedes, hoxe, despois de levar catorce anos no Goberno, hai menos aproveitamento termal real na cidade e no concello de Ourense que cando vostedes entraron no Goberno, *(Aplausos.)* por dúas razóns: a primeira, da que vostede, ademais, é responsable directo, é esa lei fracasada; é unha lei fracasada que creou problemas que non había. ¿Que me está dicindo?, ¿que antes non era sostible o termalismo neste país?, ¿que antes non había seguridade sanitaria no termalismo deste país? Incluso a propia patronal estaba en contra de moitas das medidas que se incorporaban nesa lei; lei, por certo, da que este grupo parlamentario advertiu que ía ser un problema en Ourense e consumouse esa realidade; lei, por certo, da que advertimos que era un erro que tivese cero euros de orzamentos, cero euros, e da que vostedes mesmos emendaron a plana porque os concellos eran incapaces de adaptarse, e tiveron que sacar axudas tres anos despois. Foron tres anos de parálise, de tempo perdido, para que se puidesen sacar adiante eses problemas. *(Aplausos.)* En Ourense non se saca adiante a piscina máis importante do centro por dúas razóns: pola Xunta e polo Goberno que vostedes amparan e

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do que participan; polo tanto, señor Conde, esa é a súa responsabilidade e a súa irresponsabilidade e a súa falta de rigor tamén é vendernos unha área termal, que xa nos vendeu o señor presidente da Xunta na súa investidura hai un ano, e que significa cero. De momento hai cero persoal, cero proxectos, e significa o mesmo que ese cartel que hai á entrada de Ourense de «capital termal» —titulares—, cando a realidade é que as ourensás perdemos o noso dereito como veciñanza a usar esas termas e perdemos tamén un potencial económico.

Polo tanto, hoxe pedímoslle correccións na lei para que isto se axilice e tamén un plan de compensación para Ourense por ter estes recursos pechados... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas, terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): A verdade, señora Presas, é que é difícil trasladar tanto descoñecemento da normativa e da realidade da situación termal nunha intervención parlamentaria.

Sabe vostede perfectamente que a lei o que está permitindo é garantir esa certeza, esa seguridade xurídica e, sobre todo, garantir que a utilización das termas se desenvolve con todas as garantías sanitarias. Espero que vostede non estea intentando trasladar aos cidadáns que se pode utilizar termas. *(Risos.)* (*Un señor ou unha señora deputada*: ¡Claro!) sen que se poidan cumprir esas garantías sanitarias. Seguramente, a súa ideoloxía permitiríallo. Dende logo, a nosa visión, que é, loxicamente, defender os intereses dos cidadáns, non o permite.

Insisto, fálame vostede, en concreto —para que se nos entenda ben—, de que as termas das Burgas están pechadas; é certo, é certo. O que debería saber e sobre o que debería informarse é de quen é a responsabilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* A partir de aí, se se documentase, se se documentase *(Risos.)* —que vexo que non está nada documentada—, sabería que este espazo foi regularizado por parte da Xunta de Galicia en decembro do ano 2021. Xa sei que non lle interesa este dato, pero repítollo. O 28 de decembro do ano 2021 a Xunta de Galicia regularizou a situación das termas das Burgas, e a partir de aí, loxicamente, a responsabilidade de xestionar e de garantir precisamente o funcionamento das Burgas correspóndelles aos titulares das concesións, señora Presas. Polo tanto, a Xunta de Galicia o que fixo foi poñer recursos á disposición dos concellos, incluído o Concello de Ourense, precisamente para poder desenvolver as actuacións nas termas das Burgas. Non o fixeron no ano 2021, cando lle concedemos unha axuda ao Concello de Ourense. Neste ano 2023 volvemos convocar esta axuda e xa lle adianto que hai unha resolución favorable para que se poida conceder esa axuda precisamente ao Concello de Ourense, para que poida acometer estas actuacións.

Polo tanto, señora Presas, un mínimo de rigor, un mínimo de documentación cando queira falar, en serio, dos intereses dos cidadáns e dos intereses de Ourense. Lamento que os cidadáns de Ourense non teñan garantidas realmente con vostede esa protección *(Risos.) (Murmurios.)* e, sobre todo, a defensa dos seus intereses.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co funcionamento da Comisión Galega da Competencia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señorías, en Galicia a defensa da competencia, como sabemos, correspóndelle á Comisión Galega da Competencia, e, se esa Comisión non aplica a lexislación de competencia, pois non se cumprirá a lexislación de competencia en Galicia. Iso é exactamente o que parece estar sucedendo con consecuencias graves para a cidadanía.

Unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia di que existen indicios claros de infracción por parte das empresas Monbus e Alsa na presentación de ofertas aos concursos públicos de transporte en Galicia, e ordena á Comisión Galega da Competencia que incoe un expediente sancionador contra esas empresas por indicios de repartirse o mercado a través dunha UTE que concorreu a varios concursos públicos de transporte por carretera. Esa sentenza anula a resolución da Comisión Galega da Competencia, que arquivou, sen máis, as denuncias presentadas —segundo di literalmente— «a pesar de existir indicios de infracción». Non o digo eu, senón o Tribunal Superior de Xustiza, que di tamén que hai «máis que unha fundada sospeita», que hai «un indicio racional e bastante de concerto para obter unha posición dominante, se non, excluínte do transporte público galego». É unha cita literal.

É extremadamente grave o que está a dicir o Tribunal Superior de Xustiza da Comisión Galega da Competencia, pero tamén de vostedes porque non foron vostedes os que denunciaron, cando a súa obriga é denunciar se hai indicios de infracción e o Tribunal Superior de Xustiza di claramente que hai claros indicios de infracción. A pesar diso, tivo que ser alguén alleo á Xunta quen denunciase, e non vostedes. E feita esa denuncia, a Comisión Galega da Competencia non investigou e arquivou a denuncia, e tivo que vir o Tribunal Superior de Xustiza dicirlles que había indicios claros de grave infracción e que investigase.

Cando lle preguntaron ao señor Rueda por este tema, dixo que eran decisións dun órgano independente, pero se os membros dese órgano son designados pola Xunta de Galicia e se, casualmente, resulta que dous dos tres membros do Pleno desa comisión, supostamente independente —segundo o señor Rueda—, son exdeputados do PP, pois moi independente non parece. Tampouco parece todo o independente que debería ser, xa que un xulgado de Santiago abriu recentemente dilixencias contra o director xeral de Mobilidade da Xunta por un posible presunto delito de prevaricación. E chove no mollado, porque, en 2015, o propietario de Monbus —unha empresa cunha traxectoria de facer extraordinarios regalos a políticos— foi detido con sesenta mil euros no maleteiro do seu coche na chamada operación Cóndor —sesenta mil euriños de nada que seguramente todos levamos cada día no maleteiro do noso coche—. O ano pasado, outro xulgado concluíu a investigación na que están imputados o propietario de Monbus e varias persoas máis por presuntos delitos de falsidade documental, branqueo de capitais e delito contable continuado.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De aí a nosa pregunta. Basicamente, ¿teñen vostedes algunha opinión de todo isto ou van seguir coa política da avestruz? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, efectivamente, a Comisión Galega da Competencia é un órgano colexiado e independente. Eu creo que vostede non debería dicir —díxoo e seguramente o repetirá— que a Comisión Galega da Competencia non aplica a normativa en materia de defensa da competencia porque iso tampouco o di o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Polo tanto, debería ser máis prudente nas conclusións que vostede pretende trasladar porque a Comisión Galega de Competencia en todo momento aplica a normativa de competencia da Comunidade Autónoma. Hoxe mesmo acabamos de coñecer, precisamente, unha sentenza que nega pagamentos millonarios pola covid ás concesionarias de autovías, ratificando o criterio emitido pola Comisión Galega da Competencia en novembro do ano 2020. Debería, polo tanto, ser máis prudente cando vostede fai as afirmacións que trasladou na súa intervención. Na súa exposición tamén esqueceu algo verdadeiramente importante e foi que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non era firme, polo tanto, neste caso —na medida en que as empresas comunicaron formalmente a súa intención de recorrer contra a sentenza en casación ante o Tribunal Supremo—, debería, cando menos, ser prudente nas súas valoracións. Ademais, esta sentenza, señor Arangüena, non vai en contra do procedemento seguido pola Xunta de Galicia para poñer en marcha o Plan de transporte público de Galicia. Non sei por que vostede mestura e intenta terxiversar realmente o contido desta sentenza. Sabe perfectamente que o proceso de licitación deste plan de transporte foi transparente e foi avaliado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia; un órgano que tamén é independente, e do que espero que vostede, na súa segunda intervención, non poña en dúbida tamén esa independencia.

Señor Arangüena, todos os contenciosos que se presentaron na vía xudicial resolvéronse a favor da Administración autonómica —todos— e todos lexitiman o procedemento seguido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que nos sorprende enormemente cal é a súa dúbida. Agradecería, dende logo, que non omitise os capítulos que non lle interesa citar e, sobre todo, que non pretenda agora desvirtuar a realidade coa súa intervención.

Polo tanto, suxírolle, se mo permite, señor Arangüena, respecto; suxírolle prudencia. Todos os membros da Comisión Galega da Competencia cumpren os criterios previstos legalmente na lei. Como sabe, houbo sete sentenzas emitidas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos últimos anos; desas sete, é certo que tan só unha —á que vostede se refire— está, neste caso, en contra da propia actuación da Comisión Galega, pero iso non quere dicir, en ningún momento, que a comisión non aplicase a normativa vixente en materia de competencias.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor Conde, di vostede que non entende a miña dúbida, pero é que non é a miña dúbida, porque a mesma dúbida débea ter o Xulgado de Instrución número 1 de Santiago que abriu dilixencias por presunto delito de prevaricación. Por tanto, non é a miña dúbida, senón que tamén é a dúbida do Xulgado de Instrución número 1 de Santiago.

E se un analiza esas resolucións que emitiu o ano pasado a Comisión Galega da Competencia, chegará obviamente á conclusión de que esa comisión e a Xunta non investigan as infraccións contra a competencia en Galicia. A situación chegou a tal punto que, por moito que a sentenza non fose firme —que nunca o son porque logo poderán recorrer contra elas ante o Tribunal de Estrasburgo—, tivo que vir o Tribunal Superior de Xustiza dicirlles que había claros indicios de que determinadas empresas manipularon os concursos de transporte público en Galicia e tivo que vir dicirlles que investigasen eses indicios.

Parecen vostedes o instrumento político dunha desas elites extractivas que definiron Acemoglu e Robinson no seu libro *Por que fracasan os países*, porque vostedes promoven e facilitan en Galicia o capitalismo de amiguetes, permitindo que os amiguetes acaparen os concursos públicos, sen vixiar nin sancionar e situando os seus exdeputados nun órgano de control que non controla absolutamente nada. E todo isto non é gratis para a cidadanía porque percibe e recibe peores servizos públicos e máis caros cando non hai competencia. Infrinxir a competencia sae gratis en Galicia. Esa é a realidade. Por tanto, están vostedes incentivando que as empresas pacten entre si para levar contratos públicos e que as empresas que vulneren a lei triunfen e as que cumpren a lei fracasen. En definitiva, están convertendo Galicia no paraíso do amaño de concursos públicos e en terreo sementado para a corrupción, porque é corrupción cando non se investiga, é corrupción cando non se controla e é corrupción cando non se sanciona.

Por tanto, ou adoptan vostedes medidas ou recoñecen que en Galicia non hai competencia na contratación pública e lle cambian o nome á Comisión Galega da Competencia por «Comisión galega para encubrir o capitalismo de amiguetes», e, xa de paso, cámbienlle o nome á Xunta de Galicia por «Xunta dos amiguetes do PP de Galicia». *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): É verdadeiramente sorprendente a capacidade que ten de abstraerse á realidade e, sobre todo, de trasladar un imaxinario no que vostede entende que se desenvolve a realidade en Galicia, pero a realidade en Galicia, señor Arangüena, é moi distinta, moi distinta.

A Xunta de Galicia exerce as súas competencias e resolve as licitacións públicas segundo a Lei de contratos, e así o avaliou no Plan de transporte o propio tribunal encargado de resolver

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todos os recursos, e así o avaliou en todos os recursos contenciosos que se resolveron. Polo tanto, veña á realidade.

A segunda realidade imaxinaria na que vostede quere transitar é que a Xunta de Galicia ten competencias en materia de competencia, de dereito da competencia. Hai unha Comisión Galega da Competencia independente que se encarga de analizar e de estudar e de resolver e de incoar os expedientes sancionadores que proceden en cada momento. Polo tanto, o feito de dicir vostede esta mañá aquí que a Xunta de Galicia non exerce as súas competencias e que a Comisión Galega da Competencia no exerce as súas competencias é seguramente non vivir na realidade e vivir no seu imaxinario.

O que si é certo —e que debería recoñecer e trasladar— é que, efectivamente, a Comisión Galega da Competencia, no caso que vostede está trasladando, desenvolveu as súas competencias e instruíu un expediente. A Subdirección de Investigación levou a cabo todas as actuacións e os estudos pertinentes *(O señor Arangüena Fernández nega coa cabeza.)* co obxecto de coñecer perfectamente cal era a realidade dos feitos. Fíxose ese estudo. E a normativa exixe que sexa o Pleno o que ratifique e o que emita a resolución, que foi o que fixo. A partir de aí, loxicamente, a Comisión Galega da Competencia acatará a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, *(O señor Arangüena pronuncia palabras que non se perciben.)* como non pode ser doutra maneira, pero o que non pode trasladar aquí é que hai unha omisión de competencias e de actuacións por parte da Comisión Galega da Competencia, porque iso é simplemente non ler a sentenza ou ler unha parte da sentenza —que é o que vostede fai habitualmente—, pensando que a súa realidade é a realidade en Galicia, pero é que a realidade de Galicia é moi distinta á que vostede pretende trasladar. Polo tanto, non achegue conclusións precipitadas e seguramente vaia paso a paso.

Mire, canto ao nomeamento dos membros da Comisión Galega de Competencia, ¿quere facer a comparativa con outras comunidades autónomas nas que goberna o Partido Socialista? ¿Vostede sabe que en Aragón —por poñerlle un exemplo— se nomea da mesma forma que en Galicia? ¿Sabíao? Non, non o sabía porque loxicamente non interesa. Pero mire, en Cataluña, no País Vasco, na Comunidade Valenciana, en Estremadura e en Andalucía o presidente e os vogais son nomeados polo Goberno autonómico. ¿Cal é o problema? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a denegación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da solicitude de subvención do Concello de Melide na actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señora Vázquez, esta podería ser unha pregunta sobre a xestión dunha liña de subvencións aos concellos da súa consellería, pero, desgraciadamente, vimos aquí para coñecer o motivo

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

real polo cal vostede está a castigar Melide; un concello que vostede maltrata *(Murmurios.) (Risos.)* con decisións arbitrarias tomadas co único fin de danar o Goberno local, que ten como pecado ter unha cor política diferente á do Partido Popular —non se rían—.

No verán do ano 2022 notificouse a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na que se denegaba a solicitude de subvención formulada polo Concello de Melide para a posta en valor e difusión de valores ambientais do río Furelos. Dicía a súa consellería que esta resolución era un investimento non subvencionable, xa que incumpría o artigo 5 da Orde pola que se establecían as bases reguladoras das axudas dos anos 2022 e 2023. Nese artigo 5 mencionánse as actividades subvencionables, e vostede, e calquera cun mínimo de capacidade lectora, sabe perfectamente que estas se axustaban ao que solicitaba o Goberno de Melide. A solicitude foi presentada en tempo e forma e foi acompañada pola documentación que figuraba no anteproxecto, no que se pretendía a recuperación dun antigo carreiro que transcorre a carón do río Furelos, dentro da Zona de especial conservación da serra do Careón; unha zona de enorme riqueza, tanto en flora como en fauna, moi próxima ao centro urbano de Melide e na que se encontran importantes elementos de interese.

Conselleira, poderían alegar motivos para denegar a subvención dentro deste artigo 5, pero decidiron motivala de xeito abstracto, impedindo o dereito á defensa do Concello. Pero, pese a iso, o Concello de Melide presentou un recurso que curiosamente a súa consellería nin tan sequera contestou. Esta situación non é novidosa, señora Vázquez. Xa pasara anteriormente co proxecto de mellora do contorno da fonte de San Xoán de Furelos, ao que a súa consellería denegou unha subvención cuns argumentos que carecían da motivación suficiente e cun recurso que tampouco contestaron, pero iso non impediu que o Concello, polos seus propios medios, realizara unha obra que tanto mellorou o contorno da fonte.

Esta situación fainos sospeitar a todos de que detrás destas decisións abstractas, de impedir investimentos da súa consellería no concello de Melide, haxa motivacións partidistas, facéndolle dano á súa cidadanía e ao municipio, onde foi a alcaldesa, por non estar gobernado polo Partido Popular, e de que, con estas malas artes, trate de recuperar o Goberno de Melide. Pero non só son sospeitas, señora Vázquez. O seu comportamento chegou ao punto de que o Partido Socialista, no Grupo de Goberno do Concello de Melide, tivese que denunciar publicamente o uso partidista que fai vostede da Consellería de Medio Ambiente contra o actual Goberno local. Dígame que lle parece, se non, esta captura de pantalla *(O señor Seco García mostra un documento ao resto da Cámara.)* dos perfís sociais das redes da Consellería atacando o propio Goberno de Melide, ou que a Consellería ameace, co seu gabinete xurídico, con denunciar o Goberno local polas críticas á súa xestión como alcaldesa.

Por iso queremos preguntarlle: ¿cal é a motivación real da súa consellería para denegar a solicitude de subvención do Concello de Melide, para a actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Martín Seco, créame que eu o tiña por unha persoa moi sensata. Supoño que isto é unha tomadura de pelo, pero unha tomadura de pelo en toda regra.

En primeiro lugar, deberíalle dicir ao seu grupo municipal e ao seu tenente de alcalde que lle pasen toda a información, máis que nada para que vostede non faga o ridículo, porque está ben amparar sempre os nosos, pero ata certo punto.

Por suposto, non vou entrar en denuncias e demais, xa que aí podería falar e, ademais, moito. Direille que, en primeiro lugar, sabe vostede que levamos anos convocando axudas para a posta en valor da Rede Natura. Por suposto, os concellos son libres e deben solicitar esas axudas. No caso do Concello de Melide, este solicitou dúas axudas, como vostede dixo. Dáse a casualidade de que unha delas son axudas para a Rede Natura, e fíxese en que aquí está a fonte *(A señora Vázquez Mejuto mostra o recorte dunha fotografía ao resto da Cámara, sinalando varios puntos concretos daquela.)* e isto é a Rede Natura. Se as axudas son para a Rede Natura, o primeiro que lles ten que dicir, ao seu tenente de alcalde e ao seu equipo, é que lean, porque se solicitan vostedes unha axuda para o arranxo dunha fonte que está fóra da Rede Natura, dificilmente lle poderemos conceder a axuda. E, en segundo lugar, o Concello solicitou outra axuda e esa outra, efectivamente, foi denegada. E a min gustaríame poder axudalos —dígoo—, porque para unha vez que se poñen a traballar—dígolle unha cousa— sonlle un pouco vagos; *(Risos.)* vostede aquí traballa abondo, pero alí un pouco vagos son, por aquilo de que incluso saen as convocatorias e nin sequera as solicitan. Neste caso, o Concello solicitouna e quen fan os informes son os técnicos e son os axentes que visitan a zona. E fíxese en que lonxe de conservar e preservar, con este proxecto acontecía todo o contrario.

E eu ao que si me brindo, señor Martín Seco, diante de todo o Grupo, é a que vaian alí os técnicos de Medio Ambiente, os axentes de Medio Ambiente, e lle digan ao seu grupo como deben solicitar as axudas, porque —digo eu— non estará poñendo vostede en dúbida o rigor duns técnicos, ¿non?, porque eses non son de cores; eses gobernan con vostedes, cando vostedes gobernan, e gobernan comigo, cando eu goberno. ¿Ou acaso cre vostede que eu procedo á manipulación? Porque, se non, sería bo que o dixese para que constase en acta, e aí si que tomaría eu as medidas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non xoguen vostedes co ámbito político e díganlles aos seus grupos que traballen e que o fagan ben.

Mire, concedemos setenta axudas e dentro desas setenta axudas hai concellos como A Illa de Arousa, Toques, O Grove, Baiona, Negreira, Corcubión, Fisterra ou Cambados que —que saiba eu— non están gobernados polo PP; están gobernados polo PSOE. Dígalle...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ao seu equipo...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...que copie destes bos proxectos e serán aceptados... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas.

Señora Vázquez, vostede está acostumada a ameazar; incluso ameaza o propio Goberno local cos Servizos Xurídicos da Consellería para temas que son de ámbito local en Arzúa.

Fíxese. Vostede falaba da resolución da liña de axudas sobre a que estamos a preguntar —como vostede dicía—: o roteiro ambiental dos vales glaciares, no concello de Manzaneda; a restauración e a recuperación do camiño da vía pecuaria tradicional da Brea, no concello de Covelo; a adecuación da área recreativa das Brañas, no roteiro das fervenzas, no concello de Toques etc. Hai máis de vinte proxectos similares aos do concello de Melide que foron beneficiarios destas axudas. Pero vostede non fala de cal foi o verdadeiro motivo da súa consellería para denegar esta subvención e tampouco a anterior, porque vostedes nin sequera a motivaron; simplemente dixeron que non cumpría o artigo 5 e non contestaron nin sequera ao recurso.

¿Cal é o motivo, señora Vázquez, para que a Consellería de Medio Ambiente, baixo o seu mandato e o da súa predecesora, arquivase as poucas sancións, da Consellería de Medio Ambiente, que tiña o Concello de Melide, que non sobrepasaron nunca os 25.000 euros, e nestes tres anos e pico intenten, dende a súa consellería, sancionar o Concello de Melide con máis de 240.000 euros por situacións causadas non polo actual Goberno local, e que incluso o fagan cando a xustiza arquiva os casos? ¿Cal é o motivo, señora Vázquez, de que o Concello de Melide leve pagado no canon de saneamento establecido polo Goberno galego máis de 1.600.000 euros, de que non retornase nin un terzo desta cantidade ao Concello de Melide e de que, ao mesmo tempo, vostedes non asumisen os investimentos necesarios para a depuradora das augas do polígono de Melide, cando a ampliación do dito polígono foi realizada pola propia Xunta de Galicia baixo o seu Goberno local? Señora Vázquez, só existe un motivo e calquera que teña ollos o pode ver.

Vostede, dende o Goberno galego, podería ser a colaboradora esencial da mellora do seu concello, pero prefire utilizar a súa condición de conselleira para actuar como ariete, danando o Goberno local na pel dos veciños de Melide; e iso cun fin, que é o de recuperar un goberno local que as urnas lle quitaron.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Dende logo, gustaríame que retirase vostede o de «ameazas», señor presidente, porque me parece un pouco forte falar de ameazas e, encima, que meta por medio o equipo xurídico da Xunta de Galicia. Están vostedes moi desesperados, demasiado desesperados.

Dígolle. O proxecto prevén pontes e pasarelas sobre o río, pero non se teñen en conta os seus posibles impactos ambientais e afeccións. Por outro lado, utilízanse elementos artificiais que afectan a conservación dos hábitats e así ata dez puntos —un sobre outro—, co cal nada ten que ver ese proxecto con outros proxectos. E son informes de carácter técnico.

Imos alá e voulle dicir como actúa o seu equipo, máis que nada para que non volva vostede facer o ridículo. A calidade das augas da praia fluvial do río Furelos é insuficiente; *(A señora conselleira mostra un documento ao resto da Cámara.)* é insuficiente a pesar de que teñen un proxecto: o acondicionamento e a mellora da conectividade da praia fluvial do río Furelos de Melide, feito pola Consellería de Infraestruturas, con data do 24 de xaneiro do ano 2022. Aquí está o proxecto. *(A señora conselleira mostra un documento ao resto da Cámara.)* ¿Sabe vostede o que fixeron? Metelo nun caixón e non executalo. Vostedes si que condenan o concello de Melide, que un verán máis non vai ter praia fluvial. Dígolle que mentres fun alcaldesa deron ben sempre as augas. ¿Sabe por que? Porque me levantaba pola mañá e ía traballar, non ía de compras *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e non ía tomar o café. E agora é insuficiente a pesar de que teñen vostedes un proxecto con todos os permisos. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Canto ao seguinte. Seguimos co polígono industrial. Teñen vostedes outro proxecto que foi enviado o 28 de decembro do ano 2020, *(Murmurios.)* que é o proxecto de conexión das augas fecais do polígono industrial da Madanela co saneamento de Melide. Ano 2020. ¿Sabe que fixeron vostedes? Absolutamente nada. Pero é certo que pediron financiamento. *(A señora conselleira mostra un documento ao resto da Cámara.)* ¿Quere que lle pase a carta? Achégolla aí. Con data de 9 de febreiro do ano 2021, esta conselleira dirixiuse ao alcalde, que supoño que o tenente de alcalde falaría co alcalde, que era un do BNG que agora é un independente. Bueno, esas cousas que acontecen. Nesa carta nós dixemos que «o financiamento destas obras se instrumenta a través da sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Melide, a Deputación da Coruña e a Consellería de Medio Ambiente». Douscentos cincuenta, douscentos cincuenta, *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.) (Protestas do señor Seco García.)* señor Martín Seco... Ridículo total... Non lle interesa a vostede...

O señor PRESIDENTE: Señor Seco, señor Seco, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ¿Sabe o que ocorre? Ocorre que dende o ano 2021 o Concello de Melide perdeu cada ano 250.000 euros e aínda non se fixo absolutamente nada. Así é como actúa o PSOE. *(Murmurios.)* Non se pode estar catro anos sen facer nada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e vir aquí intentando culpar a conselleira e... *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento da normativa medioambiental vixente e os dereitos da veciñanza da zona da fábrica Tableros Hispanos S.L.U., en Nadela, Lugo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Antes de máis, quixera saudar as veciñas e os veciños do Vilar, que nos acompañan hoxe no Parlamento, e darlles a benvida a todas e a todos.

Javier, Julio, Pilar, Beatriz e Concepción, que son algunhas das persoas que están na tribuna de convidadas, son persoas que viven a escasos metros da fábrica que Tableros Hispanos, a antiga Tablicia, ten en Nadela, nas aforas da cidade de Lugo.

Eu non sei se vostede estivo alí algunha vez, señora conselleira, pero a xente que vive na cidade ou que foi algunha vez a Nadela por algunha razón sabe que o fume da fábrica é algo bastante habitual e tamén molesto. Iso se vas por alí un día, pero se tes que vivir alí todos os días é algo bastante insoportable, que, ademais, afecta a túa saúde. Por esa razón, a Asociación Veciñal do Vilar leva anos pedíndolle á empresa directamente, pero tamén á Administración, que adopten as medidas que sexan necesarias para garantir algo que é básico, e que —eu creo— é bastante fácil de entender: poder vivir na túa casa sen que che piquen os ollos ou a gorxa polo fume; poder en definitiva respirar.

Hoxe, ademais de preguntarlles que están facendo desde a Xunta de Galiza para velar polos dereitos da veciñanza e para garantir que a empresa cumpra escrupulosamente co que exixe a normativa vixente, queremos dende o BNG facerlle tres propostas.

A primeira proposta é que reciba a xente do Vilar. Teñen aquí —insisto— algunhas persoas que están encantadas —estou segura— de poder falar directamente con vostedes. As veciñas e os veciños levan anos pedíndolle á Xunta que faga medicións da calidade do aire na propia fábrica. Hoxe, os datos que o Goberno galego obtén directamente son a través dunha estación que MeteoGalicia ten instalada na avenida de Fingoi, no barrio de Fingoi. Eu vivo alí, practicamente ao lado desa estación de Meteogalicia, e hai un pequeno problema: está a oito quilómetros da fábrica de Tableros Hispanos. Eu dou fe, como veciña, que en Fingoi problemas non temos; os problemas están ao pé da fábrica. Esa é a segunda proposta que queremos facerlles, isto é, que instalen, dunha vez, unha estación permanente de medición que valore a calidade do aire alí, no Vilar. Prometéronllello ás veciñas e aos veciños hai nove meses e ata o momento por alí non se moveu nada. A terceira proposta é que fagan cumprir a lei —eu creo que é fácil de entender tamén— e que se exixa ás empresas —a todas; a calquera das que hai instaladas en Galiza—, pero nomeadamente a esta de Tableros Hispanos, que adop-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ten as medidas tecnolóxicas que sexan necesarias para reducir o impacto ambiental e na calidade de vida dos veciños e das veciñas, que están vinculados a súa produción, porque non é a calidade da auga o único problema que hai que corrixir alí.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas.

Señora Rodil, a Xunta de Galicia ten obrigacións que intenta cumprir, ao igual que teñen obrigacións os concellos. Iso non quere dicir que nós desbotemos as nosas, en absoluto; simplemente digo que é bo que actúen as dúas administracións.

Como noutro tipo de industrias, e nesta en concreto, realizamos controis de actividade. Eses controis facémolos porque é unha empresa que está sometida ao IPCC, e, polo tanto, hai que velar polo cumprimento do mesmo.

A empresa conta con autorización ambiental integrada dende o ano 2016. Esta foi renovada no ano 2019, cun compromiso da empresa para implantar as mellores técnicas dispoñibles e, polo tanto, para contribuír para que os veciños teñan unha mellor situación na contorna. Nesta autorización ambiental integrada están recollidos todos os focos de emisión cara á atmosfera, e tamén se establecen os límites de emisión, así como o período no cal teñen que facer as medicións correspondentes. Na revisión que se fixo da autorización ambiental, que foi previa ás denuncias da veciñanza de Nadela, indicábase á empresa a necesidade de controis continuos na calidade do aire. Estamos cumprindo e estamos controlando, se ben é certo que hai prazos que están preestablecidos e eles teñen un prazo ata finais deste ano para instalar, eles mesmos, unha estación de control do aire —despois, ese control faino directamente a Xunta de Galicia—.

Constan queixas dos veciños sobre ruídos e, máis recentemente, tamén sobre emisións. Estanse tomando medidas e esas medidas tamén se están traducindo en sancións. De feito, esta empresa ten tres sancións: unha por ruídos, outra por acopios de madeira fóra de lugar e outra por un punto de vertedura; esas son as sancións que temos agora neste momento coa empresa.

Pero imos máis alá, e temos que falar da calidade do aire. Estanse facendo medicións periódicas das partículas. Impúxose á empresa a obriga de instalar e manter unha estación de control de calidade do aire. Esta estación ten que transmitir datos en tempo real. Eses datos, ademais, ao igual que o resto das instalacións que temos en Galicia, son datos que teñen que ser públicos. Teñen ata finais de ano para poñer esta instalación de calidade do aire, pero mentres estámolos obrigando a facer medicións e a enviar ese control a través dun sistema de modelización. Polo tanto, eu quero lanzarlles unha mensaxe de tranquilidade, porque estamos actuando ao respecto. Por suposto, pediremos ao Concello que tamén actúe...,

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...porque é unha actividade... Pero que saiban que estamos vixiantes... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Réplica, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas, presidente.

Señora conselleira, eu creo que paciencia tiveron abonda porque levan anos —desde 2017, 2018, 2019—, desde que se recuperou a actividade de produción na antiga Tablicia, denunciando esa situación. Entón, ¡claro!, eu non sei eles, pero eu a sensación que levo é que aínda queda o que resta de ano, ata finais de 2023, esperando a que a fábrica —que xa ve que ten unha ansia por facer as medicións todos os días que non pode con ela— obteña esas medicións en tempo real, esperando por que se instale esa estación de medición.

Nós temos aquí os resultados —vostede tamén os ten, porque son dun informe da Xunta de Galiza— *(A señora Rodil Fernández mostra un documento ao resto da Cámara.)* do que vostedes fixeron, que foron unhas tomas de mostras aleatorias nuns meses determinados. É dicir, veremos, seguramente, se isto se confirma ou se agrava con esas mostras que se tomen de maneira diaria, pero cos resultados que temos —que son unha estimación da Dirección Xeral da súa consellería—, o que sabemos é que o límite diario establecido pola lexislación española, que son 50 microgramos por metro cúbico, alí ao pé da fábrica, no Vilar, o que se está recollendo hoxe, coas medicións que ten directamente a Xunta de Galiza, son corenta e cinco microgramos. É dicir, duplica, máis que duplica, o que recomenda a Organización Mundial da Saúde, que —como vostede sabe—, para esas partículas PM10 —as máis contaminantes de todas—, o límite está en vinte microgramos por metro cúbico. Insisto en que Nadela, segundo os datos que ten a Xunta de Galicia, está en corenta e cinco, que é practicamente superar o límite máximo que establece a lexislación española.

Eu insístolle no que dicía. En primeiro lugar, celeridade, porque, efectivamente, en Lugo nos alegramos moito cando Tablicia volveu funcionar despois de que pechase pola crise, pero tamén temos claro no BNG —e as veciñas e os veciños do Vilar— que ningunha empresa pode estar por encima da lei; e vostede mesma recoñecía que é unha habitual incumprindo a xestión de residuos perigosos ou das verteduras contaminantes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Celeridade, premura e que poidan vivir nas súas casas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas.

Tal e como lle indiquei, somos coñecedores das queixas dos veciños. Independentemente das queixas dos veciños, a Xunta de Galicia, en empresas que son IPPC, actúa; actúa e, ademais, sanciona, e se ten que tomar medidas máis agravantes, tamén o está a facer.

Eu pídolle, unha vez máis, que ao igual que está actuando a Xunta de Galicia, actúe o Concello; é que o Concello ten obriga de actuar; *(A señora Rodil Fernández nega.)* e non me diga que non, señora Rodil, porque a actividade tamén é do Concello. Nós facemos os nosos controis e sancionamos e eles teñen que facer os seus controis e sancionar. Levamos tres sancións; por suposto, continuaremos pola mesma vía. Estámolos obrigando a que nos envíen os datos. Os datos últimos que temos, que se conseguen a través de analizadores automáticos que detectan substancias como son as PM10 e as PM2,5, son recompilados e aos dez minutos teñen que estar vía telemática na Dirección Xeral. Ben é certo que aínda non está instalada a estación de calidade do aire, pero tamén ben é certo que a lei ampara, de maneira que teñen que ter uns meses determinados para proceder á súa instalación.

O control desa estación vaino facer a Xunta de Galicia. Temos un total de corenta sete estacións en toda Galicia: quince son públicas e trinta e dúas obrigamos as empresas a que as instalen; é o caso desta empresa. Seguiremos avanzando nos distintos estudos, de maneira que estea claro que teña que ser compatible o desarrollo industrial con poder vivir nos arredores desta factoría.

Unha das cousas que temos que trasladar é, por un lado, ese malestar que produce o fume, e, por outro, como ese fume pode influír ou non na saúde. Nese sentido, eu teño que lanzarlles unha mensaxe de tranquilidade. Eu podo avanzar que os estudos realizados ata o momento indican que a situación que se xera na contorna das instalacións é un problema de inmisión. Efectivamente, os fumes quedan xusto na contorna, polo que non son problemas de valores de emisión das caldeiras da factoría; quedan concentrados, pero non están superando os valores. O problema é que hai que instalar, a empresa ten que instalar e dar solución para evitar que o penacho dos fumes se concentre nos arredores da planta porque iso si que provoca un malestar aos veciños e ás veciñas.

Polo tanto, estamos tomando medidas, estamos actuando en todo momento conforme a normativa vixente en materia medioambiental. O que queremos é garantir a seguridade dos veciños e das veciñas da área de influencia da empresa. Despois de poñer as sancións correspondentes, continuaremos na mesma liña... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o tempo.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a posición da Xunta de Galicia diante da nova proba da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, dos criterios de avaliación, do calendario de implantación e da proba de madurez

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Bo día, conselleiro.

Un ano máis, en menos de dous meses, os estudantes galegos de segundo de bacharelato enfrontaranse coa ABAU. Será como a de anos precedentes e a última do seu formato. Pero a seguridade de hoxe e a certezas de hoxe mudarán en confusión, tanto para os alumnos que se atopan cursando na actualidade primeiro de bacharelato, como para as súas familias e como para o profesorado, diante dos cambios que propón o Goberno central para o novo modelo da ABAU.

Despois de perder a conta de cantas propostas distintas se presentaron por parte do Ministerio, de rectificacións e de cambios continuos, o Goberno central segue empeñado en manter dezasete probas diferentes, con distintos niveis de exixencia e fixando distintos criterios de avaliación, en toda España. Cada comunidade autónoma, polo tanto, mantén, conselleiro, unha proba propia con contidos, criterios de corrección e dificultade moi dispar entre unhas e outras.

Por outra parte, para o grupo parlamentario é difícil comprender que, unha vez tomada a decisión de acometer estes cambios, estes non se leven a cabo coas garantías suficientes, sobre todo tendo en conta que o alumnado se xoga parte do seu futuro, e que se obvie un principio tan importante como é a igualdade de oportunidades, baseada no mérito e na capacidade. Dá a sensación de que o Ministerio non sabe moi ben o modelo a seguir ou que teña as ideas claras. Diante desta situación, ben podía escoitar as comunidades autónomas, ben podía escoitar a comunidade educativa ou os coordinadores das probas de acceso á universidade. En fin...

En reiteradas ocasións a Xunta de Galicia estivo facendo achegas ao Ministerio de Educación para mellorar o novo modelo da ABAU, ao entender que era precipitada, subxectiva e que non solucionaba as desigualdades existentes entre alumnos de distintas comunidades autónomas. Galicia leva tempo reclamando unha proba común, un modelo xusto que garanta a igualdade de oportunidades, pero a ministra Alegría descártao, como descarta escoitar as opinións de organismos independentes e referentes, como a Real Academia da Lingua Española, a Rede Española de Filosofía ou os coordinadores do exame de Lingua Castelá e Literatura, moi críticos coa proposta ministerial; como críticas tamén son as universidades públicas españolas, e de xeito unánime, coa implantación do novo modelo de cara ao vindeiro curso, por consideralo apresurado e falto de garantías.

Tendo en conta o exposto, señor conselleiro, ¿cal foi, ou cal está sendo, a posición da Xunta de Galicia diante desta nova proba de ABAU, diante dos criterios de avaliación, do calendario de implantación e da proba de madurez?

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Díaz Mouteira.

Para contestar esta pregunta ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bo día.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A verdade, señora deputada, é que Galicia sempre presumiu e presume de manter a lealdade institucional, pero tamén é certo que non pode estar calada ante un asunto tan complexo, tan preocupante e tan impactante para miles de xoves todos os anos. Témolo manifestado en moitísimas ocasións. O Ministerio está actuando cunha enorme frivolidade nun asunto tremendamente transcendente para miles, para centos de miles de xoves. Efectivamente, xa se perdeu a conta —eu xa perdín a conta— das propostas distintas, dos borradores distintos, dos cambios constantes, diferentes e distintos, que o Ministerio ten efectuado nesta materia. Hai unha constante rectificación, hai cambios continuos, hai unha enorme confusión, hai unhas probas piloto que xeraron moita máis preocupación que certezas. A verdade é que esta confusión está xogando co futuro de miles de xoves e iso é algo que non o di só este partido político, o Partido Popular; dino incluso comunidades autónomas do mesmo partido político que o partido do Goberno, que están pedindo ao Goberno que rectifique, que deixe a frivolidade, que deixe a confusión e que practique ou que desenvolva —mellor dito— unha política seria nun ámbito tan sensible como este.

O que si sabemos, no que non hai ningún tipo de incertezas, son as liñas mestras que plantexa o Ministerio. O Ministerio segue absolutamente empeñado, por unha parte, en reducir os niveis de exixencia nesta proba e, por outra parte, en manter a desigualdade dos mozos e das mozas que participan na mesma. Esta desigualdade mantense, primeiro, non creando unha proba única que posibilite que haxa ou que impida —mellor dito— dezasete camiños diferentes para ir á mesma porta, con criterios diferentes, exames diferentes, sistemas diferentes de avaliación, e que tampouco se fixen, en ningún caso, criterios homoxéneos que poidan fixar uns marcos comúns para avaliar as probas da ABAU.

Estamos ante un constante desleixo neste ámbito, ante unha constante improvisación, ante propostas absolutamente contraditorias; ante unha cerimonia da confusión, onde non se fai ningún caso ás comunidades autónomas que aportan liñas de traballo coherentes, onde non se fai caso ningún a organismos moi significativos do conxunto de España e onde non se fai caso tampouco ás universidades públicas españolas.

A nosa posición é moi clara: nós queremos que haxa unha proba única ou, no seu defecto, un sistema de avaliación homoxéneo, cuns niveis de exixencia similares para evitar a desigualdade e para homologar as probas dentro de cada comunidade. Tampouco vemos que haxa unha lóxica no calendario de implementación, é dicir, non se plantexa en ningún momento un calendario homoxéneo; plantéxanse cambios constantes no mesmo.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E, en definitiva, mantense unha constante cerimonia da confusión e da improvisación nese ámbito. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas.

Conselleiro, a verdade é que o refraneiro español pode describir perfectamente a actitude do Ministerio de Educación da señora Alegría: «Non hai peor xordo que o que non quere oír e peor cego que o que non quere ver». É inútil convencer quen non quere ver ou aquel que non atende a razóns.

Mire, recapitulemos: hai distintas propostas, rectificacións, cambios continuos, confusións, eivas, présas, cambios decepcionantes e sorprendentes que non arranxan as desigualdades; e todo isto —como vostede dicía— froito da improvisación e da imposición dun criterio unilateral por parte do Goberno. ¿Quen diría, señor conselleiro, que estamos a falar da nova proba ABAU? A postura da Xunta de Galicia sempre foi a mesma desde o inicio: unha proba única, con criterios homoxéneos de exixencia e corrección. Da súa resposta, conselleiro, quedou clara a postura diante do Ministerio, que non escoita e que non ten en conta as achegas construtivas que, dende a Consellería que vostede representa, lle fixeron chegar. ¿Que busca, entón, o Ministerio? Pois, quizais, cambiar todo para que todo siga igual ou, se cabe, peor.

Señor conselleiro, despois de abandonar, xa hai meses, o grupo de traballo para a elaboración da nova ABAU, ¿cales foron as razóns que levaron a tomar a decisión de que Galicia non participase na proba piloto que tivo lugar o pasado 14 de marzo? E porque o que preocupa, señor conselleiro, ocupa, e porque hai que estar preparados diante da previsión de que o Ministerio de Educación non rectifique, ¿que vai facer a Consellería? Non nos cabe a menor dúbida de que estará a carón da comunidade educativa. ¿Estanse a buscar opinións de expertos para a análise dos diferentes exames e resultados desa proba piloto? ¿Estase deseñando algún tipo de formación que axude a comunidade educativa na transición cara á nova ABAU?

Máis nada e moitas grazas, conselleiro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Díaz Mouteira.

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): A verdade, señora deputada, é que Galicia abandonou, xunto con outras comunidades autónomas, un grupo de traballo impulsado e dirixido polo Ministerio, por certo, por iniciativa dos propios técnicos que estaban nese grupo de traballo porque se sentiron absolutamente ninguneados, enganados, e vían que era todo unha trampa. Non só o fixeron comunidades autónomas do PP; fixérono comunidades autónomas como, por exemplo, o País Vasco, ou outra comunidade autónoma, que é, curiosamente, a comunidade autónoma da ministra do Partido Socialista, Aragón, co cal, non se pode dicir que había unha actitude partidista, pois se a propia comunidade autónoma da cal a propia ministra é residente, é lóxico ver que non había ningún interese partidista.

A verdade é que as probas piloto de estudo que se fixeron, máis que tranquilizar, preocupáronnos aínda máis. Fixéronse á metade de marzo e —como xa dixen— non participaron as comunidades autónomas do Partido Popular, non participou Aragón e non participou o País

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vasco, entre outras. A verdade é que a preocupación se incrementou, e por varios motivos, porque se fala e se puxo sempre a relevancia en que era unha proba competencial. ¡Mentira! Os exames, unha vez avaliados, non responden ao que debe ser ou ao que se entende por unha proba competencial. Non hai criterios para deseñar unha proba competencial tal como esta estaba plantexada, e se, ademais, se suma a isto que os criterios de avaliación eran absolutamente subxectivos e non había uns criterios homoxéneos para poder ter unha estandarización da avaliación, estamos falando de que non só non se corrixen as diferenzas, as desigualdades de base desta proba, senón que se incrementan cunha proba que se di competencial, que non é competencial, e que carece de criterios para ter unha avaliación homoxénea. E isto non é un tema nada menor porque afecta miles de xoves, moitos dos cales non poden entrar na carreira desexada porque noutras comunidades autónomas con outro réximes de exixencia ou outros modelos de exames poden ter notas superiores. Iso pode obrigar moitos xoves a verse frustrados por non poder optar pola carreira que desexan, por décimas en moitas ocasións, e por ter que marchar en moitos casos de Galicia.

Ademais, vemos que esta improvisación se incrementa co ímpeto en falar dunha proba competencial. Non é unha proba competencial; está mal feita nas probas piloto e o Ministerio pode rectificar sen dúbida. Pero o que vai facer a Xunta de Galicia e o que quere facer a Xunta de Galicia ante esta situación é formar os nosos profesionais porque, no caso hipotético de que isto se chegue a implementar —que eu creo que non vai chegar a implementarse de xeito definitivo porque estou seguro de que ou van cambiar o propio modelo ou van perder as eleccións, e non se implementará esta proba—, no caso hipotético de que se faga, estamos formando xa os nosos profesionais, para que poidan, primeiro, facer fronte a unha proba realmente competencial, e, segundo, ter criterios de avaliación obxectivos que non incrementen a subxectividade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e que non incrementen a desigualdade entre os xoves que participan nesta proba.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Bueno, continuamos.

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura do Goberno galego en relación coas declaracións da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade a un medio radiofónico respecto do Goberno do Estado

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, hai unhas semanas sorprendíanos vostede nunha entrevista radiofónica na Cadena SER, na que afirmaba que a coalición de PSOE e Unidas Podemos, que goberna no

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estado, é peor para a igualdade que os pactos con Vox. Sorprendíanos nunhas declaracións nas que, á súa vez, ademais, eludía valorar o pacto de goberno que o Partido Popular mantén con esa forza da ultradereita en Castela e León e que está a supoñer —e vostede sábeo ben— un grave retroceso nas políticas de igualdade nese territorio. Falamos dun partido ultradereitista que eliminaría mesmo o posto que vostede ten agora mesmo, que nega a violencia machista —cuxa denominación quere cambiar a violencia intrafamiliar—, porque din textualmente «*vamos a tratar a todas las vítimas por igual, sean hombres o mujeres*», que afirma que a lexislación fomenta as denuncias falsas, ata o punto de que din que «*hai mujeres desalmadas que se aprovechan de la ley, y se quedan con la custodia de los hijos*», que asegura que a violencia non ten xénero ou que as mulleres vítimas da violencia son unhas privilexiadas. Señora conselleira, ¿ratifica hoxe as súas verbas?

Nesa entrevista tamén daba a entender que o incremento de comportamentos machistas entre a mocidade era, cito textualmente —e aquí vén algo moi preocupante—, «responsabilidade da fragmentación que se produce na sociedade por culpa das confrontacións entre os dous partidos políticos que conforman o Goberno do Estado». Lamentables e irresponsables declaracións, porque a cuestión, señora Lorenzana, é que vostede non é calquera persoa pública; é a máxima representante e responsable en materia de igualdade do noso país; a máxima responsable xa non só de aplicar políticas para loitar contra a violencia machista, senón tamén de saber percibir as súas causas e atopar solucións, e escoitar de maneira reiterada durante esa entrevista, na que, ademais, o propio xornalista —na miña opinión, algo perplexo, e teño que confesar que tamén eu o estaba cando a escoitaba porque a teño a vostede por unha persoa realmente cabal e razoable— non cesaba de darlle oportunidades para que aclarase as súas palabras, pero vostede seguía insistindo nesta idea, sen achegar absolutamente nin unha soa solución ao incremento da violencia ao que estamos asistindo —tamén aquí en Galicia—, con especial énfase na violencia sexual.

Entenderá, entón, que no Grupo Socialista nos preocupe que, neste contexto, a máxima responsable en políticas de igualdade do país non sexa quen de facer unha valoración da realidade á altura do que a situación merece. No canto diso, quen debera levar propostas para mellorar o preocupante escenario que vivimos, reproduce a peor argumentación do Partido Popular. Así que, por iso, diante destas lamentables declaracións que unicamente obedecen a unha clara intención electoral de branquear futuros pactos do PP con Vox —xa o dixo tamén o señor Feijóo moi recentemente— co terrible que isto sería para nós as mulleres, queremos darlle hoxe aquí unha oportunidade para que rectifique, adopte unha postura responsable e se poña do lado das mulleres. Por iso reiteramos a pregunta: queremos saber se vostede se reafirma no dito nesa entrevista de radio.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día.

Señora Díaz, si que me reafirmo. A división que está sucedendo no feminismo está dando ás ao machismo. E non ensino eu nada nin dei a entender nada; creo que o dixen con rotundidade. A fragmentación e os intentos políticos que están sucedendo para patrimonializar as políticas de igualdade están xerando un auténtico desafecto na sociedade e, ademais, manifestei con claridade que a miña maior preocupación era o desafecto que se estaba xerando na xente máis nova.

Eu creo que a miña opinión sempre a dixen clara. Todo o que non sexa avanzar cara a un consenso en unidade significará ir cara a atrás en todos os avances que se levan feito na igualdade. Eu non falei sobre ciencia ficción na entrevista, falei sobre a realidade dos gobernos que agora mesmo existen: un Goberno en Madrid, cunha coalición PSOE e Podemos, e os gobernos do Partido Popular que existen e as políticas reais que se están realizando. Falei sobre iso, non falei sobre idearios de ningún tipo; falei sobre —pode repasar a entrevista— a realidade dos gobernos que existen.

E sobre a realidade dos gobernos que existen, eu creo que en Galicia estamos, grazas á coalición, ao entendemento e aos pactos que se levan feito no Parlamento, fóra deses discursos radicais. Pero agora o que vostede está facendo aquí é trasladar dalgún xeito eses enfrontamentos da coalición que existen en Madrid a unha especie de enfrontamentos de bloques ideolóxicos que aquí non existen; creo que aquí, dende logo, avanzamos en consenso, avanzamos en unidade.

E o que dixen eu, téñeno dito outras socialistas. Por exemplo, Carmen Calvo falou no mesmo medio que eu falei e falou moitas veces, por exemplo, sobre a lei do só si é si; e falou criticando a coalición e os atrasos que se estaban producindo no feminismo. Entón, entendo que cando fala unha socialista é válido, pero cando fala unha persoa, unha conselleira do Partido Popular entón non se entende e parece que teño unha responsabilidade. Teño responsabilidade no que estou dicindo, que é incrible que vostede teña dúbidas sobre este asunto.

Mire, o impacto nas nosas vidas das decisións en materia de igualdade que tomou o Goberno de España é incalculable e non ten competencia con ningún outro goberno nin central, nin autonómico, nin local: oitocentas reducións de condena. ¿Vostede cre que podemos competir con iso dalgún xeito? Claro que é o peor goberno en materia de igualdade, sen lugar a ningunha dúbida.

Eu quixera que me dixese aquí, no turno de réplica, ¿que retrocesos concretos —porque eu podería falarlle de moitos— existiron nos gobernos onde está o Partido Popular en materia de igualdade? ¿Cales? Eu non lle estou falando de ciencia ficción, estoulle falando da realidade. Dígame, en Galicia, dígame, a nivel estatal, dígame, en comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular, ¿cales son eses retrocesos concretos? E dígame se teñen competencia con esas oitocentas reducións de condena. Se realmente vostedes que están competindo... *(A señora Lorenzana Somoza pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Terminou o tempo.

Réplica, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Conselleira, voullas dicir.

En primeiro lugar, xa lamentamos que se ratifique no dito, porque non é a coalición do Goberno do Estado a que é nociva para as mulleres, é a realidade dos gobernos do Partido Popular, é a coalición que teñen vostedes con Vox en Castela e León. *(Aplausos.)* ¡Vamos!, é que non supón un retroceso... Por favor, señora conselleira, algo de seriedade. Fale vostede desa cuestión. Estaban a piques de obrigar as mulleres a que escoitasen o latido fetal dos seus fetos antes de ir a unha clínica abortar, que é o seu dereito. *(Aplausos.)* ¿De que me está falando, señora conselleira? Eliminaron partidas para as mulleres rurais, eliminaron partidas para contratar axentes de igualdade en concellos pequenos etcétera. ¿De que retrocesos me está vostede falando, señora? ¿En que mundo paralelo está vivindo vostede? É moi preocupante a súa declaración de hoxe.

Ese é o feminismo do PP; aquí está o feminismo do PP, do PP, do PPdeG tamén, do Partido Popular de Galicia; ese é o feminismo. Agora si que estamos máis preocupados aínda, se cabe, despois de escoitala nunha deriva delirante do PP de Galicia cara ao branqueamento da extrema dereita. Esa postura que agora teñen, que tampouco sabemos agora que pensan dos ventres de alugueiro.

Mire, nós facemos esta pregunta, efectivamente, porque non parecen ser vostedes quen de desenvolver nin de explicar tampouco políticas realmente eficaces para loitar contra a violencia, e por iso se agochan detrás destas soflamas e destas argumentacións electorais. Teño que lembrarlle aquí que este Goberno, tan deostado por vostedes, o que fixo en tres anos foi aprobar a Lei de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia machista, a modificación da lei do aborto —por certo, votaron en contra—, a Lei de liberdade sexual —si, a Lei de liberdade sexual, unha boa lei, con efectos non indesexados, efectivamente; estámolo corrixindo—, *(Murmurios.)* unha suba histórica das pensións do 8,5 por cento...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora DÍAZ VARELA: ...e dun 15 por cento nas non contributivas, que, como saberá, repercute maioritariamente nas mulleres —por certo, vostedes votaron en contra, tamén dos decretos de igualdade retributiva—, *(Murmurios.)* a rebaixa do IVE aos produtos de hixiene femenina, a equiparación dos permisos de maternidade e paternidade, un plan de apoio ás familias con menores de 14 anos.

Todo isto fixemos e moito máis, pero non dá tempo, non dá tempo, e tampouco estivo aquí para construír un relato que vostede coñece. Así que rogámoslle que a próxima vez mida mellor as súas palabras, para que as mulleres e o feminismo entendamos que este Goberno galego está do lado das mulleres e comecen xa a traballar, de verdade, para erradicar a violencia contra as mulleres.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Murmurios.)*

Peche da pregunta, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Señora Díaz, mire, eu non sei se vostede veu hoxe aquí falar de ciencia ficción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Eu veño falar dos gobernos do Partido Popular que están gobernando e do Goberno que está gobernando en Moncloa: PSOE e Podemos. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Díaz.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Eu veño falar de feitos obxectivos, non de ciencia ficción. Entón, non viva vostede de ciencia ficción. A realidade é que os gobernos do Partido Popular, o Goberno de Rajoy, Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Goberno de Galicia, PP. Dígame vostede —díxenllo antes— unha soa medida que supón ir cara a atrás no feminismo. É que non a pode dicir e non a pode concretar, porque está falando de ciencia ficción, *(Aplausos.)* está falando de ciencia ficción.

Non me fale, non me fale... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cando queira, falamos de campañas e, se queren, pódenme explicar con que se está financiando algunha das campañas que están saíndo do Ministerio de Igualdade. Entón, bastante prudente estou sendo co que lle estou contestando.

Mire, eu estoulle falando de feitos obxectivos: 800 condenas revisadas. Iso é o que non ten competencia. E que eu afirme, como responsable en materia de igualdade, que non ten competencia este goberno con calquera outro é baseado en feitos obxectivos, non en cuestións ideolóxicas nin en idearios; non, non, na realidade de quen está gobernando, porque é moi sinxelo. Un partido político, cando non goberna... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, eu estoulle dicindo, con responsabilidades, que me diga unha soa medida onde o Partido Popular, un goberno do Partido Popular ten... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, esas medidas non están aplicadas. Eu estoulles falando de 800 delincuentes na rúa, cuantificados polos tribunais. Vostede estame falando dunha serie de idearios que non chegaron en ningún momento... *(Murmurios.)*

Ben, en calquera caso, eu creo que tampouco perdo obxectividade se lle digo que cando chegou este goberno había unha unidade no feminismo, unidade que agora mesmo está absolutamente fragmentada dende que chegou esta coalición. Porque creo que é obxectivo e que non

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é unha percepción miña como conselleira que o feminismo a día de hoxe está fragmentado, e estano dicindo as propias socialistas. E a realidade é que o que si creo que é unha desgraza é que o Partido Socialista en Galicia se está aliñando como o Partido Socialista máis radical da historia da democracia e que está vendéndose absolutamente á coalición de Unidas Podemos. E esa é a realidade. Advertíuselle durante moitas veces e eu falei moitas veces de que o problema non estaba no erro da lei, que o problema estaba en non recoñecelo; e non souberon recoñecelo. Iso é así, e aliáronse con Unidas Podemos. Isto é unha realidade. É a reacción dun goberno ante unha xestión real, directa, en toda España. Non son medidas nin ciencia ficción.

Ben, a min de verdade que me parece unha pena. Eu espero volver atopar os consensos que creo que sempre se atoparon aquí e fuxir desa radicalidade que sinceramente non entendo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* sinceramente non entendo. Eu respondín á pregunta dun periodista e si creo que o peor Goberno de España...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. *(A señora conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Lorenzana Somoza, pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os acordos acadados na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organización sindicais e a Consellería de Sanidade sobre o ámbito da atención primaria

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Conselleiro, creo que a maioría da sociedade galega coincide á hora de considerar a atención primaria como un piar fundamental da sanidade pública, pola súa condición de nivel asistencial máis próximo ao cidadán. Sabemos que vostede comparte esa opinión e que por iso a atención primaria hai moito tempo que se converteu nunha prioridade para o Goberno galego, que está a desenvolver unha planificación ordenada e eficaz dos seus recursos.

Así o demostra a elaboración do Plan galego de atención primaria 2019-2021 ou a do documento «Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde», realizado por profesionais sanitarios de atención primaria, que puxeron o mellor do seu coñecemento e da súa experiencia profesional á disposición da sanidade pública, para establecer un diagnóstico das dificultades que sofre a atención primaria e para elaborar tamén unha folla de ruta clara que permita superar esas dificultades.

Seguindo esa folla de ruta, o Goberno galego vén implementando medidas concretas encamiñadas ao reforzamento da atención primaria, medidas que foron adoptadas en diálogo permanente cos profesionais da sanidade pública.

Exemplos desa vontade de diálogo non faltan. Xuño de 2022: a Xunta acada un acordo unánime na Mesa Sectorial da Sanidade para dez medidas de mellora no ámbito da atención

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

primaria. 3 de marzo de 2023: a Xunta acorda, por unanimidade, coas organizacións sindicais da Mesa Sectorial o primeiro Manual de cobertura de ausencias en centros de saúde de atención primaria. Ou tamén o acordo, do 31 de marzo de 2023, que motiva a presentación desta pregunta que lle estou a facer: o Sergas acada un novo acordo no ámbito do Plan de ordenación da atención primaria.

Un acordo, este último, alcanzado na Mesa Sectorial da Sanidade cos principais sindicatos que compoñen o dito órgano e que introduce melloras nas condicións laborais e organizativas no ámbito da atención primaria; un acordo que segue a liña de diálogo marcada dende a Consellería de Sanidade e que se engade a outros moitos anteriores, como o que posibilitou o desenvolvemento da carreira profesional ou o que permitiu abrir o proceso de estabilización de máis de cinco mil prazas que actualmente se está levando a cabo.

Debemos lamentar que, a diferenza dalgún dos anteriores, este último acordo non contase co apoio unánime da representación sindical, pola negativa da CIG a subscribir o mesmo. Tamén é certo que as razóns desa negativa resultan sorprendentes. O sindicato de cabeceira do BNG considera que o acordo é positivo, pero non o subscribe porque «non quere dar por solucionados os problemas da atención primaria». Certamente curioso. O acordo soluciona problemas pero non están dispostos a admitir que se solucionan problemas. Nós, a diferenza dos nacionalistas, cremos que a maioría dos galegos si están interesados en que se coñezan os avances que se producen…

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: …na sanidade pública.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos, grazas.

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Agradezo ao señor Pazos esta pregunta, ademais no Día Internacional da Atención Primaria.

O acordo que se asinou ese 31 de marzo entre a Xunta e a maioría das asociacións sindicais é unha demostración de que este goberno cumpre. E faino en dous sentidos.

Por unha banda, cumpre co que anuncia. O pasado mes de febreiro o presidente da Xunta fixo nesta cámara dous anuncios. Un, que ofreceriamos contratos de tres anos para todos os residentes de medicina comunitaria que remataran a súa formación. E, dous, que teriamos un modelo de axendas en atención primaria con consultas de dez minutos e a posibilidade

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de prolongar a xornada a quen excedera estes límites. Esas dúas medidas xa son efectivas, asinadas polo puño e letra dos representantes da Xunta e das organizacións sindicais.

E no segundo sentido no que cumprimos é co compromiso do noso xeito de facer as cousas. Nesa mesma resposta o presidente dixo que esas medidas se someterían a negociación sindical. Porque este goberno ten o compromiso cos representantes dos traballadores da sanidade pública de que as grandes reformas se farán sempre buscando acadar o máximo consenso con eles.

Non é a primeira vez que o facemos. Aprobamos por unanimidade sindical a incorporación ao sistema de carreira profesional do persoal temporal. Pactamos por unanimidade o Plan de igualdade do Sergas, con todas as medidas derivadas, algunhas delas comentadas o pasado mes nesta cámara. Acordamos tamén os baremos deses procesos selectivos, aos que vostede facía referencia, de consolidación, que van permitir convocar máis de cinco mil prazas fixas neste mesmo mes de xaneiro. Ou, no verán pasado, conseguimos esa unidade sindical para introducir melloras retributivas para o persoal de primaria que tivese que prolongar a xornada para atender pacientes dun compañeiro ausente.

E, con ese mesmo espírito, negociamos as medidas avanzadas polo presidente coas organizacións sindicais e acadamos un novo acordo, case unánime, como vostede ben dicía, porque unha organización no último momento decidiu non apoiala, por outras consideracións, sobre o contido do acordo.

O contido dese acordo establece que eses contratos estables de tres anos non só se ofertarán aos residentes de medicina familiar e comunitaria, senón tamén aos pediatras para exercer a atención en atención primaria. Ou que os médicos de familia que vexan superado de xeito sistemático o número de consultas en xornada ordinaria van poder optar a unha xornada de autoprolongación voluntaria e remunerada de dúas horas diarias.

E máis alá deses compromisos, tamén hai acordos tomados a proposta das organizacións sindicais. Neste caso, aumentar o persoal de enfermería para conseguir o ratio 1-1. Ou incentivos ao persoal que está en quenda de tarde ou desprazable. Ou tamén reforzar a estrutura directiva de atención primaria. É dicir, medidas que van ter un impacto directo no persoal e tamén na cidadanía que é atendida por este nivel. Moitas tomadas por consenso e tomando en consideración alegacións de todas as agrupacións sindicais, tamén das que non asinaron o acordo e non están na Mesa.

Con este espírito de diálogo e de respecto e de representación do noso persoal queremos seguir avanzando.

Máis nada polo de agora.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas.

Señor conselleiro, eu quero agradecerlle que viñera hoxe a debullar as consecuencias dese acordo que a súa consellería alcanzou coa maioría da representación sindical, unha noticia que debera supoñer un dobre motivo de satisfacción para calquera que estea realmente interesado na mellora da sanidade pública en xeral e da atención primaria en particular.

Satisfacción, en primeiro lugar, pola existencia dun clima de entendemento que se ten amosado útil para alcanzar acordos importantes, e tamén satisfacción polo propio contido do acordo, que supón unha mellora das condicións laborais do persoal sanitario e que, sen dúbida, vai redundar nunha mellor atención aos pacientes da atención primaria.

Pero a realidade, señor conselleiro, é que esta satisfacción non é compartida por todo o mundo. Por exemplo, non é compartida polos grupos da oposición, que ven como unha vez máis os feitos desmenten ese mantra tan repetido da suposta falta de diálogo da consellería. Pero tampouco están contentas algunhas organizacións sindicais, que dende unha representación claramente minoritaria —15 delegados sindicais do total de 287 que se elixen— pretenden impoñer plantexamentos maximalistas que están claramente alonxados do consenso xeral.

Se un fose mal pensado —que non quero ser—, podería chegar a sospeitar que a proximidade das eleccións municipais e a proximidade das eleccións sindicais tivera algo que ver cos posicionamentos respectivos dos grupos políticos da oposición e dalgún sindicato.

Dende logo, para nós, despois dos avances que xa se teñen producido e coa vontade amosada pola consellería para seguir negociando, non resulta sinxelo entender cal é a xustificación dunha folga que, polo seu escaso seguimento —o 14 por cento dicían onte—, tampouco semella que fora entendida polos propios profesionais da sanidade. Pero a realidade é que a día de hoxe está en marcha unha folga que reivindica que se continúe a negociar o que xa se estaba negociando.

Señor conselleiro, realmente resulta necesaria unha... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, señoría.

Efectivamente, boa parte das reivindicacións que se formulan nesta folga, que convoca unha organización sindical, como vostede ben dicía, xa están incluídas neses acordos aos que facía referencia na primeira parte.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós respectamos, por suposto, todas as organizacións sindicais, teñan unha maior ou menor representación, e, de feito, témonos reunido con esta organización sindical ata oito veces, tres no último mes. Non nos importou o número de representantes e delegados que ten, porque, como digo, estamos dispostos a escoitar todos os que teñan algo que dicir neste sector. O que non podemos admitir é negociar de xeito exclusivo con esta organización e non co resto dos integrantes da Mesa Sectorial cos que tivemos a cabo ese debate. Por suposto, ofrecémoslle participar neses documentos de acordo e nesas conversas de acordo.

O acordo asinado o 31 de marzo compromete negociar na Mesa Sectorial determinados aspectos no segundo semestre. E faino así, efectivamente, porque hai unhas eleccións sindicais o vindeiro 11 de maio e pareceunos a todos oportuno sentarnos a negociar e discutir esas melloras cos que saian elixidos dese proceso electoral.

Estes asuntos son, entre outros, os seguintes: a negociación da mellora das condicións laborais e retributivas do persoal residente en formación. Negociar unha adaptación das retribucións do persoal de primaria que teña en conta os pacientes que teñen no seu cupo; cambiar, polo tanto, o modelo de retribución, pasar a TIS. Ou a consideración dos días 24 de decembro e 31 de decembro como días de especial significación a nivel retributivo naquelas categorías que non o teñen a día de hoxe.

Eses temas xa foron postos enriba da mesa polas organizacións sindicais, que actualmente están na Mesa Sectorial, e o Sergas aceptou tratar con elas, como digo, neste mesmo ano.

Do mesmo xeito que acordamos cos colexios oficiais de médicos que a partir de xuño negociariamos, tamén, a reforma do complemento específico, despois de ter reformado na primeira parte do ano o concepto da compatibilidade. Faremos unha mesa específica para tratar o modelo que queremos. Esa negociación tamén se vai levar á Mesa sindical, e a este sindicato convocante da folga ofrecémoslle participar nesas conversas independentemente do resultado das eleccións sindicais.

Como digo, estas demandas están encima da mesa, están aceptadas co compromiso de discutilas, pero non só iso, senón tamén a demanda de incentivos ao persoal que é titor no caso da formación; non é que estea comprometida, senón que estes días recibimos do Consello Consultivo o ditame para un proxecto de decreto que lle remitiu a Xunta, que vai publicar nos vindeiros días.

E, finalmente, tamén temos o compromiso público de manter a remuneración das gardas médicas en Galicia na media nacional, que é onde está precisamente agora; Galicia está no posto medio das gardas de todas as comunidades autónomas. Pero, como sabemos que as comunidades autónomas están revisando esas horas de garda, algunhas moi por debaixo de Galicia, o noso compromiso é que Galicia sempre se manteña nesa media. E tamén lle ofrecemos ao sindicato convocante participar nesa mesa para fixar, en función do que avancen outras comunidades autónomas, cal é o nivel retributivo da hora de garda en Galicia.

Polo tanto, todos os precedentes nos avalan nese diálogo, nese consenso, na busca de solucións.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para a cobertura das prazas de pediatría no centro de saúde do concello de Bueu

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Se xa é triste utilizar unha pregunta para facerlle oposición á oposición, utilizala para facerlle oposición á primeira central sindical deste país, non sei como lle podemos chamar. Pero imos ao que nos toca.

En primeiro lugar, quero saudar a representación do Goberno municipal de Bueu e persoas afectadas, igual que tamén a pequena Lola, que sufriu desde o pasado 22 de febreiro unha desatención ou unha mala atención pediátrica no seu centro de saúde.

E é que, como vostede ben sabe, señor conselleiro, no Centro de Saúde de Bueu levan dende o 22 de febreiro sufrindo unha situación complicada coa pediatría, co servizo de pediatría. Tal e como temos defendido dende o BNG sempre, as persoas que precisan ou as doenzas —mellor dito— que precisan atención específica deben contar con profesionais específicos para tratar as súas doenzas. E entendemos que a pediatría é unha desas doenzas específicas que requiren persoal específico.

Polo tanto, entendemos que coa praza a día de hoxe que queda sen cubrir por unha baixa de maternidade, xa que van poucos días que a outra persoa, o outro profesional que estaba de baixa, reincorporouse ao traballo, deben ser as crianzas atendidas por pediatras e non por outro tipo de médicos, porque, como vostede ben sabe —e nós defendemos—, sofren doenzas específicas que requiren de profesionais específicos.

Vendo a planificación, ou a falta de planificación, da Xunta de Galiza neste caso, é un suma e segue de pequenos incidentes puntuais, como seguramente lle chame vostede ou lle chamen outras noutras actuacións ao longo e ancho do noso país, xa que falamos dunha baixa de maternidade, que era ben sabido que se ía producir e se podía ter planificado para que as crianzas de Bueu non pasaran as últimas semanas ou mes e medio cunha atención que se resolveu por parte da Xunta de Galiza con parches, con alongamento de xornadas doutros profesionais non específicos, que están realizando o seu traballo noutros concellos e que veñen dar unhas horas de atención pediátrica á semana a Bueu.

Isto, señor conselleiro, non é garantir unha boa sanidade para os nosos nenos e nenas, para as crianzas de Bueu, xa que precisan eses profesionais específicos. Agora, que se reincorpo-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rou a persoa que estaba de baixa, terá que ser esa persoa, xunto con estes parches que vostedes puxeron, as que se encarguen de dous cupos completos das crianzas de Bueu.

E non entendemos, señor conselleiro, de verdade, esta falta de planificación para non prever esta baixa que sabían que se ía producir e non cubrila, para que as crianzas de Bueu non quedaran sen atención, ou cunha atención por debaixo do que merecen.

Preguntámoslle hoxe, señor conselleiro, cando se vai restituír o servizo completo de pediatría do Centro de Saúde de Bueu.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Ríos, como sabe, o servizo de atención primaria de Bueu está formado polo centro de saúde, que alberga tamén o punto de atención continuada, que presta a atención a toda a súa contorna. O número de tarxetas sanitarias para ese servizo é de 11.492, das que 1.271 corresponden a poboación pediátrica, unha poboación que entre os anos 2013 e 2022 diminuíu en 250 tarxetas, é dicir, un 16 por cento menos.

A pesar diso, o Centro de Saúde de Bueu está dotado con 2 prazas de pediatría, hai 2 pediatras asignados a ese centro de saúde, cun ratio de 604 e 667 tarxetas. Teño que recordarlle que o ratio medio de tarxetas por pediatra é de 960 en Galicia, e aí temos 2 pediatras, con 604 e 667.

Dito isto, evidentemente, poden suceder cuestións como as que sucederon durante algunhas semanas. Eses 2 pediatras atopáronse ausentes por diferentes circunstancias. Non fai falta que me diga o día, porque o mesmo día que faltou o primeiro pediatra, por IT, xa vin a primeira pancarta no concello de Bueu dicindo do desmantelamento da pediatría en Bueu. Polo tanto, a data coñézoa perfectamente.

Afortunadamente, como vostede ben di tamén, unha desas pediatras que se atopaba en situación de IT xa se incorporou, este luns, efectivamente, como vostede ben sabe, e, ben, ten a actividade ordinaria e, polo tanto, atende ao seu cupo. E, como facemos en todos os centros de saúde cando falta un compañeiro, o resto dos compañeiros axudan a atender esa demanda, ben coa figura de intersubstitución ou ben coa figura da prolongación de xornada.

Efectivamente, o primeiro paso que se dá sempre é buscar un substituto. Eu supoño que non lle dou ningunha novidade a vostede nin a ninguén dicindo que non hai pediatras para substitución nas listas de contratación do Sergas; é cero o paro en pediatría. Por moita planifi-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cación que tiveramos desa baixa maternal —da que, por suposto, nos alegramos—, é imposible conseguir un pediatra. O que facemos neses casos é o que facemos sempre, que é recorrer a compañeiros que boten unha man. Pero quero destacar o cupo que teñen estes 2 pediatras: 600, fronte a 960, que é a media en Galicia.

Aínda así, sucedeu que esas dúas semanas non estiveron e tivemos que recorrer ao que recorremos habitualmente: pediatras doutros centros de saúde que van facer prolongación de xornada, pediatras do hospital que van facer tamén prolongación de xornada ou mesmamente médicos de familia para certos nenos e certos pacientes que poden atender. Hai moitos médicos de familia que atenden nenos en Galicia de xeito ordinario e documentado co título de experto en pediatría ou, de xeito extraordinario, asumindo no seu cupo eses nenos.

Polo tanto, non falamos de ningún parche, falamos de algo que facemos actualmente cando se dá unha circunstancia como esta, que 2 pediatras collen unha IT ao mesmo tempo. Pero quero entender que na maior parte dos problemas os nenos —por suposto, respectámolos, ¿como non?, e queremos que estean ben atendidos— non tiveron problemas asistenciais, porque, en caso de que ese día non houbera pediatra, temos outros recursos na contorna ou mesmo na área sanitaria para atender as doenzas, sobre todo as urxencias, que é o máis preocupante.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, dixo vostede algo que me pareceu perigoso, cando menos. ¿Está deixando ver, co que está dicindo, que o que lle pasa ao Centro de Saúde de Bueu é que ten cupo de máis, é que lle sobra o cupo? ¿Está dicindo iso vostede? *(Murmurios.)* ¿Está poñendo en valor que hai dous cupos facendo e que teñen menos ratio, xustificando unha posible eliminación dun cupo? Pregúntolle. Dígoo porque, se non, non entendo o que nos queren dicir. ¿Que estamos mellor atendidos que o resto en Bueu? ¿É o que quere dicir vostede, señor conselleiro?

Non é un parche algo que facemos habitualmente, xa que vostedes habitualmente traballan con parches. Non sei se é un problema semántico ou léxico ou de que, pero é así, unha cousa non quita a outra. Señor conselleiro, non é unha baixa que se produza un día por enfermidade dun día para outro, por un accidente, por unha enfermidade ou por calquera cuestión, que podemos entender perfectamente; é unha baixa por maternidade, que debe ter unha planificación.

E dígolle, de verdade: ¿onde están os pediatras?, ¿onde están as pediatras deste país? Ao mellor algo tamén ten que dicir a iso. Ou, se non, o que podemos facer, señor conselleiro, déi-

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xolle a idea, xa que isto é un ermo e non hai profesionais para atender: que fagan como cando hai unha catástrofe natural en Haití ou noutro lado, que busquen cooperación internacional que brinde médicos, porque é que, se non, non entendo, non entendo, señor conselleiro.

Non hai médicos, pero non facemos nada para que os haxa. E temos a figura da prolongación de xornada, facendo que os profesionais que xa están traballen máis horas, cargándose máis, por unha pequena contía económica. É que se isto non é un parche, señor conselleiro, se isto é non querer poñer solucións enriba da mesa, señor conselleiro, non sei o que é.

E, polo menos, agradezo o recoñecemento a que sexamos útiles dende o BNG, dende o concello de Bueu, que polo menos así vostede coa nosa acción entérase das cousas, no día e na hora. Alégrome de que vostede o vexa así. E seguiremos traballando para que, no día e na hora na que hai estas faltas, vostedes se enteren. Non hai problema.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Ben, señor Ríos, eu non sei que parte non entendeu dos datos que lle dei. O que quixen dicir aquí —e volvo dicir— é que o cupo medio de nenos por pediatra en Galicia é 960, e en Bueu hai 1.200 nenos e temos 2 pediatras; polo tanto, os 2 pediatras que temos en Bueu teñen marxe suficiente para que en caso dunha continxencia, como se dá ás veces, e que dos 2 queda 1, atender de xeito ordinario esa poboación, porque están bastante lonxe da media que teñen os pediatras en Galicia.

Non sei que parte non entendeu disto, pero se vostede quere sacar de aquí un titular de que o Sergas vai quitar un pediatra, é falso, xa llo digo agora; non saque o cartel hoxe mesmo, que xa o estou vendo vir, de que recortes en pediatría en Bueu. Non, non imos quitar ningunha praza de pediatría. (*Aplausos.*)

O que si fixemos nos últimos anos para garantir a atención pediátrica é incorporar 20 pediatras no Plan de atención primaria 2020-2021, incorporamos 8 profesionais de enfermería especialista en pediatría no período 2019-2020, aumentamos as prazas MIR de pediatría; efectivamente, no ano 2018, temos xa 26 e cubrimos o 100 por cento desas prazas. Ademais, co voto a favor, ironicamente, do seu partido, imos convocar 60 prazas de pediatría por concurso de méritos para a atención primaria, insisto —retiro a broma—, co seu voto en contra, coma sempre.

Polo tanto, si que traballamos na planificación, si que queremos que os nenos e nenas de Bueu e de todos os concellos teñan pediatra, pero o que non atopamos nunca é o apoio do BNG. Ao BNG o que lle gusta é levantar o cartel cando falta un pediatra por baixa; está ben;

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teño que dicirlle á Seguridade Social que utilice este sistema para a notificación, que o Bloque levante a pancarta de que falta un médico. Recortes en pediatría o día que a pediatra de Bueu colle a baixa, iso é o que din, e manifestación, por suposto, o domingo seguinte. Claro, este luns acabóuselles o discurso, non sei que van facer a partir de agora ata o 28 de maio, xa hai pediatra; ben, agora dirán: falaremos dos parches.

Mire, chamarlle parche a que un profesional vaia atender a un neno non sei como o podo cualificar. Necesitamos un pediatra que vaia atender aos nenos, collemos un pediatra que está noutro centro de saúde, ou no mesmo centro, e ofrecémoslle traballar pola tarde atendendo voluntariamente, retribuidamente. Ben, vostede pode chamarlle parche, eu podo chamarlle eficiencia, uso dos recursos ou darlle á poboación o que necesita. Iso é o que estamos a facer en pediatría, en atención primaria, nas especialidades.

Outros, mentres tanto, están votando «non» sistematicamente a todo, non vaia ser que a falta de pediatras se resolva e lles quitemos o argumento electoral correspondente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí o pleno. Boa tarde.

Remata a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-oSRkynw9n-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/